



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 134

Sesión plenaria
12 de novembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGfKDsDL8e7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar ante o Congreso dos Deputados, do G.P. Mixto, de modificación da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno (doc. núm. 55694, 10/PPLC-000015)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

Punto 2. Comparecencias

2.1 57863 (10/CPP-000113)

Da Sra. conselleira de Política Social, por petición propia, para informar sobre a situación da atención ás persoas maiores en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019

2.2 55120 (10/CPP-000108)

Da Sra. conselleira de Política Social, por petición dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, para dar conta da situación das residencias de maiores da Xunta de Galicia e explicar os recortes efectuados e a non ampliación dos cadros de persoal que están a incidir negativamente nunha prestación digna e de calidade nos centros de persoas maiores e nos centros de menores da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 528, do 11.09.2019

Punto 3. Mocións

3.1 58119 (10/MOC-000162)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Moción consecuencia da interpelación nº 55463, publicada no BOPG nº 533, do 18.09.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

3.2 58123 (10/MOC-000163)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de socorristas. (Moción consecuencia da Interpelación nº 56972, publicada no BOPG nº 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019



3.3 58144 (10/MOC-000164)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa crise e o cambio climático. (Moción consecuencia da Interpelación nº 56887, publicada no BOPG nº 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

Punto 4. Proposicións non de lei**4.1 37155 (10/PNP-002782)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e once deputados/as máis**

Sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño, a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

4.2 51691 (10/PNP-003873)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019

4.3 52312 (10/PNP-003912)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Consello da Xunta de Galicia do ano 2004 polo que se aproba definitivamente o Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo, así como o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006

Publicación da iniciativa, BOPG nº 508, do 19.07.2019

4.4 55910 (10/PNP-004135)**Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis e dous deputados/as máis**

Sobre a realización polo Goberno galego de auditorías ambientais en toda a Administración pública autonómica, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos, así como a verificación do grao de cumprimento do Regulamento europeo 1221/2009 e da Decisión 2019/61

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

4.5 57302 (10/PNP-004240)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Mos para facilitar a execución do proxecto de construción da Cidade Deportiva do Celta e dun centro comercial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019



4.6 57356 (10/PNP-004246)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva**

Sobre a dotación polo Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para posibilitar a negociación dun plan de estabilidade laboral na mesa sectorial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019

4.7 57689 (10/PNP-004285)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a mellora polo Goberno galego da atención ás emerxencias sanitarias na comarca de Deza coa dotación de Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 22.10.2019

4.8 58006 (10/PNP-004317)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro de longa duración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

4.9 58181 (10/PNP-004335)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e catorce deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa proposta de Estatuto para os Consumidores Electrintesivos elaborada polo Goberno galego, así como as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto. (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 555, do 30.10.2019

Punto 5. Interpelacións**5.1 54440 (10/INT-001817)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

5.2 57774 (10/INT-001972)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019



5.3 57782 (10/INT-001973)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 58401 (10/POPX-000170)****Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis**

Sobre a suficiencia dos recursos destinados polo Goberno galego á loita contra as emerxencias feminista, climática e social de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

6.2 58412 (10/POPX-000171)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incidencia nas políticas que provocan o abandono do medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

6.3 58415 (10/POPX-000172)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Míguez, Gonzalo**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación das súas políticas para as cidades galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 56623 (10/POP-006696)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Goberno galego respecto da apertura dunha casa de apostas e sala de xogos en Redondela, nas proximidades dunha zona escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.2 53504 (10/POP-006304)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis**

Sobre como afecta a modificación do Regulamento da Lei de costas ás empresas e equipamentos situados en dominio público marítimo-terrestre na comunidade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019



7.3 56715 (10/POP-006712)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2013 para o remate da actuación denominada ronda leste de Lugo, treito II: LU-530 - N-VI, prevista no Programa de vías de altas prestacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.4 53144 (10/POP-006242)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a reclamación por parte da Xunta de Galicia a Naturgy do mantemento dos postos de traballo do servizo de atención ao cliente situado no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello ourensán de San Cibrao das Viñas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

7.5 58416 (10/PUP-000275)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Pérez, Moisés e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para acompañar o sector galego da automoción na consolidación do seu crecemento dos últimos anos e dar resposta ao futuro escenario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

7.6 56876 (10/POP-006737)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Romero Fernández, Cristina Isabel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución turística en Galicia ao longo de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.7 58404 (10/PUP-000273)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar os impedimentos á prestación dun servizo de pediatría digno e con garantías ás crianzas de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

7.8 57897 (10/POP-006873)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á garantía da xestión pública do futuro centro de atención ás persoas con diversidade funcional de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019



7.9 58061 (10/POP-006888)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis

Sobre o tipo de medidas sancionadoras implementadas nos últimos anos fronte ás empresas de *catering* que teñan causado algún tipo de intoxicación alimentaria nos centros escolares de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

7.10 58411 (10/PUP-000274)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar novos casos de intoxicación alimentaria semellantes aos acontecidos en diversas gardarías da rede Galiña Azul

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar ante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de modificación da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Villares Naveira (M)*. (Páx. 12.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 16.), *Sr. Lago Peñas (GCE)* (Páx. 19.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 21.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 24.)

Rolda de réplica: *Sr. Villares Naveira (M)*. (Páx. 27.)

Votación do texto lexislativo

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, para presentar ante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de modificación da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno: *rexeitada por 13 votos a favor 35 en contra e 19 abstencións*. (Páx. 29.)

O señor presidente comunica a acumulación das seguintes comparecencias para o seu debate conxunto. (Páx. 29.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social, por petición propia, para informar sobre a situación da atención ás persoas maiores en Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social, por petición dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, para dar conta da situación das residencias de maiores da Xunta de Galicia e explicar os recortes efectuados e a non ampliación dos cadros de persoal que están a incidir negativamente nunha prestación digna e de calidade nos centros de persoas maiores e nos centros de menores da Xunta de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 30.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Vázquez Veroa (M)* (Páx. 35.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 38.), *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)* (Páx. 41.), *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 44.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 47.)
Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 50.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 52.) *Nesta rolda interveñen a señora Vázquez Veroa (M)* (Páx. 52.), *a señora Prado Cores (BNG)* (Páx. 54.), *a señora Quinteiro Araújo (GCE)* (Páx. 56.), *a señora Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 58.), *a señora Rodríguez Arias (P)* (Páx. 60.) e *a señora conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 62.)



A señora Blanco Rodríguez (S) pide a palabra, con base no artigo 76, para solicitar a retirada dunha expresión dirixida a ela por parte da deputada Rodríguez Arias (P). (Páx. 64.)

O señor presidente dálle a palabra á señora Rodríguez Arias (P) para responder sobre a devandita petición. (Páx. 64.)

Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Veroa, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Vázquez Veroa (M). (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 68.). A representante designada polo G. P. do Grupo Común da Esquerda para este debate atópase ausente da sala cando é chamada polo señor presidente, polo que procede a adiantar a intervención do seguinte grupo. (Páx. 70.) Sra. Porritt Lueiro (S) (Páx. 70.) e Sra. Fernández Macías (P). (Páx. 72.)

Nova intervención da señora Vázquez Veroa (M). (Páx. 74.)

Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de socorristas (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 75.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Santos Queiruga (GCE). (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 81.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 83.) e Sra. Novo Fariña (P). (Páx. 84.)

A señora Santos Queiruga (GCE) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 86.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa crise e o cambio climático (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 88.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 94.), Sr. Cal Ogando (GCE) (Páx. 96.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 97.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 100.)



Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais e as demandas que debe realizar o Goberno central ao respecto: *rexeitada por 20 votos a favor, 36 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 102.)

A señora Nóvoa Iglesias (P) pide a palabra para solicitar a separación dos puntos 2, 3, 4 e 8 na seguinte votación, petición que non é aceptada pola señora Santos Queiruga (GCE), en representación do grupo autor da moción. (Páx. 102.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de socorristas: *rexeitado por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa crise e o cambio climático: *rexeitado por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e once deputados/as máis, sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 103.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 105.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 108.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 110.) e *Sr. Cal Ogando (GCE).* (Páx. 111.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 113.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 115.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión sanitaria. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 116.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M).* (Páx. 121.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 122.)
Sra. Solla Fernández (GCE) (Páx. 123.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 125.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 127.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Consello da Xunta de Galicia do ano 2004 polo que se aproba definitivamente o Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo, así como o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 129.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 130.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Casal Vidal (M)*. (Páx. 132.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Jove González (GCE)* (Páx. 133.),
Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 135.) e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 137.)

O señor Rivas Cruz (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 139.)

Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e dous deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego de auditorías ambientais en toda a Administración pública autonómica, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos, así como a verificación do grao de cumprimento do Regulamento europeo 1221/2009 e da Decisión 2019/61. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 141.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Estévez (M)*. (Páx. 142.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 145.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 146.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 148.) e
Sr. Cal Ogando (GCE). (Páx. 149.)

O señor Rodríguez Estévez (M) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 153.)

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e tres minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Entramos na orde do día. E como punto primeiro temos un texto lexislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar ante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de modificación da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas presidente.

Bos días, señorías.

Convirán comigo seguramente en que poucas proposicións de lei chegan nun momento tan acaído para un debate parlamentario como esta que vimos de presentar neste momento, xusto dous días despois dun proceso electoral nas Cortes Xerais do Estado no que, aínda recoñecendo a posibilidade da conformación dun goberno do Estado en datas próximas, a existencia dun goberno en funcións non é exclusiva deste período de interinidades senón que vén xa dun período de interinidade moito máis dilatado no tempo. E é que, en efecto, polo menos nesta parte do parlamentarismo, parece que a sociedade galega forma parte dun espazo político, o español, onde somos cada vez máis europeos e máis europeas no que se refire a unha configuración verdadeiramente multipartidista da súa dinámica parlamentaria e que, se ben foi concibida no ano 78 cunha vocación dun bipartidismo imperfecto, cunha presenza puntual de partidos que poderían apoiar aos dous grandes partidos para os que se concibía o réxime parlamentario, a realidade social e a realidade sociolóxica, e finalmente a súa proxección electoral, deu cunha realidade diferente.

Neste sentido, é certo que imos con algo de retraso respecto das dinámicas do resto dos países do noso contorno, do resto do espazo europeo, que xa levan vivindo nesta realidade aproximadamente dúas ou tres décadas. Incorporámonos relativamente tarde pero aquí estamos, e somos europeas e europeos nese sentido. Quería dicir que a medias nada máis, porque, se ben é certo que aquí estamos xa plenamente incorporados por esta dinámica completamente multipartidista, pluripartidista, é certo que non acaba aínda de cristalizar na cultura política española a idea de acadar grandes pactos para poder conformar maiorías suficientes tanto para alumear gobernos como as dinámicas de funcionamento xeral das Cortes Xerais.

E quero facer neste momento, en nome de En Marea, unha defensa do parlamentarismo así concibido; é dicir, unha defensa dun parlamentarismo onde o multipartidismo con repre-



sentación electoral é unha virtude. E é unha virtude porque forza as forzas políticas a buscar acordos, a buscar consensos, e a poñer enriba da mesa puntos programáticos, prioridades que non son só prioridades electorais, que son prioridades sociais, que buscan determinar cal debe ser, de todas as vías posibles, a máis conveniente para sacar a adiante tanto un goberno como unha lexislatura.

Nós pensamos que iso é unha virtude porque supón a coexistencia e supón a posibilidade de que forzas políticas diversas poñan en común os seus programas, poñan en común acordos, para poder sacar a adiante o funcionamento normal das institucións, para poder legislar, para, en definitiva, mellorar a vida da xente. Polo tanto, nós queremos rexeitar tamén neste punto os cantos de serea que ás veces en situacións como a actual proclaman que debe de gobernar a lista máis votada, obviando o que significa o sistema parlamentarista no que ten de reflexo dunha pluralidade, dunha complexidade social que ten unha lóxica translación tamén nas dinámicas parlamentarias.

Non podemos obviar que a riqueza social, traducida nunha riqueza política e traducida nunha diversidade política parlamentaria, debe ter reflexo tamén tanto na acción de goberno como na acción lexislativa á hora de compoñer precisamente esas maiorías. Sen ir máis lonxe, unha proclama neste sentido, no caso de prosperar, daría con que o seguinte goberno do Estado estivese apoiado unicamente nunha forza política que obtivo o 28 % de votos, o cal é moi meritorio pero deixaría fóra desa representatividade, á hora da conformación do Goberno, pois nada máis e nada menos que ao outro 72 % daquela representatividade electoral. E nós pensamos que iso non é bo. Non é bo porque é necesario que a sociedade se vexa reflectida tamén no seu goberno, e cantos máis apoios sexan necesarios, polo tanto, cando a composición da maioría sexa máis completa para determinar o alumeamento dun novo goberno e tamén, polo tanto, o establecemento de maiorías para a actividade lexiferante das institucións, máis consenso social haberá arredor de acción dese goberno, porque ese goberno será máis representativo dunha parte máis importante da poboación.

Nós pensamos que, fronte á idea de listas máis votadas, debe de prevalecer a lista de ideas máis votadas. E isto significa, en moitas ocasións, poñer en común acordos, poñer en común programas, renunciar a maximalismos a favor de que as ideas que conforman un estado de opinión de época saian adiante, tanto na actividade do executivo como, por suposto, na actividade do lexislativo. Polo tanto, é unha defensa da arquitectura constitucional neste punto para facer prevalecer esa pluralidade tamén á hora de alumear un goberno novo e tamén para a dinámica completa da acción da Administración.

Isto é o que leva sucedendo, con distintas fórmulas, con distintos ensaios e con distintas solucións, ao longo de toda a Europa occidental, onde nós nos encontramos inmersos. Polo tanto, forma parte dunha forma de entender a cultura democrática, a cultura democrática de que a pluralidade enriquece e de que a pluralidade dá lugar a que haxa accións de goberno que sexan entendidas como positivas para o conxunto da poboación.

Agora ben, mentres non se acada esa posición e non se acada esa idea entre as forzas políticas que teñen representación nas Cortes, estamos vivindo, no panorama político estatal —no cal bebe, e tamén, nese sentido, sofre as súas consecuencias, tanto a sociedade galega



en particular como a sociedade española en xeral—, o padecemento dunha falta de goberno que deixa de ser puntual para ter un carácter moito máis dilatado no tempo —sen que pase a ser estrutural, evidentemente, pero si cun carácter moito máis dilatado no tempo—, como consecuencia precisamente do que acabamos de comentar, das dificultades que as forzas políticas con representación nas Cortes atopan para chegaren a acordos de investidura.

Esta situación provocou que entre os anos 2016 e 2019 houbo longos períodos de situación do denominado normativamente «goberno en funcións», con numerosos efectos secundarios para a poboación; efectos secundarios, ademais, que foron denunciados como de carácter negativo. Un dos máis sobresalientes é o da alteración do funcionamento normal do deseño constitucional do Estado das autonomías, ao condicionar orzamentariamente non soamente o ciclo de elaboración orzamentaria senón tamén a capacidade normal de gasto por parte das comunidades autónomas.

Desde En Marea pensamos que a normalidade do Estado das autonomías non pode verse alterada pola ausencia de goberno investido, porque ambas institucións compoñen a arquitectura constitucional; é dicir, o funcionamento da autonomía, o funcionamento do noso país, o funcionamento normal da Administración galega, non pode quedar condicionado, non pode quedar supeditado, a que exista un goberno investido en plenitude de funcións. ¿Por que? Porque o propio Estado das autonomías, o propio recoñecemento das facultades de autogoberno, forma parte do Estado constitucional.

Resulta contradictorio —así o entendemos nós— que a ausencia do Goberno do Estado con plenitude de funcións impida o funcionamento normal das institucións, concretamente o funcionamento normal das autonomías, cando precisamente o Estado autonómico foi concibido coa idea de que estas funcionen no seu eido competencial con dinámicas propias, tanto no político como no económico, e que, polo tanto, preserven a realización de actividades e a prestación de servizos con independencia das vicisitudes vividas nas Cortes Xerais.

O Estado autonómico, ademais —vostedes sábeno, señorías—, asegura a prestación necesaria para garantir dereitos básicos e mesmo dereitos fundamentais, e así se recolle na listaxe de competencias do noso Estatuto de autonomía. Non esquezamos que en moitos casos detentan competencias en exclusiva e, polo tanto, neste ámbito aseguran dereitos fundamentais, mesmo tutelados constitucionalmente, como vostedes saben, de forma directa ante os tribunais.

¿Cales foron as consecuencias desta anomalía, de que poida haber unha interferencia sobre o funcionamento normal do Estado das autonomías na súa dimensión económica e prestacional pola existencia dun goberno en funcións? Ben, esta anomalía foi —podémolo ver no debate político dos últimos meses— aproveitada recorrentemente por partidos políticos de signo diferente. Non imos aquí poñer o dedo sinalando unha situación concreta, porque houbo varias ao longo dos últimos anos. Foi aproveitada para cruzar reproches e para velar socialmente ameazas de recortes nos servizos públicos, e mesmo para poñer en cuestión o pago de nóminas, algo que causa lóxica alarma na poboación, vítima dunha situación da que en absoluto é responsable. Porque a cidadanía cumpre co seu papel democrático, que é escoller uns representantes e unhas representantes que teñen, polo tanto, o deber de acordar para gobernar. Polo tanto, é vítima dunha situación de interinidade da que non é responsable.



Nós entendemos dende En Marea que non abundan solucións conxunturais, porque isto é cada vez máis frecuente e, polo tanto, non debería ser a lóxica desexable, no funcionamento da arquitectura constitucional nin no funcionamento da relación interinstitucional, acudir aos tribunais para exixir o pago de cantidades debidas nin poñer en apuros continuamente e de forma interesada a Avogacía do Estado á hora de emitir informes sobre a capacidade económica ou non, ou do que se pode facer ou non, cun goberno en funcións. E correspóndonos a nós levar a cabo as reformas estruturais necesarias para que isto non suceda no futuro, e, polo tanto, o deber que temos de asegurar a autonomía política e económica de Galicia, de asegurar ante todo a normalidade do funcionamento do noso autogoberno e finalmente, e sobre todo tamén desde o punto de vista cidadán, de asegurar a continuidade na prestación dos servizos básicos e por suposto do pago de salarios.

Polo tanto, cómpre unha solución estrutural. O funcionamento da autonomía non pode quedar condicionado nin ameazado pola existencia de gobernos en funcións que teñen como finalidade, precisamente, rexeir de forma interina o funcionamento normal das institucións. E, ademais, tamén nós entendemos que para o futuro non pode ser arma partidista de chantaxe aos demais partidos nin de chantaxe ao conxunto da poboación.

Esta situación que estou aquí describindo, e que a ninguén lle resulta allea, é cada vez máis frecuente. E por iso, co obxecto de salvagardar o funcionamento normal do Estado e das autonomías na súa dimensión económica durante ese período provisional cada vez máis frecuente e dilatado na política española, cómpre na nosa opinión acadar unha solución que supere os escollos normativos e, á súa vez, sexa o menos invasivo posible á hora de condicionar o novo goberno que no seu momento poida alumear as Cortes Xerais.

Por iso, nós traemos hoxe á Cámara unha proposta de reforma de carácter estrutural que é neutra e que non é invasiva, ou que é o menos invasiva posible, en relación co condicionamento da acción dos gobernos que despois se institúan con plenitude de funcións nas Cortes Xerais do Estado.

Nós pensamos que isto exige unha intervención puntual, que ten que vir da man da reforma da Lei 50/1997, do Goberno do Estado, que, como vostedes saben, ten un título IV que regula as potestades do Goberno do Estado en funcións.

O obxecto desta reforma sería, en primeiro lugar, atribuír potestades —porque estivo posto en cuestión durante os últimos meses que o Goberno tivese determinadas potestades para intervenir nesta materia—, potestades que fosen as mínimas. E, polo tanto, nós facemos unha proposta que nos parece a menos invasiva —pero que en todo caso está sometida á consideración das súas señorías—, que ten unha finalidade concreta, que é asegurar o funcionamento normal da dimensión económica e orzamentaria das comunidades autónomas como forma de asegurar a viabilidade plena do Estado das autonomías, recollida constitucionalmente, como saben, nos artigos 137 e seguintes da Constitución.

E aquí actuamos como Cámara galega, en nome do interese xeral galego, pero tamén en nome do interese xeral do funcionamento das institucións, tal e como está deseñado o arquetipo constitucional. A Comunidade Autónoma de Galicia, lexitimamente interesada no



funcionamento normal das súas institucións de autogoberno para prestar servizos, actividades e garantir os dereitos recollidos no seu Estatuto de autonomía, debe, polo tanto, instar esta reforma ao abeiro do artigo 87.2 da Constitución.

Nós queremos, desde En Marea, propoñer que esta Cámara faga unha achega que beneficie, en primeiro lugar, a sociedade galega no seu conxunto, pero, ao mesmo tempo, que contribúa a fortalecer a autonomía das outras nacións e das outras rexións do Estado, así como a asegurar os dereitos fundamentais e os dereitos sociais recollidos tanto na Constitución española como nos diversos estatutos de autonomía, que, doutro xeito, poderían ser postos en cuestión por esta circunstancia que todos temos neste momento presente.

Así, polo tanto, queremos traer unha reforma da Lei 50/1997, co engadido dun apartado adicional ao artigo 21 —sería un apartado 3 bis—, que, dentro do artigo do Goberno en funcións, diría que o Goberno en funcións poderá aprobar as disposicións regulamentarias necesarias para asegurar o funcionamento financeiro ordinario das comunidades autónomas nos conceptos de actualización das entregas á conta, devolución das mensualidades de IVE pendentes de exercicios anteriores e as cantidades debidas, se é o caso, polo incentivo económico ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

Nós entendemos que a configuración deste artigo se fai da forma menos invasiva posible e menos condicionante posible para o seguinte goberno que sexa investido polas Cortes Xerais. Ao mesmo tempo permite asegurar o funcionamento ordinario de carácter económico da comunidade autónoma, de tal maneira que en ningún caso se vexan comprometidas nin as prestacións sociais nin a actuación debida que ten a comunidade autónoma por todo o seu sector público, como consecuencia da ameaza, por exemplo, do pago de salarios.

Ben, na consideración por parte de En Marea de que esta é unha medida boa, que é unha medida neutra, que é unha medida que beneficia a todo o mundo por igual, que é unha medida de carácter político que saca do debate partidario unha situación de funcionamento da normalidade institucional e garante o autogoberno de Galicia —igual que o das demais comunidades autónomas, pero, no que interesa a esta Cámara de forma principal, o autogoberno de Galicia— e, polo tanto, a prestación ordinaria dos servizos ao conxunto da poboación, que é para o que nos debemos, para mellorar o seu benestar xeral, é polo que hoxe traemos a esta Cámara unha proposición de lei que pensamos que vai ser apoiada por toda a Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señor Villares.

Rolda dos restantes grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todas e a todos.



Eu quixera comentar dúas cuestións previas. En primeiro lugar, quería enviar un afectuoso saúdo e as nosas condolencias aos seres queridos do mariñeiro que perdemos hoxe no noso país. E tamén, en segundo lugar, enviar desde aquí a nosa solidariedade co pobo de Bolivia neste momento no que atravesan un auténtico golpe de Estado. (*Aplausos.*)

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego podemos compartir, señor Villares, co Grupo Mixto moitos dos aspectos que vostede sinalou aquí; entre outros, a preocupación de como esta permanente inestabilidade, ou máis ben, irresponsabilidade, dos grupos políticos e da política estatal no último lustro ten afectado a Galiza. O feito de que veñamos nesta última fin de semana das cuartas eleccións de ámbito estatal en catro anos dan cumprida conta de como iso nos afecta de múltiples formas, e tamén á hora de xestionar as nosas contas. Pero temos que dicir tamén que hai cuestións, de fondo e de enfoque da resposta, que non compartimos.

Nós entendemos que o que viviu este país nos últimos anos —nos últimos meses, particularmente— foron máis ben as consecuencias da falta de poder político, as consecuencias de non ser quen de facer valer Galiza, e non un problema de escollos normativos, senón que realmente o que estivemos a ver foi realmente que o Goberno central quixo chantaxear a Xunta de Galiza, quixo chantaxear a todas as comunidades autónomas. E tamén aquí tivemos o problema engadido de que o Goberno galego non foi quen de facer valer a posición deste país. Polo tanto, pensamos que, máis alá de escollos normativos que se poidan solucionar cunha addenda a esta Lei 50/1997, o que vimos foi unha folla de ruta de chantaxe política predeterminada e con aleivosía, como despois explicarei.

En todo caso, antes de entrar na concreción, eu quixera facer tamén unha reflexión, porque se fala na exposición de motivos —e tamén se dixo aquí— de que esta inestabilidade afecta a cuestións ordinarias de como é o propio ciclo orzamentario da Xunta de Galiza e de como se desenvolven as nosas contas. Ten unha parte de certo, pero nós cremos que tamén iso non debe invisibilizar outro problema de fondo que temos como país. Debemos preguntarnos: ¿que afecta máis a nosa capacidade de organización, unha demora, por exemplo, en facilitar cal vai ser a liquidación do sistema de orzamento para así poder facer uns orzamentos en tempo e forma e con información fidedigna ou máis ben o corsé político e financeiro que vivimos? Para nós está claro que o primeiro pode dar certa inseguridade, pode valer para que un goberno faga unhas contas máis conservadoras ou todo o contrario, pode valer para todo iso e pode xerar incerteza. En todo caso, en moitos casos iso pódese resolver, como xa se fixo dúas veces nesta lexislatura, mediante unha modificación dos orzamentos. Pero outra cuestión, a cuestión de fondo, ese corsé político absolutamente inxustificable do déficit, que fai máis responsables as comunidades autónomas dunha débeda que logo se xestiona para rescatar bancos ou autopistas madrileñas, iso condiciona moito máis as nosas contas do que outras cuestións, e ás veces esquecémolo nas nosas prioridades políticas.

Por exemplo, que sistematicamente o Consello de Contas denuncie como o noso sistema sanitario está absolutamente infrafinanciado pois é unha cuestión que non debemos esquecer, porque ao final o autogoberno galego, a capacidade de decidir nós mesmos e nós mesmas sobre as nosas contas e o seu destino, pois moitas veces ten máis que ver con ese marco político de fondo que con cuestións puntuais da conxuntura. E iso para nós é así, porque o que



desvela esta cuestión é que realmente o problema de fondo é a relación económica que ten Galiza co Estado. E con outro sistema de financiamento, con outra relación económica, isto non nos pasaría, como non lle pasou durante este tempo, por exemplo, a Navarra ou a Euskadi. E isto é resultado da anomalía, baixo o noso punto de vista, de que en termos económicos dependamos en tal medida do Goberno central e que non poidamos recadar nós para despois negociar co Estado o que lle debemos polos servizos que presta neste país, ou por cuestións —coas que non concordamos— como a existencia desa monarquía que chucha do Estado pero que, en canto fagamos parte del, temos que ver que parte temos que achegar desde Galiza. Esta é unha cuestión que hai de fondo, que é que necesitamos outra política económica e outra relación económica co Estado.

En todo caso, centrándonos máis na cuestión concreta sobre a que o Grupo Mixto pon hoxe o foco, hai algo que é innegable, que sería a necesidade de dialogar e de buscar máis alternativas alén dese pim-pam-pum infrutuoso que vimos durante estes últimos meses entre o Goberno central e a Xunta de Galiza, no que vimos tamén —xa se dicía aquí— un gran exercicio de hipocrísia.

Eu creo que si é necesario facer un pequeno recordatorio desa «maldita hemeroteca», na que vimos como distintos partidos ao final tiñan a mesma posición. Primeiro Montoro e despois Montero, pero o certo é que isto se empregou como chantaxe para as comunidades. Primeiro en 2016, por exemplo, gobernaba o señor M. Rajoy e era o Partido Popular quen non informaba dos datos sobre as entregas á conta, porque non había orzamentos e estaban en minoría, despois das eleccións de xuño de 2016. E, daquela, a que agora é ministra en funcións ata o momento pois criticaba que o Partido Popular fixera isto. O lóxico é que, cando eles tiveron a oportunidade de estar no seu lugar, non fixeran o mesmo, pero lamentablemente vimos novos meses de vodevil no que facían exactamente o mesmo.

Tamén durante estes meses nós queremos recordar que vimos, basicamente, unha estratexia fracasada por parte do Goberno da Xunta de Galiza, que non foi quen de facer valer o noso peso político. Esta situación amosou un disparate, baixo o noso punto de vista, e que realmente era unha decisión política por parte do Goberno central. Polo tanto, ao final, que parte deste problema fose desbloqueado uns días antes das eleccións xerais que vimos de afrontar este domingo revela para nós unha cuestión de fondo. Primeiro, que se evidencia que esa chantaxe era iso, unha chantaxe. En segundo lugar, que realmente non era un problema de escollos legais, senón que era un problema de vontade política clara e evidente por parte do Goberno central. Porque ao final tampouco inventaron a pólvora decidindo que os pagos se realizaran xunto coas transferencias mensuais das entregas á conta do sistema de financiamento.

Polo tanto, nós non nos opoñemos a que se poida querer, con espírito construtivo, mellorar a redacción deses artigos da Lei 50/1997, pero queremos reflexionar aquí sobre que iso non nos pode valer de escusa para lexitimar cal foi a actitude do Partido Socialista nestes últimos meses. Porque realmente, tal e como recollía tamén o propio informe da Xunta de Galiza de agosto deste mesmo ano, que despois non quixeron empregar para tomar medidas máis contundentes, pois nós entendemos que, co propio marco legal que existe, conforme o artigo 21.3 da Lei 50/1997, cabería a actuación do Goberno en funcións, se non con base nese des-



pacho ordinario de asuntos, si con base en razóns de urxencia e interese xeral para a súa actuación.

Pero o problema de fondo —e quizais iso ía máis na reflexión inicial do señor Villares— era o panorama político que había e que parece que vai continuar no Estado, e que nos recorda máis a aquilo que podíamos ler en *Luces de Bohemia*, de Ramón María del Valle-Inclán, cando don Latino falaba de traxedia pero era Max quen lle dicía aquilo de que «*la tragedia nuestra no es una tragedia*», porque realmente non era digna de tan elevado xénero senón máis propia dun auténtico esperpento.

Nós non estamos moi convencidos e convencidas de que mediante unha simple addenda a esta Lei 50/1997, poidamos resolver ese esperpento intencionado por parte de quen o desenvolveu noutros meses. Entón, nese sentido pensamos que quizais non sexa a chave, e máis aínda nun momento no que nós pensamos que a ofensiva recentralizadora do Goberno central non rematou, senón que vai continuar, vai seguir xerando tensións coas comunidades autónomas, vai seguir xerando tensións con Galiza en canto teña ocasión. E para iso pois deberemos centrar máis as nosas ambicións en procurar que a dependencia económica de Galiza respecto do Estado, esa relación, vaia mudando proximamente e vaiamos tendo máis capacidade de decidir por nós propias como, cando e de que forma xestionamos o noso recurso. En todo caso, pois tampouco nos oporemos a que se fale desta cuestión.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Común da Esquerda, o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día, eu tamén quero empezar solidarizándome co mariñeiro galego morto e co golpe de Estado do imperialismo contra o pobo de Bolivia. (*Aplausos.*)

Sinto ter que dicilo, Villares, pero a proposición de lei que hoxe debatemos é unha proposta simplista. É simplista porque non é certo que sexan as competencias do Goberno en funcións a razón que dificultan que o Goberno central transfira os fondos que son propiedade das comunidades autónomas. Se un goberno en funcións quere, pode actualizar as entregas á conta do sistema, pero tamén devolver a recadación do IVE correspondente ao mes de decembro de 2017, que o Partido Popular deixou sen resolver. Se quere, pode, como demostra o feito de que o Real decreto lei 13/2019 xa aprobou, cun goberno en funcións, a actualización das entregas á conta. Se non o fai, é porque non quere, non é un problema de competencias. A razón está na inaceptable actuación do Goberno central para utilizar o poder como arma de presión para obrigar os partidos da oposición a aprobar os orzamentos xerais do Estado. Aquí non hai diferenzas. Fíxoo o Partido Popular cando gobernaba e faino agora o Partido Socialista.

A iniciativa é simplista tamén porque desvía o debate. O problema de fondo é o mal funcionamento do sistema de financiamento autonómico, non as competencias dun goberno en funcións. O que sucedeu —o que segue sucedendo, en realidade— é un problema complexo



que non se pode resolver cunha medida simple. O problema está en que temos un sistema de financiamento autonómico que foi definido nunha fase de expansión económica e que foi golpeado pola gran recesión. E iso ten gravísimas consecuencias sobre o nivel de ingresos.

Temos un modelo de financiamento autonómico que está caducado dende o ano 2014, sen que as maiorías absolutas do Partido Popular serviran para cumprir coa obriga legal de renovalo; un sistema caducado, golpeado pola crise, debilitado pola recentralización que agravou os problemas que xa tiña este modelo dende a súa creación. Eu hoxe aquí vou falar de dous: o primeiro é a falla de suficiencia do sistema; e o segundo, e máis importante para o debate de hoxe, é a reducida soberanía fiscal das comunidades autónomas.

Claro que hai un gravísimo problema de suficiencia no sistema. Os cálculos de persoas que saben destes temas estiman que existe un déficit de suficiencia de 20.000 millóns de euros no conxunto do Estado; déficit que ten que ver obviamente coa política fiscal, con esa política fiscal que rebaixa os impostos para os ricos e, polo tanto, debilita a capacidade das administracións públicas de actuar, pero que tamén ten que ver, ten moito que ver, coa repartición dos recursos entre os diferentes niveis de goberno. As comunidades autónomas son as responsables da prestación dos servizos públicos básicos, de tal forma que o infrafinanciamento premeditado que sofren as comunidades autónomas se traslada inevitablemente a recortes na sanidade e na educación.

O segundo problema, que eu creo que é o que ten máis relación co que estamos debatendo hoxe, é a falta de soberanía fiscal das comunidades autónomas. Pero, no que estamos debatendo hoxe, iso concrétase na negación absoluta do papel das comunidades autónomas na conformación da decisión das liñas estratéxicas dos orzamentos.

Tal como está definido o Consello de Política Fiscal e Financeira, tal como foi a práctica nestes anos, o Goberno central reserva para si mesmo toda a capacidade de decisión. O Goberno central decide cal é a cifra de déficit e como se reparte entre o Goberno central e as comunidades autónomas e os concellos. O Goberno central decide o teito de gasto, decide a estimación dos ingresos, decide a contía dos anticipos á conta.

Estas son decisións unilaterais do Goberno central, que as impón no Consello de Política Fiscal e Financeira contando en, todo caso, coa complicidade dos gobernos autonómicos que pertencen ao mesmo partido que o Goberno central. Era así antes e é así agora. É unha estratexia que rompe a lóxica propia dun Estado autonómico, porque anula a capacidade dos gobernos autonómicos para conformar a posición común. Aí está o problema, e tamén no tema que estamos debatendo hoxe. Porque a solución á actualización das entregas á conta e ao do IVE de decembro do 2017 —esa herencia que nos deixou o Partido Popular— tiña que ser por acordo no Consello de Política Fiscal e Financeira, cun consenso entre o Goberno central e as comunidades autónomas, non pola vía xudicial, senón pola vía política e institucional, respectando o papel que a Constitución lles dá ás comunidades autónomas.

Combater a recentralización na que estamos, e a recentralización coa que nos ameazan as forzas da barbarie, implica desenvolver o papel dos gobernos autonómicos das comunidades autónomas na definición das grandes liñas da política económica do Estado, especialmente



nas cifras básicas que determinan os seus orzamentos. Cando debatamos o día 18 sobre os orzamentos, volverase poñer en evidencia que ao final a técnica orzamentaria dunha comunidade autónoma é un exercicio de sudoku no que cadrar as cifras que lle veñen ditas dende o Goberno central, porque nos establecen cal é o nivel de gasto, o nivel de déficit, o nivel de ingresos; e, polo tanto, acabamos facendo un exercicio para cadrar esas contas.

Nós dicímolos claramente: necesitamos que o Consello de Política Fiscal e Financeira actúe con lóxica federal; isto é, que as comunidades autónomas sexan as que participen na formulación das grandes liñas estratéxicas dos orzamentos e da política económica en colaboración co Goberno central.

Por último, a proposta tamén peca de simplista ao situar ao mesmo nivel a xusta reivindicación de resolver o problema da actualización dos anticipos á conta e o do IVE con esa extraña demanda de que se nos ten que compensar polo cumprimento da ortodoxia da austeridade. Eu non son quen de entender isto. Que nesta iniciativa o Partido Popular fale disto forma parte da súa estratexia demagóxica, pero digamos que eu non o entendo. Eu non compro, o Grupo Común da Esquerda non compra, esta falsidade do PP. Non existe base para reclamar un suposto incentivo económico polo cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, nin moito menos se pode cuantificar o seu importe. De feito, gustaríame que, cando fale o representante do Partido Popular, me diga de onde saen os 170 millóns de euros.

Ben, en realidade esa cifra, os 170 millóns de euros, inventouna a Xunta. E serve en realidade para cuantificar o engano. O Goberno Feijóo díxonos que, se cumprían estritamente coa austeridade, se facían os recortes, se cadraban as contas, Galicia ía ser beneficiada cunha compensación económica por ter sido dos alumnos máis aplicados na asignatura dos recortes. Eu creo que a bancada da esquerda non pode comprar esa literatura, porque é falsa. Nós non a aceptamos.

Feijóo, evidentemente, foi o alumno máis aplicado nos recortes. E agora non temos premio porque non existe unha base que xustifique esa proposta. De feito, igual que, no tema da actualización, os millóns de euros de actualización dos anticipos á conta e os millóns do IVE están no orzamento do 2019, o Partido Popular no foi quen de incluír os 170 millóns de euros no orzamento do ano 2019. É evidente cal é a razón.

Remato.

Os problemas complexos, como é a reformulación do modelo de financiamento autonómico, as necesidades imperiosas, como é dotar de federalidade a toma de decisións que afectan o conxunto do Estado, van máis alá desta modificación parcial das funcións do Goberno en funcións. E, polo tanto, a nós non nos parece unha medida efectiva. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día a todos e a todas.



Eu teño que dicir que a iniciativa me parece ben intencionada aínda que mal dirixida. Eu creo que plantexa unha cuestión lexítima pero que utiliza un instrumento para resolvela —e vou explicar por que— que non me parece moi adecuado.

Gustoume menos a presentación que fixo o portavoz do grupo aquí desde a tribuna; entre outras razóns porque non sei por que non utilizou a campaña electoral para explicarlles todas esas reflexións aos cidadáns e poder coñecer o nivel de apoio que teñen na sociedade. Eu sei que é lexítimo impulsar proxectos legislativos que teña que tratar o Congreso. Iso é completamente lexítimo. Tamén é lexítimo que un grupo político decida non presentarse ás eleccións. Pero as dúas cousas á vez non deixan de rechinar un pouco, de ter algún problema. Hai un pouco de incongruencia.

Pero, indo máis ao fondo, a iniciativa trata de regular mellor o Goberno en funcións, o título IV da lei que xa se citou, a 50/1997 —que, por certo, ten un único artigo—. Trátase de regular en negativo ese artigo, o que non pode facer o Goberno en funcións, pero tamén en positivo, o que pode facer. E en positivo é unha formulación de carácter extremadamente aberta e xenerérica: o despacho ordinario dos asuntos públicos, salvo por razóns de urxencia ou de interese xeral. Trátase de evitar, digamos, que o Goberno poida utilizar con beneficio político, con vantaxe política, a súa posición estando en funcións, pero ao mesmo tempo deixar un certo nivel de abertura para que o Goberno teña a discrecionalidade de poder atender asuntos de indispensable ou urxente corrección.

E isto eu creo que está ben así; é dicir, tense que limitar o Goberno a actos de natureza administrativa e non política, a asuntos de trámite e non a asuntos que lle poidan dar esa vantaxe política. Iso protexe unha competencia electoral adecuada entre os partidos, e protexe os cidadáns da arbitrariedade que poida un goberno cometer estando nun momento en que o nivel de control político sobre os seus actos é menor. Xa sei que os tribunais aceptaron unha demanda pola que obrigan aos gobernos en funcións a someterse ao control parlamentario dos actos que lle son propios. Pero, en todo caso, todos sabemos que este nivel de control é moito menor.

A iniciativa pretende precisar en positivo, sobre un aspecto moi concreto e moi determinado, o que pode facer o Goberno. E isto a nós non nos parece correcto como técnica normativa, porque deixa abertos moitos outros supostos que se poden dar ao longo do tempo e que sen dúbida, desde unha perspectiva como a nosa, sería razoable entender. Non debemos legislar en función das urxencias da actualidade, non debemos legislar de maneira caprichosa ou casuística, porque isto vai afectar a coherencia normativa. E xa digo que non é unha técnica legislativa que nos pareza demasiado procedente.

¿Como cremos nós que se debe articular esta preocupación, que xa digo que a preocupación en si mesma nos parece lexítima? Pois indo á cuestión de fondo. E a cuestión de fondo foi en parte suscitada aquí, a cuestión de fondo ten que ver co funcionamento do noso sistema autonómico. O portavoz do Grupo Mixto facía referencia a que España estaba no marco europeo en canto ao nivel de fraccionamento das súas opcións políticas. E teño que dicir que os bloqueos suceden no Parlamento, non suceden en ningún outro lugar. Os bloqueos parlamentarios, como en relación co *bretxit* no Reino Unido, tamén son europeos. Por tanto, unha



representación moito máis plural non garante para nada esa solución; ao contrario, pode dificultala, depende do comportamento dos distintos actores políticos. Pero unha vantaxe do noso sistema é que é un sistema, digamos, federal —cando menos no seu espírito—, e isto ten certa singularidade en Europa. Non hai moitos países europeos que teñan este nivel de federalismo. E isto beneficia tamén a todos os cidadáns, e por moitos motivos. Pero un motivo importante é que evita que un cambio nas preferencias políticas se traslade ao conxunto da Administración. E así, cando hai cambios políticos, hai sempre administracións doutro signo que están formando parte da operativa do sistema. E isto é bo para a estabilidade democrática.

Pero o noso federalismo particular é un federalismo demasiado xerarquizado. E iso plantexa algunhas dificultades. Unha delas aparece unha vez que se dá unha situación de bloqueo político con demasiados meses dun goberno en funcións. ¿Onde hai que resolvelo? Na nosa opinión, hai que resolvelo modificando o sistema de financiamento autonómico.

Eu non comparto o que di o portavoz do Grupo Común, o de que é o Goberno, discrecionalmente, o que fixa as cousas para as comunidades autónomas. Non, non, isto fíxase na lei, na Lei de financiamento autonómico. O sistema de financiamento autonómico explica como deben calcularse as entregas á conta, como se debe de calcular o teito de gasto, como hai que calcular a regra de gasto. Todos os elementos do sistema están aí, están aí. E, se queremos modificalo, hai que actuar sobre esa lexislación do sistema de financiamento autonómico. Por exemplo, para a determinación das entregas á conta dise: «*Se utilizarán las previsiones existentes a la fecha de elaboración por el Gobierno del anteproyecto de lei de presupuestos general del Estado del ejercicio que corresponda*». Isto é o que di a lexislación. Se queremos facer outra cousa, haberá que cambiar isto. Pero esta é a lei de 1980 que regula o sistema de financiamento autonómico. E na lei do 2009, que regula este modelo de financiamento autonómico, explícase como se calculan as entregas á conta do IRPF, do IVE, dos impostos especiais e dos distintos fondos que compoñen o sistema. Determinábase aí como se fai. ¿Queremos cambiar isto? Cambiemos a lei. E para isto debemos modificar o sistema de financiamento autonómico, todos os artigos da Lei 22/2009, desde o 12 ao 20, que é onde se determina como se modifican as entregas á conta. É isto do que se trataría de facer. O resto non deixa de ser unha actuación —xa digo, ben intencionada pero eu creo que mal orientada— á que nós non imos opoñernos a que se poida discutir e siga a tramitación. Fariamos, digamos, unha reforma en profundidade dese texto, ou propoñeríamos unha reforma en profundidade, se segue a tramitación. Pero, en todo caso, non nos imos opoñer porque, xa digo, atende a unha cuestión importante, aínda que cremos que está, desde logo, mal orientada.

E sobre as cuestións de fondo voume remitir ao que discutimos o outro día sobre a cuestión das entregas á conta do IVE e dos incentivos. No último pleno tivemos unha discusión sobre isto e aí fixamos a nosa posición. Co das entregas á conta está a cuestión resolta. O do IVE exige un Goberno en plenitude porque hai que modificar polo menos dous textos legais para poder facelo ben. Habería que facelo este ano; se non, non dá tempo. Xa a partir do ano que vén o asunto resólvese por si mesmo porque esa modificación afecta unicamente a un ano. E na cuestión dos incentivos pois eu non vexo onde existe a base legal para poder determinar os dereitos. Son tres situacións diferentes que, sen dúbida, deben dar lugar a tres actuacións diferentes tamén.



E nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, no fondo do asunto temos unha clara coincidencia: estamos ante unha situación inédita, é a primeira vez que non se paga. Non é igual que na época do señor Montoro, na que a Comunidade Autónoma recibía esas entregas á conta no mes de xuño. Estamos no mes de novembro e aínda non se recibiu nin un só euro desas entregas á conta.

O feito é que é unha situación inédita, porque a Galicia se lle deben 700 millóns de euros das entregas á conta —330 esperamos recibilos ao longo das próximas semanas— pero tamén porque o Estado se apropia dunha mensuralidade que lles corresponde ás comunidades autónomas da recadación do IVE —200 millóns de euros—. E porque tampouco cumpre a Lei de orzamentos en vigor, que é a que deixou o Partido Popular, que di que a comunidade autónoma poderá recibir unha compensación que consiste —señor Lago— en que se lle condona o pago da débeda que deixou o Goberno bipartito, ¡que deixou o seu Goberno! Di vostede: «¿Como calculan esa cantidade?» É que 85 millóns de euros é o que temos que pagar polas liquidacións negativas que deixou o Goberno bipartito nos anos 2008-2009. (*Aplausos.*) ¡E vostede aínda pregunta de onde saen os 180 millóns! Pois 85 millóns do ano 2018 e 85 millóns do ano 2019.

Ben, o que hai, polo tanto —e tamén eu quixera deixalo claro—, é que hai diferenzas. Como dixeran, o señor Montoro pagou as entregas á conta, e a señora Montero aínda está por pagalas, aínda non chegou a pagalas. Pero tamén hai outra importante diferenza, e é que, cando en xaneiro o Partido Socialista nos presentou ao Grupo Popular o problema das entregas á conta, o presidente da Xunta dixo que Galicia tiña dereito a esas entregas á conta, reivindicounas e dixo que ía, por suposto, pelexar —como despois aconteceu, que si se recibiron— polas entregas á conta. En cambio, esta vez, cando se presenta o problema, o líder do Partido Socialista —que é o partido que goberna en Madrid— di que esa reivindicación é un teatrillo, que esa reivindicación non vale para nada. E, polo tanto, a diferenza é que hai un líder que apoia as reivindicacións de Galicia cando son xustas e outro que prefire desculpar o incumprimento dos seus militantes de Madrid.

Ben, Galicia empezou a pedir isto, as entregas á conta. Detrás viñeron todas as comunidades. E, como consecuencia diso, varias comunidades anunciaron recortes. Valencia falou aproximadamente de 400 millóns de euros que ía aprazar para o exercicio do ano seguinte; Balears, axustes por 500 millóns de euros. E Galicia anunciou que non ía haber recortes senón que, se é o caso, se recorrería ao crédito. É evidente que esta incidencia xerou moitos problemas; entre outras cousas, no pago aos provedores. E é certo que isto se agrava polo tema do IVE.



Efectivamente, como se dixo, o Partido Popular reformou o sistema de subministración inmediata de información polo que se fai a declaración do IVE. Eu non sei se vostedes leron o de que estes días andou por Madrid —é unha noticia moi recente, de primeiros de novembro— o ministro de Facenda de Francia. Non fixo ningún contacto electoral porque foi educado e non quixo participar na campaña electoral apoiando a ningún partido. E dixo o motivo de por que vén. Visita Madrid para aprender: «*Si voy a España, es también para inspirarme en las medidas adoptadas por diversos gobiernos, es el caso de la lucha contra el fraude. España ha puesto en marcha una facturación electrónica para el IVA, el fraude al IVA es muy importante*». É dicir, o sistema que vostedes din que provoca ese efecto no financiamento autonómico é un sistema que é contra a fraude; polo tanto, paréceme que criticar a Montoro porque implantou un sistema para loitar contra a fraude que mesmo veñen de Francia imitalo pois paréceme que non é de recibo. E o problema son os 200 millóns de euros ou a modalidade do IVE.

Efectivamente, nós eramos tan conscientes disto que o presidente foi en agosto do ano 2018, cun goberno perfectamente en funcións, e a ministra comprometeuse a resolver o problema. Non era modificar o sistema de información do IVE, era simplemente recoñecer —como di a LOFCA— que ás comunidades autónomas lles corresponde unha anualidade da recadación territorializada do IVE. Ben, resulta que un ano despois, despois dese compromiso da ministra socialista, o Goberno comúncalle á Airef, no seu informe do 16 de xullo de 2019, que non vai modificar o sistema de subministración de información, e que iso lle beneficia nun 0,2 % de déficit, que a Airef advirte que van ter que soportar as comunidades autónomas. E a propia Airef, o 25 de outubro de 2019, no último informe —á raíz da segunda comunicación remitida á Unión Europea polo Goberno—, di que empeora o déficit das comunidades autónomas porque o Goberno socialista decidiu non resolver o problema do IVE, da mensualidade do IVE, e que, polo tanto, van ter un problema de incumprimento grave, que practicamente moitas comunidades —non é o caso de Galicia porque temos afortunadamente unhas contas ben xestionadas— van ter un incumprimento grave dos obxectivos de estabilidade.

Por tanto, iso é o que hai detrás. E a iso hai que sumarlle que Galicia recibiu no ano 2017, co Goberno do Partido Popular, 85 millóns de euros que se destinaron á sanidade directamente, e que o Goberno actual potestativamente di que non quere transmitir, o cal xera un incentivo moi perverso ás comunidades autónomas incumpridoras. Hai máis vantaxes do cumprimento das regras de déficit, pero teremos ocasión de falalas no debate orzamentario, estou seguro.

Ben, as consecuencias deste comportamento político —e contrario ás normas— do Partido Socialista levou a máis recortes, a máis incremento de débeda e ao adiamento de pago a provedores. E detrás o único que hai é o feito de que o Goberno é incapaz de cumprir o déficit porque está facendo un gasto desbocado nesta longa campaña electoral. O Goberno tiña un compromiso de déficit coa Unión Europea para o ano 2019 do 1,3 %, tras a moción de censura o PSOE negociou o 1,8 % e, cando lle remitiu o programa de estabilidade, conseguiu subilo ao 2 %. E agora a Airef di que polo menos imos polo 2,1 % do déficit. Iso é o que está detrás de que queden coa mensualidade do IVE e non outra cousa. E por iso, precisamente, como nin sequera con esas son capaces de cumprir as normas de déficit, o que está pasando é que a Unión Europea lles está tirando das orellas constantemente.



Ben, nestas circunstancias, e compartindo o obxectivo de que o Goberno socialista toma a decisión de darlle á Comunidade Autónoma de Galicia o que lle corresponde de acordo coa lei, a pregunta é: ¿esta lei é necesaria?, ¿esta lei é correcta tecnicamente?, ¿esta lei arranxaría o problema do que estamos a falar? E, señor Villares, para nós a resposta ás tres preguntas é que non. Primeiro, non é necesaria. Como xa lle digo, a mellor proba de que se podía pagar é que unha parte da débeda que se lle debía a Galicia xa se pagou por vía de decreto. ¿Cando? Cando se convocaron as eleccións, en plena campaña electoral, e tras unha longa etapa de presión para que se fixera presidente o señor Sánchez. Pero que se pode legalmente é tan claro como que se aprobou cun decreto. Evidentemente non era un teatrillo pedir un decreto. ¡Evidentemente que se podía facer o decreto! (*Aplausos.*) Evidentemente, o que estaba facendo o teatrillo era o que dicía que, por non haber goberno plenamente constituído, non se podían pagar esas cantidades. E efectivamente demostrouse —porque se están a pagar— que estas cantidades se podían pagar.

A lei, evidentemente, permíteo. O informe da Xunta que remitiu ao Goberno de España e aos grupos parlamentarios deixa claro que o Tribunal Constitucional deixa claramente adaptar os créditos a obrigas legais contraídas previamente, como é o caso da LOFCA. É a LOFCA a que condiciona os orzamentos e non a existencia dos orzamentos o que inflúe na aprobación dos orzamentos. É dicir, é a LOFCA a que manda, é unha obrigación contraída previamente; por tanto, é a que condiciona os orzamentos, e non ao revés. Evidentemente, hai antecedentes, o Goberno de España en tempos de Rajoy aprobou por real decreto —estando en funcións— a prórroga das prestacións por desemprego aos maiores, ás persoas maiores; e, polo tanto, aí había un caso claro de compromiso co gasto social. E o actual Goberno, curiosamente, aprobou un convenio para que o Ministerio de Defensa contratase 346 blindados, cousa que a min me parece ben; pero se un compromiso de gasto a cinco anos para comprar tanques —ou vehículos blindados— non é un compromiso para gastos futuros... Aí díxose que non era un problema de gasto, senón que era un problema técnico. É certo, por tanto pódese facer, fíxose, e é un problema claramente de vontade política.

Creemos que non fai falta porque non é necesario, e, en segundo lugar, a súa proposta non é tecnicamente correcta. Porque o problema do IVE é dunha soa vez, é deste exercicio. E aprobar unha lei con vixencia xeral para resolver un problema que ten solución, facelo a través dunha reforma xeral dunha lei, pois parécenos absolutamente innecesario.

O seu texto, por certo, di: «podería pagar». É dicir, que o seu texto nin sequera pon obrigatorio o pago desas cantidades. Iso podería resolverse por emenda, pero, en todo caso, a nós non nos parece correcto reformar unha norma de carácter xeral para resolver un problema dun ano cun Goberno que se apropia dunha cantidade das comunidades autónomas.

En conclusión, xa se pode pagar. O que fai falla é que o Goberno pague; se non, pois verémonos nos tribunais —cousa que o Goberno non descartou— en relación co IVE. Aprobalo, ademais, daríalle unha coartada ao Partido Socialista, que sabemos que pode pagar e que non quixo pagar por razóns políticas e presupostarias. Polo tanto, non o imos apoiar.

E, para rematar, quero dicir que vostedes comprenderán a certa frustración que nos invade no Grupo Parlamentario Popular. Cando chegamos ao Goberno, nos anos 2008 e 2009 ato-



pámonos con que tivemos que devolver —e seguimos a devolver— 2.200 millóns de euros das entregas á conta en exceso que recibiu o Goberno bipartito, as famosas liquidacións negativas. Iso marcou todos os exercicios orzamentarios dende o ano 2009, polo diñeiro de máis que lle deu o Goberno socialista de Madrid ao Goberno progresista de Galicia pero que está pagando o Goberno do Partido Popular. E agora, este ano, o que pasa é que, a maiores, cando aínda non deixamos de pagar esa débeda, resulta que o que lle corresponde a Galicia o Goberno Socialista de Madrid —que antes daba de máis— non o dá. Polo tanto, dá menos do que lle corresponde.

Todas estas cuestións supoño que o pobo de Galicia as terá en conta; e, de feito, os últimos resultados electorais dannos que pensar que, efectivamente, o pobo de Galicia sabe que, en materia financeira, cando gobernan vostedes déixannos débedas, e que, cando gobernamos nós, tamén collen débedas eles con nós. E así, certamente, non é fácil gobernar. Pero, desde logo, nós seguiremos defendendo os intereses de Galicia en materia orzamentaria.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Réplica do grupo autor da proposición de lei.

Señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Nós traemos hoxe, desde de En Marea, non unha proposta de cambio de modelo de financiamento, como parecía que se suxería desde algún dos grupos parlamentarios. Traemos algo moito máis modesto e moito máis simplista —para recoller as palabras dalgún dos deputados que interveu—. E falamos de algo tan simplista como asegurar que a cidadanía teña acceso aos recursos económicos aos que ten dereito para o funcionamento ordinario da súa autonomía; e, polo tanto, para o funcionamento ordinario dos hospitais, das escolas, da dependencia, das políticas activas de emprego, da promoción ou da igualdade entre mulleres e homes. Nós pretendíamos blindar a autonomía a nivel económico para evitar que iso formase parte da chantaxe partidaria nos períodos de transición, nos períodos interinos de ausencia de goberno en plenitude de funcións, e que, polo tanto, iso saíse fóra do debate partidario.

Nós queríamos que quedase claro, por medio dunha reforma lexislativa, o que ten que facer o Goberno. Non queríamos que quedase baixo a sombra da ameaza, baixo a sombra da chantaxe. Porque, se a cuestión fose tan clara, non estaríamos falando diso durante todos estes meses, agora no 2019 e tampouco no 2018.

A moitos partidos, ou a algúns partidos, parece que o único que lles interesa nesta materia é poder cruzarse reproches en vez de acadar solucións, solucións que teñan carácter estrutural e que sexan neutras, que afecten por igual sexa quen sexa o que governe na Xunta de Galicia e sexa quen sexa o que governe no Estado. E iso é o que hoxe pretendíamos atallar. Esta norma era unha norma de blindaxe da autonomía. E é certo que nós, evidentemente, como é sabido por parte do resto de grupos parlamentarios, non concordamos con este mo-



delo de financiamento. Pero é que isto non vai deste modelo de financiamento, nin única nin principalmente. Isto vai de que, dadas as circunstancias, queremos unha solución que non faga que vaíamos dependendo desas chantaxes para poder acadar unha solución ou non.

Se o Partido Popular estaba de acordo co fondo do asunto, nós pensamos que había marxe para poder negociar no trámite de emendas a formulación do IVE, a formulación do carácter imperativo, potestativo, etc. Había formas de poder chegar a acordos, se se quixese.

Despois tamén hai outra cuestión. Se había unha demostración de que si se podía, porque se aprobaron mediante real decreto esas entregas, nós esperamos que iso dea lugar a que nunca máis se volva falar aquí do tema do resto das cantidades pendentes. Sabemos que iso non é así, sabemos que non se pagou todo, incluso o que a Xunta de Galicia postula. Nós temos interese en que toda esa cantidade se transfira, non porque queiramos apoiar o Goberno, evidentemente, pero si que queremos que os recursos que nos corresponden non estean fóra do noso alcance, para que a Administración poida cumprir coa súa función, que é a de asegurar dereitos á cidadanía. E nós queríamos que ese debate de aseguramento de dereitos non quedase condicionado pola inexistencia dun goberno nas Cortes do Estado. Isto é blindar a autonomía, isto é que, con independencia de se o goberno é amigo ou é inimigo —en termos empregados algunhas veces na dinámica parlamentaria—, o aseguramento das prestacións e o funcionamento normal da autonomía estivese garantido.

E, ademais, hai outra cuestión: se tan claro era en termos normativos, ¿por que non se acudiu aos tribunais xa en primeiro momento e por que non se pediu de forma cautelar a entrega desas cantidades? —o que, como vostedes saben, é un recurso que permite a Lei da xurisdición contencioso-administrativa—, de tal maneira que non había nin por que especular sobre se se pagaba ou non se pagaba nin sobre se se suspendían as prestacións nin aquí nin en ningunha outra comunidade autónoma. Recursos con medidas cautelares, nada diso se fixo. ¿Por que? Porque é evidente que non estaba tan claro e que ninguén quería arrastrar o peso político de ter ido aos tribunais a pedir unhas medidas cautelares e que fosen denegadas polos tribunais. E é normal, é normal que non se quixera correr ese risco. A única forma de non correr ese risco é cunha reforma estrutural que saque do debate partidario, que saque da chantaxe política, se van funcionar institucións básicas do noso país. Porque non hai ningunha institución de autogoberno que funcione sen diñeiro.

Polo tanto, claro, non é unha cuestión exclusivamente de se se suspende unha determinada prestación ou un determinado salario. É que, se non, sen os recursos, non funciona nada. E por iso nós pensabamos que esta era unha boa decisión, que esta era unha boa proposta; unha proposta que, para algúns, por simple, podía parecer pouco ambiciosa. Nós quixemos plantexar a máis estrita, a mínima necesaria, para isto. Claro que se podían facer reformas máis ambiciosas e claro que se podía abrir un debate sobre financiamento. Nós, de feito, apoiámolo e trouxémolo a esta Cámara en numerosas ocasións; pero hoxe queríamos solucionar un problema concreto.

E, lamentablemente, o tempo vainos dar a razón. Verémolo nas próximas semanas e verémolo seguramente nos próximos anos, porque as dinámicas parlamentarias cambiaron, as dinámicas políticas cambiaron. Nós non concordamos, como se dixo aquí, en que a plurali-



dade partidista nas cámaras sexa un problema ou sexa un obstáculo. Nós cremos nesa pluralidade, como tamén cremos no dereito que nos asiste a, en nome de mellorar a calidade de vida das galegas e dos galegos, facer propostas de reforma lexislativa nesta Cámara para que se debatan no Congreso dos Deputados, sen que iso nos valla a censura de ningún grupo.

Por esta razón, desde En Marea aínda lles pedimos o último apoio a todos os grupos nunha reforma que, a pesar de ser moi simple, moi puntual, a pesar de ser unha reforma moi básica, é unha reforma que aseguraría a tranquilidade no funcionamento normal da nosa Comunidade Autónoma e, polo tanto, unha garantía do autogoberno de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Votación do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate desta proposición de lei, deste texto lexislativo, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, para presentar ante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de modificación da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 35; abstencións, 19.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Rematou a votación. Abran as portas.

Continuamos co punto 2º da orde do día, que é o de comparecencias. Acumúlanse dúas peticións de comparecencia no mesmo punto.

Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social, por petición propia, para informar sobre a situación da atención ás persoas maiores en Galicia

Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social, por petición dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, para dar conta da situación das residencias de maiores da Xunta de Galicia e explicar os recortes efectuados e a non ampliación dos cadros de persoal que están a incidir negativamente nunha prestación digna e de calidade nos centros de persoas maiores e nos centros de menores da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra a conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente, deputadas e deputados, moi bos días.

Antes de comezar a miña intervención gustaríame trasladarlle o noso pésame á familia do mariñeiro falecido no Porto do Son.

Alégrome ter hoxe a posibilidade de comparecer ante esta Cámara para falar dun dos ámbitos prioritarios para a Consellería de Política Social e para toda a Xunta de Galicia, como é a atención aos nosos maiores. Os maiores son aos que lles debemos todo o que somos, os maiores son unha parte moi importante, en todos os sentidos, da nosa sociedade. Os maiores son o núcleo de moitas familias e o piar para construír a Galicia das familias. Porque, señorías, a Galicia de hoxe non se entende sen aqueles que o deron todo para construír o que somos. As persoas de máis idade son unha fonte de coñecementos da que hoxe todos bebemos, son un valor seguro para a Galicia do presente e, polo tanto, son tamén imprescindibles para a construción dunha sociedade mellor.

Todos nós temos a responsabilidade de asegurarlles o seu benestar para que disfruten desta etapa da súa vida como merecen; cando son autónomos, con programas de envellecemento activo que os axuden a manterse lúcidos, a manterse vitais, durante o máximo tempo posible e, cando son xa dependentes, con servizos profesionais de altísima calidade para afrontar esa nova etapa.

A Xunta de Galicia pon todos os seus esforzos para que estas palabras sexan feitos. Son feitos cos que podemos dicir que hoxe en Galicia é moito máis doado que antes facerse maior, moito máis doado que hai dez anos; feitos como superar as máis de 8.000 prazas públicas en residencias, un 42 % máis que hai unha década; acadar as máis de 3.300 prazas públicas en centros de día, mentres que no ano 2009 non chegaban nin tan sequera ás 1.000; multiplicar por 6 os beneficiarios do Servizo de Axuda no Fogar, e chegar xa aos 24.000 usuarios; e a posta en marcha tamén de servizos innovadores e de servizos de proximidade que achegamos ao noso rural para prestarlles a mellor das atencións, como son as casas do maior ou os coidados porta a porta, que durante este ano atenderon a máis de 2.000 persoas en 20 concellos galegos.

Con todo isto conseguimos superar en só dous anos o obxectivo marcado para toda a lexislatura de chegar e superar xa a día de hoxe as 60.000 persoas dependentes atendidas. Hoxe practicamente 9 de cada 10 galegos e galegas con dependencia recoñecida reciben unha prestación pública. E Galicia sitúase case 8 puntos por riba da media estatal en ratio de atención.

Pero somos conscientes de que aínda queda moito camiño por percorrer e por iso traballamos día a día por mellorar os servizos xa existentes e tamén por continuar creando cada día máis e novos servizos. A nosa ambición non remata ao acadar os servizos de maior calidade para un maior número de persoas, porque buscamos tamén achegarnos ás preferencias dos usuarios, dos nosos maiores, para satisfacer as súas necesidades pero tamén os seus desexos, para que poidan disfrutar con plenitude desta nova etapa da súa vida. E, neste sentido, é crucial coñecer o lugar onde queren pasar estes últimos anos da súa vida, ben nos seus fogares, nos seus barrios e nas súas parroquias, ou nun dos centros de atención especializada que hai en toda Galicia.



Moitos maiores cos que me atopo día a día durante as miñas visitas polos concellos galegos sinalan que prefiren ser atendidos no seu lugar de sempre, na súa casa, no seu fogar. E precisamente por iso o Goberno galego ten en marcha varios e distintos programas para garantir a liberdade dos galegos para facerse maiores na súa propia casa.

O Servizo de Axuda no Fogar, que é un programa no que somos pioneiros en España, é un dos servizos mellor valorados polos usuarios que desexan ser atendidos no seu propio fogar; 24.000 persoas reciben o servizo de axuda no fogar, 1 de cada 3 persoas dependentes atendidas, 6 veces máis que no ano 2009. É un servizo xestionado polos concellos galegos pero que financia na súa maior parte a Xunta de Galicia e cuxo investimento se vai incrementar no ano 2020 no 1,6 % ata chegar a máis de 76,3 millóns de euros.

O programa «xantar na casa» é un programa que é moi exitoso, a través do que se serven a domicilio máis de 40.000 menús ao mes e con usuarios de máis de 170 concellos galegos.

O impulso da teleasistencia avanzada, en colaboración estreita coa Cruz Vermella, é un servizo do que xa desfrutan preto de 6.000 usuarios na nosa comunidade. Funciona as 24 horas ao día dos 365 días do ano, e conta con recursos de apoio, como os novos xeolocalizadores.

Co programa de coidados porta a porta é co que se achegan aos maiores que viven no rural servizos como o de optometría, podoloxía, apoio persoal e estimulación da memoria. Neste ano 2019 atendéronse máis de dúas mil persoas en 20 concellos galegos, e en 2020 multiplicará por dez o seu alcance, chegando a 200 concellos de Galicia. E, como non, puxéronse en marcha as primeiras casas do maior, pequenos centros de día no rural galego, totalmente gratuítos para todos os usuarios, que no ano 2020 duplicarán a súa presenza para chegar a 60 instalacións.

A boa acollida e o éxito de todos estes programas que lles acabo de enumerar pon de manifesto que Galicia hoxe continúa sendo un referente en servizos sociais que permiten aos nosos maiores permanecer no seu fogar e na súa contorna sen renunciar a ser atendidos.

Señorías, como non podía ser doutra forma, a Xunta de Galicia considera prioritario garantir unha atención de calidade en todos os centros residenciais de Galicia, sexa cal sexa a súa titularidade. Para iso, o Goberno galego vai incrementar o vindeiro ano os fondos destinados a manter e a contratar novas prazas públicas de atención aos nosos maiores, o que permitirá superar as oito mil prazas, un 42 % máis que hai unha década. Ademais, e como xa saben, nos vindeiros meses vanse construír sete novos centros integrais de atención ás persoas maiores nas sete grandes cidades de Galicia, que incrementarán a oferta con novecentas prazas cen por cento públicas. Estamos a falar dun investimento de 90 millóns de euros, que será asumido integramente pola fundación Amancio Ortega, de xeito que os galegos e as galegas non teremos que desembolsar nin un só euro. E, unha vez construídos, estes centros serán postos á disposición da Administración autonómica para incorporarse á rede pública de centros de maiores.

Ademais destes sete novos centros, que serán unha referencia en Galicia, en España e en Europa, no ano 2020 acometeremos tamén importantes melloras nos centros públicos de



atención ás persoas maiores. Neste sentido, creo que é importante aquí resaltar o esforzo económico que fai a Xunta de Galicia para reformar a Residencia de Campolongo, en Pontevedra, con tres millóns e medio de euros; avanzar na modernización da Residencia de maiores de Ferrol, con 1,8 millóns de euros; rematar a ampliación da Residencia de maiores de Cerdedo, na que investimos un total de 1,7 millóns de euros; ou culminar as melloras nas residencias de maiores de Burela e de Barbadás.

Para que as persoas que están esperando por unha praza pública de residencia poidan ir ao centro de maiores da súa elección, a Xunta de Galicia tamén lles prestará o seu apoio, e para iso dispoñemos do bono Autonomía en residencia. Trátase dunha axuda directa a aquelas persoas que, tendo recoñecido un grao de dependencia están á espera de acceder a unha praza dunha residencia pública. As contías destas prestacións incrementáronse con respecto ao ano pasado. Para os dependentes de grao 1, dun máximo de 300 euros a un máximo de 360 euros, un 20 % máis; para as dependencias de grao 3, incrementáronse outro 20 %, pasando dun máximo de 715 euros a 858 euros; e para as dependencias de grao 2, experimentaron un incremento histórico dun 75 %, de xeito que o seu máximo pasa de 426 euros a 745 euros. Dende o pasado mes de abril, 19.000 galegas e galegos viron incrementadas as contías e as prestacións da súa dependencia. As axudas para un cuidador da súa propia familia pasaron dun máximo de 387 euros a un máximo de 426 euros, e isto é un 10 % máis.

Converter a Galicia nun referente na atención ás persoas maiores non sería posible sen o importante labor que desempeñan os profesionais nos distintos ámbitos. Máis de 6.500 mulleres e homes que traballan con vocación, día a día, para garantir o benestar das persoas con máis idade. Paralelamente ao crecemento do número de prazas públicas de atención ás persoas maiores —como dicía antes, un 42 % máis que cando chegamos ao Goberno—, fóronse reforzando os cadros de persoal público que atende as nosas residencias. Estas 6.500 persoas supoñen un 10,3 % máis de efectivos que no ano 2009 e un 3,2 % máis que no ano 2018.

Gustárame aproveitar a miña intervención para agradecerlles aos excelentes profesionais das residencias e dos centros de día públicos todo o que fan día a día para mellorar o benestar e a calidade de vida dos nosos maiores. Somos conscientes de que para garantir a mellor atención posible é necesario que os profesionais conten cunhas condicións de traballo óptimas, porque só así seremos capaces de facer de Galicia o mellor lugar para facerse maior.

Ao longo destes anos fomos incrementando, de xeito constante, o número de persoas que atenden os centros públicos de atención ás persoas maiores; un incremento que permitiu mellorar a calidade do servizo que se presta aos usuarios, mellorar a conciliación laboral e da vida persoal e laboral dos nosos traballadores, e o que é máis importante, reducir a carga de traballo en parte tamén, e moi importante, pola modernización das axudas técnicas, moito máis ergonómicas, que facilitan a manipulación das cargas de traballo.

Señorías, o aumento de persoal levado a cabo permitiunos mellorar a situación laboral dos nosos traballadores, que puideron pasar de sete días consecutivos de traballo a cinco; mesmo na meirande parte dos casos traballan tan só catro días consecutivos. De tres noites consecutivas de traballo pasaron a dúas, e dun fin de semana de descanso de cada tres, a un de cada dous. De non existir ningún tipo de compensación por traballar as fins de semana, a re-



cibir un equivalente ao 50 % do traballado os domingos. Das 1.665 horas de xornada máxima anual que establece o V Convenio, os traballadores da Consellería fan o 5,4 %. E, recentemente, acabamos de aprobar unha nova modificación da relación de postos de traballo, RPT, da Consellería de Política Social; unha modificación que permitiu incrementar as medias xornadas a xornadas completas de moitos auxiliares de enfermería e persoal técnico, como son os fisioterapeutas e os terapeutas ocupacionais, e tamén crear novos postos de traballo nas xefaturas territoriais da Coruña, de Lugo, de Ourense e de Vigo. O incremento do número de efectivos da Consellería e o cambio das carteleiras que acabo de citar tamén, redundou nunha mellora da ratio de persoal de atención directa dos centros de persoas maiores.

Como saberán, a normativa que regula as condicións e os requisitos que deben de cumprir os centros de atención ás persoas maiores establece que a ratio mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa é de 0,20 por usuario con autonomía ou dependencia leve ou moderada e 0,35 para persoas dependentes severos ou con gran dependencia. Para conseguir este obxectivo é imprescindible o traballo diario que realizan os inspectores dos servizos sociais, que verifican de xeito exhaustivo que se está a cumprir cada día a ratio de persoal que marca a normativa e que ofrecen unha atención de máxima calidade. Así, a verificación da ratio de persoal faise en función —como xa dixen noutras ocasións— do número de residentes e do seu nivel de dependencia. Polo tanto, esta ratio vaise actualizando día a día en función do nivel de dependencia dos usuarios, porque non existe, como ben saben, unha ratio estática, senón que é constante no tempo e é unha ratio dinámica. Non se trata —como tamén dixen noutras ocasións— dunha cifra escollida libremente nin que se fixa arbitrariamente, senón que responde ás necesidades do centro en cuestión e vén dada pola normativa en vigor.

Neste cómputo da ratio mínima de persoal tense en conta a efectiva substitución dos traballadores nos supostos de carga de traballo, substitucións e cobertura de baixas; é dicir, que non se computa o persoal voluntario, nin o persoal en prácticas, nin tampouco os traballadores que están de baixa médica, de vacacións, permisos, licenzas ou excedencias. Neste último suposto, a calidade do servizo que reciben os nosos maiores queda plenamente garantida e non sofre alteracións significativas, xa que para a substitución do persoal dos centros acódesse ás listas de contratación que Función Pública xestiona en cada unha das provincias.

Os plans anuais de inspección demostran que a gran maioría dos centros de servizos sociais galegos cumpren coa normativa e que se garante a atención de calidade de todas as persoas usuarias. As melloras nas condicións dos profesionais que atenden os nosos maiores non só pasaron por incrementar esta ratio de persoal, senón que tamén existiu un incremento salarial. Dende o ano 2017, as retribucións do persoal da Consellería incrementáronse un 1 %; no ano 2018 volvéronse incrementar un 1,75 %; e no ano 2019 o incremento foi dun 2,5 %. E para o ano 2020 contéplase un incremento dun 2,2 % respecto das do ano anterior.

Galicia avanzou moito en materia de atención aos nosos maiores, pero, por suposto, hai que recoñecer sempre que aínda nos queda moito, moito por facer. Pero todos os feitos apuntan a que as galegas e os galegos teñen hoxe moitas máis opcións para facerse maiores como libremente desexen e contando sempre coa atención do persoal que eles necesitan. Para iso,



nos orzamentos do ano 2020 contemplamos 450 millóns de euros na área de maiores e discapacidade; un 5,2 % máis que no ano anterior, ou o que é o mesmo, seis de cada dez euros xestionados pola Consellería de Política Social.

Cando chegamos a unha nova etapa vital, sempre temos ao noso carón un maior que nos guía no novo camiño, nos aconsella a tomar as mellores decisións e fai que a transición sexa moito máis doada. Non sucede o mesmo con eles. Somos todos nós, como sociedade, os responsables de devolverlles este favor e de garantirles todos os coidados e as atencións que eles nos prestaron durante moitos anos. Con este obxectivo claro é co que traballa a Xunta de Galicia e co que pelexa día a día a Consellería de Política Social.

Señorías, o compromiso do Goberno galego non é outro que garantir que as persoas usuarias da residencias e dos distintos centros da Consellería se sintan nestes centros como nas súas propias casas. Pero tamén nos preocupamos de que os profesionais que coidan deles contengan as mellores condicións laborais e cunha carga de traballo razoable, grazas ao cumprimento das ratios que fixa a normativa vixente. Isto é unha proba máis de que os nosos maiores e os seus coidados son e seguirán sendo sempre unha das prioridades da Xunta de Galicia.

Continuaremos dando pasos para chegar á meta dunha sociedade mellor, onde os nosos maiores poidan facerse maiores libremente, activamente e plenamente integrados na nosa sociedade. Pasos como o da xestión do servizo Xantar na casa, para garantir que as persoas maiores contengan cada día con comida sa e equilibrada na súa propia casa. Pasos como o da Teleasistencia avanzada, para permitirlles a máis de 5.700 persoas maiores contar con apoio profesional as 24 horas do día, cando se sintan inseguros, cando se sintan sos ou cando lles pase algún accidente. Pasos como de reforzo no servizo de Axuda no fogar, para que Galicia siga sendo sempre unha referencia en toda España. Os coidados porta a porta para chegar aos maiores do rural con servizos móbiles e gratuítos de podoloxía, de optometría e de traballo social. Pasos como os da Casa do maior, pequenos centros de día no rural galego que permiten ás familias galegas poder conciliar, e o Plan de atención ás persoas maiores que viven soas, como resultado da excelente e recente lonxevidade da nosa sociedade.

Para iso estamos a traballar nunha estratexia de prevención e atención á soidade, cuxo traballo comezará por elaborar un censo das persoas que viven soas e que non desexan vivir soas. Trataremos esta situación e traballaremos sempre da man da Fegamp, pero para iso é preciso que todos nós traballemos conxuntamente para acadar este obxectivo. Pódolles garantir que a Consellería de Política Social continuará desenvolvendo accións a favor do benestar das persoas con máis idade de Galicia, e confío sinceramente en que todos os grupos parlamentarios comparten estas metas que nós nos marcamos, porque o benestar dos nosos maiores non entende nunca de cores políticas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.



Polo Grupo Mixto ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidenta.

Antes de nada, quería trasladar as condolencias do Grupo Mixto para o mariñeiro falecido, e mais tamén a nosa denuncia do golpe de Estado en Bolivia.

Previamente a esta comparecencia, quixera dicir, xa que estamos a falar da Consellería de Política Social, que tamén precisa unha comparecencia parlamentaria —e nós témola pedida en comisión— sobre a cuestión das intoxicacións en escolas infantís, ou cando menos unha explicación oficial e rigorosa e un contacto oficial e rigoroso coas familias afectadas, que están moi preocupadas, no sentido de que se trata de múltiples casos de intoxicacións, leves si, pero con reaccións alérxicas, en crianzas menores de 3 anos, en escolas diferentes, con menús tamén diferentes, pero coa característica dunha mesma empresa que centralizaba o abastecemento. Unha das medidas da consellería, a medida proposta, foi o abastecemento de proximidade dos produtos alimenticios e o enxoval de cociña. Nós, dende logo, defendemos que ese debe ser o modelo. Non é obxecto desta comparecencia, pero quixeramos deixalo patente porque é un tema que está preocupando moito, e a oposición temos solicitada a súa comparecencia en comisión.

Esta comparecencia solicitada hoxe polo Goberno, como vostede acaba de facer, para informar de xeito xenérico sobre a situación das persoas maiores, eu quero lembrar que se acumula a unha que solicitamos a oposición. O obxecto desa comparecencia era aclarar a situación das residencias de persoas maiores da Xunta e explicar os recortes de persoal que houbo e como isto incide negativamente na prestación digna e de calidade nos centros de persoas maiores. Cito literalmente o que lle pediamos, e a isto súmase tamén unha petición unánime na Comisión 5ª.

Pero é que, ademais, vén precedida dunha situación durante este verán que fixo patente un elemento estrutural da política da Xunta de Galicia en relación coa non substitución en baixas e permisos de persoal nos centros de atención directa tanto de persoas maiores como das persoas con discapacidade; unha situación estrutural que ten que ver no fondo coa falta de investimento en persoal. Ao final, iso redunda nunha merma da calidade da atención. Vostede mesma sinalou que a respecto de 2009 hai un 10,3 % máis de efectivos, pero segundo os seus datos, un 40 % máis de persoas en residencias. Hai aí xa unha evidente disparidade.

Antes de meternos polo miúdo nesta situación grave da atención nas residencias da terceira idade do noso país, vou comezar por esa apelación á atención de proximidade. Nós estamos de acordo, o servizo residencial é o último recurso. Pero ¿que sucede? Que debe vir precedido dunha política global de prevención, de servizos integrais de atención ás persoas maiores no contorno familiar e comunitario que tampouco existe.

Faltan prazas en centros de día e falta impulsar o modelo de centros de día que non entenda eses centros de día como, digamos, uns substitutos de residencia, senón como potenciación da autonomía persoal. Falta, incluso, no servizo residencial que as residenciais estean máis



distribuídas polo territorio, para evitar eses longos desprazamentos de persoas que precisan unha residencia, que precisan, desgraciadamente, ese servizo, pero que teñen que ir a quilómetros e quilómetros do seu lugar de orixe. E falta tamén unha potenciación real do servizo de axuda no fogar, porque seremos pioneiros, pero a precariedade laboral do servizo é tremenda. A imposibilidade de prestar todas as horas que son concedidas ás persoas ás que se lles reconece esta prestación da dependencia é patente, é unha situación global en todos os concellos do país, e temos que buscar unha fórmula que permita un mínimo de calidade e a extensión máxima deste servizo, do servizo de axuda no fogar, en todo o país.

Indo ás residencias, dicía que este verán foi tremendo en moitas delas, denunciouno a CIG e fixo esta petición de comparecencia que os grupos da oposición rexistramos. Nós queriamos unha explicación máis polo miúdo desas inspeccións que anunciaron na prensa en centros de atención directa, porque, ao final, tamén denuncia este mesmo sindicato que estas inspeccións non se realizaron nos días clave nos que se rexistran precisamente os maiores incumprimentos de ratios de atención por non cobertura de baixas ou vacacións; isto é, en agosto, no verán, do 15 ao 18 de agosto. De feito, trasladounos esta central sindical que nas residencias públicas da provincia da Coruña, no verán, non se realizaron estas inspeccións, cando é onde hai máis residencias públicas da Xunta, de xestión propia e tamén de xestión privada, e os centros con máis persoas atendidas do país. É dicir, estamos a falar dos macrocentros, que rexistran unha carga de traballo maior.

A realidade é que teñen o mesmo persoal para inspección —como indicou o Consello de Contas— que hai uns vinte anos, e non se está vixiando a ratio efectiva por xornada. Hai poucos plans, hai poucas inspeccións e, ademais, hai pouca transparencia, e acabámolo de ver, en relación con estas, con respecto á oposición.

Ademais, durante este verán a CIG tamén denunciou —falando desas listas de substitución ás que se refería— que se utilizaron contratacións a dedo, por esgotamento desas mesmas listas de substitucións desde xuño, por unha falta de previsión. E ante isto, ¿que fixo a Consellería de Política Social? Pode explicar aquí esta denuncia da CIG.

En lugar de facer chamamentos a oficinas de emprego para buscar ese persoal vacante, segundo méritos e capacidade, pois efectuáronse contratos sen publicidade para cubrir as ausencias. Isto é moi grave. Reiterámoslle a petición de explicacións sobre isto, pero tamén denunciámos a falta de previsión da Xunta e tamén unha realidade estrutural: non hai persoas para cubrir estas listas porque as auxiliares e as enfermeiras —e falo en feminino porque son maioritariamente mulleres quen traballa neste sector— prefiren traballar no Sergas, aínda tendo en conta as condicións laborais das eventuais do Sergas, por exemplo, que estar nestas listas, porque o traballo é absolutamente esgotador. Por iso, máis aló desta situación do verán, que é cando se rexistran as peores situacións, queriamos falar —xa non me vai dar tempo— da situación estrutural de déficit nas residencias de persoas maiores.

Vostede mesma relatou esa recuperación paulatina, e aínda non total, do dereito ao descanso do persoal como unha dádiva do Goberno, cando é un dereito reconecido polo V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, e xa debería estar en suspenso —valla a redundancia— esa suspensión do artigo 19 do V Convenio, toda vez que foi —supostamente—



aplicado en razón da crise económica. Dende 2014 o PIB medra, pero esta suspensión mantense. Son dereitos do persoal, e isto durante anos orixinou unha carga de traballo sobre un persoal cada vez máis envellecido. É unha realidade, o persoal das residenciais vai tendo máis idade, ademais, nin sequera se fomentou que houbese unha formación ou medios técnicos para facilitar ese traballo duro que é o de movementos de postura a persoas maiores.

En fin, falamos dunha situación estrutural que —como xa digo— non me vai dar tempo a desenvolver, pero podíamola resumir en cinco puntos. Un é a baixa ratio de prazas de residencias da terceira idade e o alto grao de privatización das mesmas. Somos a comunidade autónoma con maior porcentaxe de prazas privadas sobre o total, non chegan as prazas que hai. Ademais, a modalidade que escolleu a Xunta, segundo o propio Consello de Contas, para ir aumentando esas prazas é esencialmente o concerto, non a creación de prazas públicas. E agora vemos como se gaban desas prazas que vai crear a Fundación Amancio Ortega. Era unha trampa ese anuncio de Feijóo do plan Como na casa. Foise orzamentando nas distintas contas de cada ano e ao final era falso que se ían facer ao final de lexislatura cos fondos da Xunta. E, como vemos, eses 90 millóns de euros que agora pon a Fundación Amancio Ortega nin sequera reverteron na consellería para crear novas prazas, porque son necesarias, non chegan. O propio Consello de Contas falaba de que se precisan aumentar anualmente 237 prazas ao sistema. Non chegan, porque a ratio é das máis baixas do Estado.

O segundo elemento xa foi en parte explicado, insuficiente e explotado persoal, tanto nas residencias públicas como nas privadas. Teremos que dar o debate a fondo sobre a situación nas residencias privadas, que aínda é peor. E nunha situación estrutural de insuficiente persoal, o sobreesforzo é patente. É a Consellería que ten maior taxa de accidentabilidade laboral e tamén de incapacidades temporais, que trataron nunha comisión de minimizar, que moitas veces ten que ver co estrés do traballo a quendas ou con enfermidades características deste tipo de centros, como infeccións bacterianas e trastornos musculoesqueléticos. Por certo, hai un estudo que fala de que gran parte do persoal ten que tomar medicación para paliar estas dores musculoesqueléticas. E hai residencias cun 20 % do cadro de persoal de baixa, eses macrocentros, sobre todo, da provincia da Coruña, aos que nos referíamos.

O decreto de ratios non se cumpre en todas as xornadas; esa é a cuestión, que ten que cumprirse en todas as xornadas. Pero é que, ademais, a tardanza nas valoracións de dependencia fai que haxa persoas valoradas como autónomas que en realidade son dependentes, e ao final o que fai é cargar de traballo sen que se recoñeza...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...que a ratio ten que ser de dependentes. Ao final todo vai sobre as costas das traballadoras, e dígoo en feminino porque é un persoal maioritariamente feminino.

En fin, é evidente que o que vai arrastrando isto é unha falta de persoal para as listas de substitución. Como xa non me dá tempo, deixareino para a réplica, pero direi que agardabamos unha explicación máis polo miúdo sobre a situación dramática que se vive nestes centros de atención ás persoas maiores. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Vázquez Verao.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Eu tamén quero empezar mandando todo o noso alento ás familias e aos achegados do falecido do cerqueiro *Divina do mar*, de Portosín, nunha nova traxedia no noso mar.

E logo quero, en primeiro lugar, saudar os representantes da CIG en política social que nos acompañan hoxe desde a tribuna, que nos fixeron chegar a situación que se vive na Consellería de Política Social, fundamentalmente nas residencias de persoas maiores, e pediron que solicitáramos a comparecencia da conselleira para que viñera aquí dar explicacións e solucións, toda vez que isto non vén ocorrendo. Logo dunha petición que rexistramos o 5 de setembro, catro plenos despois vén a conselleira pero di que vén por vontade propia, a pesar de que o 19 de setembro se aprobou unha iniciativa presentada polo BNG na Comisión 5ª, na que unánimemente se demandaba que viñera vostede comparecer. Pero está visto que a palabra do Partido Popular vale pouco e que vostedes teñen a menos vir comparecer cando o demanda este Parlamento, sempre se teñen que agochar detrás daquilo de que veñen porque queren, non porque teñan obriga de render contas neste Parlamento.

A nós parécenos realmente preocupante que tardara máis de dous meses en vir a este Parlamento dar explicacións de cal é a situación do persoal das residencias da súa competencia, señora conselleira. Lonxe de vir facelo, trátao dun xeito colateral e non quere centrarse nesa situación.

Vén hoxe vostede aquí falar de todas as cuestións coas que se poden atender as persoas maiores no noso país, a maior parte delas de baixo custo, e escápase de aí o fondo de cal é a situación das residencias. Unhas residencias que o Partido Popular vén prometendo desde o ano 2012; que prometeu no programa electoral do ano 2012 e reiterou no Debate do estado da nación do ano 2014 e 2015. Anunciaron en febreiro de 2017 a construción das sete residencias co programa Como na casa. Volveu prométele o presidente da Xunta no Debate do estado da nación do ano 2018 e no do 2019. Incluírono nos orzamentos da Xunta, unhas veces nunhas partidas, outras veces noutras, unhas veces poñían, outras veces quitaban, mais nunca o realizaron. Fixeron un concurso de ideas pagado por Abanca para ver como ían ser esas residencias, mais, ao final, estamos rematando o ano 2019 e non hai residencias, non hai nin un só ladrillo, non hai nin unha soa realidade. Vén hoxe dicir que esas residencias as vai construír a Fundación de Amancio Ortega, que decide destinar as frangullas de todas as súas ganancias conseguidas a base da explotación laboral a mellorar os servizos públicos. Desde logo, señora conselleira, sinceramente, o Goberno galego, máis que un goberno que xestiona os recursos públicos, parece unha comisión de festas buscando *sponsors* para que realicen as cuestións que tiña que realizar o Goberno por si mesmo. (*Aplausos.*)

Unhas residencias de maiores que lle temos que dicir —aínda que vostede o sabe e fixo aquí toda unha serie de aseveracións que sabe que son falsas— que hai unha oferta claramente



insuficiente en Galiza de prazas nelas, moi por debaixo da do Estado. As prazas de residencias son arredor de vinte mil, e públicas non chegan ás oito mil; é dicir, o 25 % escasamente. Non crearon nin unha soa praza pública nestes dez anos de Goberno do Partido Popular desde o ano 2009. Sabe que a tramitación para chegar a unha residencia supera con moito o que establece a lexislación, seis meses como tempo para a adxudicación e tres meses para que se conceda a residencia; sabe que están moi por enriba deses tempos. Tamén sabe que houbo un recorte en persoal de máis do 7 % cando houbo un aumento da carga de traballo, que as residencias son, en moitos casos, aparcadoiros —e sinto dicilo así— dos doentes, hai días que non son levantados da cama por falta de persoal, que non se realizan actividades por falta de persoal, que non se realiza rehabilitación por falta de persoal. Hai ingresos en residencias de persoas maiores que non deben de estar nelas, por emerxencias sociais, por orde xudicial, de persoas con problemas psíquicos, con problemas de saúde mental, que non deberían estar nestas residencias, e vostedes, en vez de crear prazas para atender estas persoas, mestúranas, o cal é un problema para a atención destas persoas e é un problema para o persoal, que non ten a formación necesaria para atender este tipo de doentes.

En resumo, señora conselleira, vén, coma sempre, facer o relato dunha realidade paralela, non da realidade que viven os residentes e os profesionais, e voulle contar outra realidade diferente da que vostede describiu aquí. Voulle contar a realidade dos traballadores da súa consellería que non contan porque llo escribiran nun papel —como fixeron con vostede o que veu contar aquí—, senón porque o viven día a día e saben do que están falando.

A realidade que describen os traballadores e traballadoras e que describe o Consello de Contas desminte, unha por unha, as cuestións que vostede veu dicir aquí. Din que hai unha enorme carga de traballo, que por falta de descansos prodúcese un número de accidentes e enfermidades moi elevado. No primeiro semestre deste ano 2019, 174 accidentes laborais na Xunta de Galiza, 97 na súa consellería, na Consellería de Política Social, unha sinistralidade máis elevada —xa llo dixen noutra ocasión— que nos axentes forestais. Supoño que vostede sabe por que se produce iso.

Prodúcese iso polas enormes cargas de traballo, por un cadro de persoal moi feminizado, cunhas idades moi elevadas, moi por encima dos 50 anos nunha parte moi importante, e cunha carga de sobreesforzos moi elevada. Polo tanto, destes 97 accidentes laborais en Política Social, unha parte importantísima son por problemas musculoesqueléticos por sobre-esfuerzo.

Eu quero facerlle unha pregunta, señora conselleira, ¿por que segue en suspenso o artigo 19 do V Convenio? Por que o suspenderon na Lei de acompañamento do ano 2013 e na Lei de acompañamento do 2020 seguen mantendo en suspenso ese artigo? Ese artigo imposibilita que os traballadores e traballadoras descansen o que lles corresponde por traballar en domingos e festivos, permite que se lles estea roubando a compensación adicional do tempo por fins de semana e festivos traballados. Gustaríame que contestara, e que lles contestara aos traballadores e traballadoras que están na tribuna, por que segue en suspenso este artigo que vostedes suspenderon teoricamente por problemas económicos pola crise, pero se a crise xa é historia, ¿por que seguen maltratando o seu persoal mantendo en suspenso este artigo 19?



Hai problemas de saúde constatables, acabo de facerlle un relatorio, e a suspensión deste artigo significa a eliminación de permisos, a non contratación; vostedes non contratan persoal para suplir as ausencias do persoal. A xente quere tempo. Se traballan a destajo, con pouco tempo, pouco persoal e atendendo a persoas que cada vez demandan máis asistencia, necesitan tempo de descanso, e vostedes estanlles negando ese tempo de descanso, ese tempo necesario e recoñecido nese V Convenio suspendido por vostedes. Antes traballaban a metade dos festivos, agora poden traballalos todos. Antes, se traballaban unha fin de semana, descansaban a seguinte, agora poden traballar fins de semana continuas. Eliminación do dereito a comer nos comedores, vostedes elimináronllelo. O dereito á gratificación de tres mensualidades no momento da xubilación vostedes elimináronllelo. O dereito á conciliación, que está no papel pero que vostede llelo nega porque sempre vai coa coetilla de «se as necesidades do servizo o permiten», e como as necesidades do servizo non o permiten, vostedes negan esa adaptación de horarios porque non é posible e obríganlles a pedir redución de xornada. A redución de xornada, señora conselleira —fundamentalmente son mulleres as que piden esa adaptación do servizo ou a redución de xornada—, significa menos salario e menos cotización, co cal, tamén menos xubilación. Condenan as mulleres a ter unha situación laboral moito máis precaria.

O mantemento da suspensión do artigo 19 do V Convenio significa, señora conselleira, que lles están roubando dereitos aos traballadores e ás traballadoras, que non fan esas adaptacións de postos de traballo, e cando as fan, como non contratan persoal para substituílos, recae sobre o resto dos profesionais que están desempeñando os seus labores. Dino os traballadores e as traballadoras porque están alí en tempo real, e dío o Consello de Contas, señora conselleira, que no informe de fiscalización establece que o número de horas que vostedes lles rouban aos traballadores e traballadoras está por enriba das 10.000, o que significaría a contratación a tempo completo dun número moi importante de persoal de enfermería e de auxiliares de enfermería.

A min gustaríame que vostede aquí, na súa quenda de réplica, nos contestara, e lles contestara aos traballadores e traballadoras, por que mantén esta situación, porque as ratios son insuficientes.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Remate, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Remato, señora presidenta. Por exemplo, residencia da Pobra, residencia de válidos, un domingo soamente hai persoal de auxiliares, non hai enfermería, non hai ordenanza, non hai persoal de administración, que só traballa de luns a venres. A fin de semana soamente está o persoal de camareiros-limpadores e unha auxiliar. Pasa tamén en Carballo. E hai persoas cualificadas como válidas que cando chegan a ingresar nas residencias xa empeorou a súa situación, co cal, non computan como dependentes, e resulta que as ratios están moi por debaixo do necesario.

Gustaríame que dera unha explicación e que non volvera repetir a cantidade de falsas verdades que dixó na súa primeira intervención.

Moitas grazas. (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Moi bo día.

Antes de comezar, eu quería lembrarme das compañeiras eventuais do Sergas, que hoxe mesmo están concentrándose nos hospitais e nos centros de saúde públicos xustamente para denunciar a precariedade a que os condena o modelo de contratación; un modelo de contratación que é precario no Sergas e tamén, dende logo, na Consellería de Política Social, a pesar do discurso que hoxe escoitamos. E non agardabamos outro relato, pero a verdade é que, por moito que o repitan, non deixa de ser falso.

Describen unha realidade que non se corresponde, en absoluto, coa que viven as persoas que teñen que recibir os cuidados, nin as familias, nin, por suposto, as traballadoras. Non falan nunca das persoas que deixan sen atender, nin falan tampouco de como se atenden e de como se dan eses cuidados moitas veces. Falan de números, pero detrás dos números hai moitas persoas con enormes dificultades.

O seu modelo, dende que gobernan, é desentenderse da responsabilidade dos cuidados, e os cuidados son un dereito fundamental. Desprazan a responsabilidade, por unha parte, nas familias, obviamente nas mulleres, porque somos nós as que cuidamos maioritariamente, e na iniciativa privada; e non en calquera iniciativa privada, senón en grandes multinacionais.

Xa cando foi a crise da construción díxose publicamente que había que buscar novo nicho de mercado, ¡e que novo nicho de mercado máis marabilloso que os cuidados! Ese é o problema fundamental, que os cuidados non se garanten como dereito, senón que se están utilizando para facer negocio grandes multinacionais, e gobernos como o goberno do Partido Popular están permitindo que estas grandes empresas fagan negocio.

Por falar da situación das persoas que promoven estes cuidados, na nosa opinión, por moito que digan o contrario, é moi alarmante. É moi alarmante a das mulleres que promoven os cuidados informais. Se falamos das que o fan no ámbito familiar, a absorción total da vida é a realidade, porque a gran maioría dedícanlle entre trinta e sesenta e nove horas semanais; pero é que un 30 % das mulleres que realizan cuidados adican máis de setenta horas, ¡máis de setenta horas! E setenta horas semanais pode imaxinar o que é, é o día completo.

Estas horas que lles teñen que adicar, estas horas nas que se necesitan cuidados, practicamente todo o día menos as horas de durmir, chocan de fronte coas axudas, que na nosa opinión moitas veces son ridículas por parte da Administración. E a verdade, que veña aquí presumir do servizo de axuda no fogar, ¡paréceme alucinante!

Por suposto que a axuda no fogar é algo fundamental, e nós cremos que as persoas que queren ser cuidadas no fogar, e as persoas que queren dar cuidados no fogar, teñen que poder facelo. Pero, a día de hoxe, a axuda no fogar na maioría das ocasións é unha hora ao día, con sorte tres horas ao día, e isto contrasta de maneira directa coas setenta horas de cuidados



que son necesarios. E, sobre todo, porque cando lle interesa é algo que fai a Xunta de Galicia, e cando non, é responsabilidade dos concellos. A axuda no fogar sabemos que depende tamén directamente dos concellos, pero a Xunta ten unha contía ridícula, un orzamento ridículo, e por moito que veña aquí dicir que sobe o orzamento, é un orzamento ridículo. ¿E as condicións das traballadoras que exercen estes coidados, non lle preocupan? Pode mirar.

A maioría das traballadoras teñen que pagar os desprazamentos entre casa e casa nun territorio como o de Galicia, onde moitas veces ese desprazamento non é de cinco minutos. Hai traballadoras que traballan para subsistir, que gañan xa unha miseria, os salarios xa son de por si moi baixos, e aínda por riba teñen que facerse cargo do desprazamento en autobús, en coche, ou como sexa, entre horas. E así pasan o día, traballando 12 horas, 13 horas, non de xornada laboral contable, non, só lle contan as horas de atención directa, algo que é ridículo, porque, obviamente, o tempo que teñen que pasar entre unha casa e outra é tamén traballo.

O mesmo acontece nas residencias, que llo levan dicindo tamén moitas veces. Non quixo falar aquí practicamente nada da situación, e veñen aquí falar de que os profesionais merecen o agradecemento. Por suposto que merecen todo o agradecemento, porque están levando e están dando os coidados por riba das súas posibilidades. Pero o que merecen é condicións de traballo dignas, que iso é o que non teñen nestes momentos.

E non o dicimos nós, dino as organizacións sindicais, que lle están pondo denuncias, sistematicamente, tanto nos centros privados como nos centros dependentes da súa propia consellería. E dío tamén o propio Consello de Contas. O Consello de Contas emitiu un informe, que foi moi claro, acerca do modelo de privatización e de recortes que levan aplicando dende que gobernan; un modelo que para o único que serve é para facer negocio, que é malo para o conxunto de galegos e de galegas e, ademais, nin lles sae rendible, porque moitas veces veñen aquí dicir que o público non é rendible.

A Xunta paga un 8 % máis polas prazas privadas que polas públicas. ¡Non é rendible! ¿Cal é a razón para que esteamos gastando cartos públicos dándolles a grandes empresas? A única razón é a de facer negocios con xente que son amigos de vostedes ou que moitas veces teñen vinculación directa.

O que é bo é que sexan prazas cen por cento públicas e residencias cen por cento públicas. E cen por cento públicas non é falar da titularidade, é falar da titularidade e é falar da xestión. Porque vostedes sempre utilizan a demagogia de dicir: non, son prazas públicas e os recursos son públicos. ¿E cal é a xestión? ¿Cal é a xestión das residencias no noso país? Maioritariamente privada, ese é o gran problema. E saen máis caras as residencias privadas, a pesar de que teñen menos ratio de persoal e de que teñen salarios máis baixos ás traballadoras, ou sexa, que as contas son moi sinxelas. Sempre que dicimos que o seu modelo é privatizador, din que por que dicimos estas cousas. É que, de todo o territorio do Estado español, somos o territorio con máis porcentaxe de prazas privadas, o que máis.

E como dicía, a situación do persoal non é mellor nas residencias que xestiona directamente a Xunta. Néganse a falar do tema, pero o Consello de Contas tamén llelo dixo. A maneira que



tiveron de aforrar diñeiro nas residencias públicas foi non substituíndo baixas e vacacións. Iso está aí e está por escrito, e non fixeron ningún tipo de autocrítica nin deron ningún tipo de explicación.

E volvemos exixirlles, ¿ata cando van manter a suspensión do artigo 19 do V Convenio único? Porque ¡vir aquí falar de todos os dereitos que lles están dando aos traballadores e traballadoras cando o que fixeron foi xustamente quitárllelos, e non llelos devolveron aínda...! Estanlles devolvendo esmolos, non lles están devolvendo todos os dereitos que teñen recoñecidos no convenio laboral. Entón, a verdade é que nos parece bastante insultante.

Nin sequera lles deixan comer no comedor, teñen xornadas interminables. Vén aquí falar dos descansos, cando xustamente a suspensión deste artigo o que provocou é que se eliminaran os descansos; estanlle pedindo poder descansar. Para a Xunta de Galicia é o mesmo un sábado que un domingo, que un luns, que un día de vacacións, exactamente o mesmo; pero para os traballadores e as traballadoras, obviamente, non.

Isto ten consecuencias, e vense as consecuencias —como xa se lle dixo— na elevada sinistralidade laboral que hai na súa consellería. Tamén veu aquí, na última comisión, intentar darlles a volta aos datos, pero os datos non deixan lugar a dúbidas: son a consellería coa máxima sinistralidade laboral, e as baixas e as enfermidades en moitas ocasións teñen que ver coa sobrecarga do persoal. E a sobrecarga ten que ver coas ratios, por moito que cada vez que veñan aquí falar das ratios a verdade —na nosa opinión— insulte os traballadores, porque o único que di é que as ratios son variables.

As traballadoras saben perfectamente que as ratios son variables, pero ¿por que non fala do desmantelamento que fixeron da atención á saúde mental? Están metendo en residencias de maiores a persoas con problemáticas engadidas en saúde mental sen facer absolutamente nada para que se dea unha convivencia, sen máis persoal, sen persoal especializado... absolutamente nada. Métenos aí, simplemente, co mesmo persoal, sen ningún tipo de apoio.

Non falan de que as ratios meten moitas veces no mesmo saco o persoal de atención directa co persoal de cociña, co persoal de administración, co persoal de seguridade. As ratios moitas veces están falseadas, e nas ratios non ten que ver moitas veces un luns ou un martes, pola mañá ou pola tarde, cun domingo ou cun día de vacacións. Controlen as ratios tamén en agosto, non as controlen só unicamente nunha quenda de martes pola mañá.

Sabe perfectamente que as traballadoras están sobrecargadas, se non o sabe, é que non as escoita cando vai falar con elas. Se as escoita, saberá que están fartas da súa sobreexplotación e que non poden máis. Por non dicir que incumpren sistematicamente o dereito de conciliación das súas traballadoras, sistematicamente.

Veñen aquí falar das sete novas residencias e das prazas cando estamos lonxísimo de acadar a ratio recomendada pola OMS. Temos listas de agarda interminables. Hai moitas persoas que morren esperando polas axudas á dependencia. Hai moitas persoas que morren esperando por unha praza pública nunha residencia. E hai moitas outras que teñen unha praza



pública a centos de quilómetros da súa casa. Tanto que se preocupan polas familias, preocupáense de que as familias non teñan que facer 300 quilómetros para ir visitar un familiar.

E volvemos preguntarlle porque nunca nos contesta, porque di que van ser cen por cento públicas: ¿cal vai ser a xestión destas sete residencias? A xestión. Non queremos que nos volva dicir que a titularidade vai ser pública. ¿Cal é a xestión? ¿Comprométense publicamente a que a xestión vai ser directamente pública, con traballadores e traballadoras públicas da Xunta de Galicia?

Os cuidados son un dereito, señora conselleira —¡un dereito!—, e aquí neste país non se están garantindo. Estanse cargando sobre as familias, e moitas veces é algo inasumible para elas coas pensións e os salarios que temos no noso país; totalmente inasumible. E estanse derivando constantemente á empresa privada.

Por último, antes de rematar, e a pesar de que non é obxecto desta comparecencia, queremos sinalar —como se lle dixo— que hai unha comparecencia solicitada para que fale da situación das intoxicacións sufridas estas semanas. Queremos que adique cinco minutos a falar-nos de como están estas investigacións iniciadas, de se teñen algunha intención de abrir un proceso sancionador e de que van facer para evitar que se repita, porque este Parlamento entendemos que non pode permanecer alleo aos intereses da maioría da sociedade galega. É evidente que isto é unha preocupación para moitas familias do noso país, e xa que está aquí, queremos aproveitar para preguntarllo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

En primeiro lugar, en nome do Grupo Parlamentario Socialista queremos enviar as nosas condolencias aos familiares, ás amigas e aos amigos deste mariñeiro que faleceu hoxe en Portosín. Enviamos dende aquí, polo tanto, as nosas condolencias, un afectuoso saúdo e unha fonda aperta tamén. *(Aplausos.)*

Señora conselleira, bo día.

Vostede hoxe está aquí non porque queira, vostede hoxe está aquí porque tres grupos da oposición solicitamos a súa comparecencia. Unha solicitude, á súa vez, feita polos representantes da CIG, aos que quero saudar tamén hoxe.

Vén hoxe aquí tarde, mal e a rastro. Hai máis de dous meses dende que pedimos esa comparecencia, e resulta que cando vén nin sequera dá conta do que lle solicitamos. Vostede non falou apenas da situación na que se atopan as residencias públicas nin tampouco na que se atopa o seu persoal. Veu aquí tapar a incompetencia dun Goberno; veu aquí tapar os retallos



que lles fixeron a todos estes traballadores e traballadoras; a consolidar ese orzamento insuficiente —como temos repetido en numerosas ocasións— para a atención dos nosos maiores; e vén aquí, unha vez máis, sustentar, dicir e afirmar que esas traballadoras dos servizos sociais —neste caso, dos centros de atención directa—, segundo a súa intención —que, dende logo, se viu claramente hoxe—, seguirán sendo —como nós as chamamos xa, desgraciadamente— as Deliveroo da Administración autonómica.

Eu creo que os agradecementos ao persoal están ben, pero o que está moitísimo mellor é o respecto aos seus dereitos e ás súas condicións de traballo. Antes de agradecer, o que debера de facer é iso, porque son numerosas as denuncias por sobreesforzo, por estrés e por falta de descanso en todos os centros de atención directa, e están aumentando de xeito alarmante. A súa consellería —xa se dixo aquí— concentra tamén o índice máis elevado de accidentalidade, algo terá vostede que dicir ao respecto, e en parte é por esa sobrecarga de traballo.

As ratios oficiais non teñen en conta as peculiaridades que hai en todas as residencias de maiores, que despois desa longa tramitación, desa longa espera dunha praza en residencia, esas persoas chegan en peores condicións, con menos mobilidade, e non están recollidas nesas ratios.

Levamos toda a lexislatura denunciando a falta de recursos públicos e a perda de calidade dos mesmos; mentres vostedes engordan o sector privado, deixan famélico o sector público.

Mire, é un auténtico periplo, é unha odisea, chegar a unha residencia de maiores. Primeiro, a tramitación de axudas de dependencia, máis dun ano para que valoren. O outro día comentábame unha señora en Ourense unha solicitude do 2 de outubro de 2018. Un ano despois, esa persoa non está nin sequera valorada, co cal vai aos servizos e pregunta se houbo algún problema ou se traspapelou. A resposta é que a valoración é entre ano e medio e dous anos.

¿Por que, a pesar de ser unha das comunidades autónomas coa taxa de envellecemento máis alta de toda España e de parte de Europa, non incrementan o persoal para axilizar as valoracións e o tempo medio de tramitación para obter prazas en residencias de maiores? Dícialle o propio Informe do Consello de Contas que son seis meses, cento oitenta días máximo, segundo a lexislación vixente, e estamos no dobre, en 453 días. Un verdadeiro calvario para estas persoas e para as súas familias, e en moitos casos —témolo repetido tamén aquí— esas persoas falecen antes de ter esta atención. É máis, estanse dando casos de persoas que solicitan as axudas de emerxencia social cos seus maiores ingresados en residencias sanitarias, en complexos hospitalarios, e que acoden a esas emerxencias sociais sen necesitalas, co duro que ten que ser para un fillo ou para unha filla ter que acudir a un recurso deste tipo.

Vostede veu aquí falar do número de prazas de residencias. Ano 2009, programa electoral do señor Feijóo: «Cada comarca disporá polo menos dunha residencia de maiores». Ano 2012 —tamén no seu programa electoral—: «Catro mil novas prazas ata o 2020». Ano 2016, construción nas grandes áreas, sete cidades, sete residencias. O certo é que hoxe hai cero prazas públicas a maiores dende que vostedes gobernan; cero prazas xestionadas directamente pola Administración autonómica, señora conselleira.



Eu ínsto a que deixe de mentir, a que suba a esta tribuna e diga onde están as prazas xestionadas directamente pola Administración autonómica, (*Aplausos.*) ¡porque non existen! (*Aplausos.*) Non as detecta nin o propio Consello de Contas. (*Aplausos.*) Por favor, ¡deixe de mentir! (*Aplausos.*) Unhas residencias que nin sequera van paliar a actual demanda. Son un total de 900 prazas para un envellecemento que corre como unha lebre, que non van cubrir nin a cuarta parte das necesidades do futuro.

E cando por fin se logra esa praza en residencia, resulta que esas persoas obteñen unha prestación de baixa calidade, porque os seus racaneos en recursos humanos e materiais están pagando os nosos maiores, ademais do propio persoal. A pesar de manterse constante — máis ben igual — o número de prazas xestionadas pola Administración autonómica, invístese un 7,1 % menos en persoal, non se cobren as baixas, nin as vacacións, nin as ratios legalmente establecidas, en moitos casos.

O propio informe do Consello de Contas pon un caso: o Centro Residencial de Vigo e o de Oleiros suman en número de prazas o 52 % do total —isto xa di bastante— do número de prazas que ten a Administración autonómica. Di o Consello de Contas que non se cobren nin a metade dos permisos e as vacacións das auxiliares de enfermería, o que está provocando sobrecarga de traballo. Os 10.022 días por vacacións e permisos de IT non substituídos en dez residencias son aproximadamente o traballo de 7 enfermeiras e 40 auxiliares de enfermería durante un ano. ¿Que ten vostede que dicir a isto?

Ademais, vén vostede hoxe aquí dicir como un gran logro que os dereitos se cumpran a medias; en realidade, se se cumpren a medias é que non se cumpren. Este ano, no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, séguese un ano máis sen manter eses descansos compensatorios, vólvese incorporar xa desde o 13 a suspensión do artigo 19 do V Convenio. En consecuencia, o ano 2020 non se compensará de maneira ningunha traballar en domingo ou en festivo. ¿E nos centros privados? Bueno, pois nos centros privados, a pesar de pagar de media, segundo o Imsero, 1.500 euros ao mes, hai un incremento tremendo de prazas privadas, non se incrementaron eses efectivos da Inspección que vostede veu hoxe aquí dicir. Os centros privados campan, pola súa complicidade, ás súas anchas nesta comunidade autónoma.

O propio Informe do Consello de Contas constata que houbo casos nos que se detectaron irregularidades e, despois de notificar esas deficiencias e de que non se corrixiran, vostedes non impuxeron ningunha sanción. É máis, nós pedimos eses datos —pedímolos hai un mes e pico—, os datos de expedientes, desglosados por tipo de centro: centro privado, centro público, prazas concertadas, e resulta que nos atopamos cunha resposta bastante escueta. Iso si, señorías, puidemos ver nos medios de comunicación —nun medio de comunicación en concreto— un relatorio totalmente pormenorizado de cal é o número de expedientes, o cal nos parece absolutamente vergoñento, señora conselleira. Parécenos vergoñento que estea unha vez máis furtando o dereito que ten este grupo parlamentario a facer oposición e furtando o dereito que temos a que o Goberno galego nos transmita información aos grupos que estamos na oposición. Pois ben, nese medio de comunicación dise que, de 376 centros que hai en total, sumándoos todos, resulta que se fixeron 32 expedientes. E eu preguntolle, ¿vostede pode afirmar aquí que no 92 % das residencias —sexan públicas, ou privadas, ou concertadas— non hai ningún tipo de deficiencias? Porque o que din os informes é iso, o 92 %.



Respecto do servizo de axuda no fogar, que vostede comentou —eu non podo entrar en todos os temas polo miúdo por falta de tempo—, ¡claro!, vén vostede aquí presumir cando resulta que entre o 30 % e o 40 % do custo deste servizo estano asumindo de maneira compartida os concellos e os propios usuarios e usuarias. Iso por non falar da elevada precariedade laboral que hai neste servizo.

Mire, señora conselleira, eu deixarei a miña segunda quenda de intervención para trasladarlle, como levamos facendo en toda a lexislatura, propostas concretas. Pero non pode vir vostede aquí dicir que queda moito por facer, ¡porque o di sempre! Despois de máis de trinta anos de Goberno do Partido Popular nesta comunidade autónoma, de levar dez anos de maneira ininterrompida gobernando en Galicia, isto non é unha declaración de boas intencións, isto é unha declaración dun auténtico fracaso, é unha declaración de que vostedes están recoñecendo que non fixeron o suficiente.

Nada máis e moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar, unha aclaración. As voceiras da oposición din que a conselleira vén hoxe aquí obrigada pola oposición e que non quería vir comparecer, cando saben perfectamente que non están a dicir a verdade. Saben perfectamente que, dende un primeiro momento, a conselleira dixo que quería vir comparecer para explicar a situación laboral das persoas que traballan nas residencias. Tamén saben vostedes que o 22 de outubro foi o último pleno, que nin sequera paramos para comer e que a orde do día non permitía —ademais é a Xunta de Portavoces a que a elabora— incluír unha comparecencia máis. Por certo, vostedes incluíron incluso a modificación do Regulamento do Parlamento, debe ser que lles parecía máis importante modificar o Regulamento que que a conselleira explicara a situación das residencias e dos servizos dos maiores. (*Aplausos.*) E agora veñen aquí tentando acusar de que a conselleira non quere vir comparecer, cando dende un primeiro momento estaba disposta a vir comparecer.

E non só iso, senón que compareceu na Comisión de Orzamentos o pasado 28 de outubro para falar dos presupostos de Política Social para o ano 2020, e nesa comparecencia a conselleira explicou e deu resposta a todas e cada unha das súas preguntas, que hoxe volveron repetir aquí. Unha comparecencia onde explicou que os orzamentos da súa consellería ascendían a 776 millóns de euros, que parece ser que hoxe á oposición lle parece ridículo, pero nós pensamos que para construír residencias, para atender as persoas maiores e para pagar ao persoal da Xunta de Galicia haberá que ter orzamentos. Parece ser que para vostedes non, son unha cuestión secundaria.



Estes orzamentos para o 2020 incrementan un 6 % en relación con este ano, pero un 65 % en relación co ano 2009. Uns orzamentos que representan o maior investimento en políticas sociais da historia de Galicia. E fronte a esta evidencia, ¿con que nos atopamos? Pois cunha oposición que segue obsesionada con pintar unha Galicia en negro. Unha oposición que segue obsesionada con dicir que os orzamentos da Xunta de Galicia son ridículos e que ademais non se atende como se ten que atender as persoas maiores na nosa comunidade.

A min hoxe gustaríame aclarar que hai máis recursos que nunca para atender os nosos maiores, concretamente 450,6 millóns de euros para o ano 2020, o que significa un 63 % máis do que se destinaba para atender as persoas maiores no ano 2009. Se consideran ridícula esta cifra, a min gustaríame que responderan vostedes que lles parecía a cifra do ano 2009, cando gobernaban vostedes, porque destinaban 174 millóns de euros menos.

Critican as prazas das residencias. Ben, pois hoxe temos un 242 % máis en prazas públicas en centros de día das que había no ano 2009 e un 42 % máis en residencias das que había no ano 2009, pero parece ser que a vostedes antes non lles preocupaban tanto as prazas en residencias.

Hoxe temos máis persoas dependentes atendidas. A ratio de atención en Galicia é do 88,6 %, supera en 7,6 puntos a media nacional. Hai máis persoas atendidas en Galicia, 61.403 persoas atendidas; hai máis servizos profesionais, non servizos de baixo custo, como vostedes din. Concretamente o 83,15 % dos servizos que se prestan ás persoas en situación de dependencia son servizos profesionais, 13 puntos por riba da media nacional. Incrementan as libranzas nun 75 % para 19.000 persoas e cada día temos máis casas do maior, 150 prazas.

Incrementa o servizo de axuda no fogar, pero vostedes insisten en criticar o servizo de axuda no fogar. As persoas maiores en Galicia o que reclaman é o servizo de axuda no fogar porque é o servizo mellor valorado por eles, e a maioría prefiren quedar nos seus fogares e ser atendidos a través deste servizo de axuda no fogar. Pero vostedes insisten, insisten en que o servizo de axuda no fogar non é un bo servizo para as persoas maiores.

E, claro, chegamos á cuestión de que reclaman máis prazas de residencias. Nós tamén cremos que son necesarias máis prazas de residencias en Galicia. E cando a Xunta de Galicia consegue que a Fundación Amancio Ortega asuma o cen por cento da construción e o equipamento destas sete residencias públicas, cun investimento de 90 millóns de euros e con 900 prazas, 90 millóns de euros que a Xunta de Galicia non ten que pagar, que os galegos e as galegas non teñen que pagar porque se fai cargo a Fundación Amancio Ortega, ¿que fai a oposición? A oposición o que fai é criticar todos os días a construción destas sete grandes residencias públicas na nosa comunidade. ¿Por que? Expliquen por que. Explíquenlles aos galegos por que non queren esas sete residencias públicas. Porque, por un lado, vostedes critican que son necesarias máis residencias, pero, por outro lado, cando a Xunta de Galicia pode aforrar eses 90 millóns de euros porque é a fundación a que fai esas residencias, vostedes dedícanse a criticalas, ¡a criticalas! Debe de ser que mentres para os galegos é unha boa noticia, para a oposición é unha mala noticia, ¡é unha mala noticia! (*Aplausos.*)

E seguen cos seus mantras, cos mantras de que a Xunta o que fai cos servizos sociais é facer negocio coas empresas amigas, que queren engordar o sector privado, sempre cos mesmos



mantras. E resulta que cando o Partido Popular chega á Xunta de Galicia atopouse con que o anterior Goberno privatizara a xestión do Programa Xantar na casa. (*Murmurios.*) Atopouse con que o servizo de transporte e o servizo de comedor de todos os centros de día que abriron estaba privatizado. (*Murmurios.*) Atopouse con que privatizaron a residencia de Chantada. (*Murmurios.*) E atopouse con que privatizaron o servizo de axuda no fogar e o servizo de Xantar sobre rodas de todas e cada unha das cidades nas que vostedes gobernaban. (*Murmurios.*) Entón, de verdade, nós preguntámonos, ¿que facían vostedes? Engordar o sector privado. ¿Que facían vostedes? Facer negocios cos seus amigos.

Miren, o que fai a Xunta de Galicia é atender as persoas maiores; as que queren quedar no seu fogar co servizo de axuda a domicilio, e as que necesitan unha praza de residencia tamén, a través das prazas de residencias e das sete novas residencias que os maiores terán en Galicia, ¡sete novas residencias! (*Aplausos.*)

E un dato, por curiosidade dos deputados que o queiran saber: o 97 %, concretamente, das prazas públicas en escolas infantís da Xunta están xestionadas directamente pola Administración autonómica; o cen por cento das escolas infantís de competencia municipal do Concello de Santiago, privatizadas; o cen por cento das escolas infantís de competencia municipal do Concello da Coruña, privatizadas; o cen por cento das escolas infantís de competencia municipal do Concello de Vigo están privatizadas. Pero, claro, será que a súa privatización é unha privatización intelixente, e a da Xunta de Galicia, a xestión indirecta, que a lei que vostedes fixeron contempla, parece ser que non lles gusta.

Vostedes acaban de facer unhas acusacións gravísimas á Xunta de Galicia. Acúsana de explotación laboral, de roubar aos traballadores e de que a conselleira acaba de dar ratios e datos falsos. Dende o ano 2005, ano que se crearon 150 postos novos, en todas as RPT foron levadas a cabo modificacións e adaptacións aos postos de traballo. Non se levou a cabo ningún recorte, como vostedes afirman, ¡ningún! A carga de traballo é axustada ao número de traballadores de cada categoría e sempre respectando as funcións concretas que cada categoría ten encomendadas. Respéctanse escrupulosamente as ratios de persoal. O dato relevante a ter en conta é a evolución do número de accidentes laborais da Consellería entre o ano 2019 e o 2018, que se reduciu nun 24 %, pasando de 121 accidentes laborais con baixa a 27 accidentes laborais con baixa.

En relación coa xornada máxima anual, que se establece en 1.665 horas, os traballadores a quendas da Consellería fan unha media de 1.590 horas. Respecto das substitucións do persoal, non só se están a cubrir as baixas médicas ou vacacións, senón tamén as ausencias derivadas de todos os permisos que a actual resolución de permisos contempla. Incluso na maioría das ocasións se están a substituír os asuntos propios.

E mentres a Xunta de Galicia incrementa o orzamento en política social, mentres a Xunta de Galicia segue a atender as persoas maiores, a oposición segue insistindo en pintar unha Galicia en negro e segue repetindo os seus mantras. Dende logo, vostedes sigan así, porque parece ser que están vostedes esgotados e que non teñen proxecto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Réplica, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Señora Veroa, o Consorcio Galego de Benestar Social obrigou a cambiar todos os provedores de comida das escolas infantís á empresa Freire Chico. Mentres tanto, os técnicos da Consellería de Sanidade continúan e avanza nesta tan importante investigación. Esta medida preventiva implantouse nas escolas onde houbo algún neno que tivese esta reacción leve, pero tamén naquelas escolas infantís nas que non se rexistrou ningún caso. Agora, todos os produtos que se adquiren en establecementos de proximidade de cada escola deben contar tamén con todos os permisos e con todas as acreditacións necesarias. Por iso, dende a Xunta de Galicia lles transmitimos tranquilidade ás familias, dada a levidade de todas as reaccións alérxicas que se rexistraron, pero, en calquera caso, que suceda algo así é totalmente intolerable, por iso, seguiranse tomando todas as medidas que sexan necesarias para que isto non volva suceder. *(Aplausos.)*

Señora Veroa, vostede sempre adoita ser moi rigorosa nas súas críticas, por iso me sorprende algunha cousa que dixo vostede na súa intervención. Queixábase da falta de inspeccións durante os meses de verán. O certo é que entre xullo e agosto deste ano non houbo nin unha nin dúas inspeccións, senón 219; ¡219 inspeccións! Houbo 117 na área de maiores, discapacidade e dependencia; 31 no ámbito dos servizos comunitarios e de inclusión social; e 71 no ámbito de familia e de menores. Aseguraba tamén que na provincia da Coruña non houbo ningunha inspección. Eu, sinceramente, non sei de onde saca ese dato, e agradeceríalle que mo explicase, porque o certo é que non houbo nada máis nin nada menos que 74 inspeccións nesta provincia durante os dous meses centrais do verán.

Vostedes falan tamén, señora Veroa e señora Prado, do V Convenio colectivo. En relación coa demanda de eliminar esta suspensión do artigo 19 do V Convenio colectivo único, é evidente que o Convenio colectivo non é único e exclusivo desta consellería, como vostede ben sabe, senón que afecta a todo o persoal laboral da Xunta de Galicia, polo que non soamente lle compete a esta consellería a súa restauración.

Falan vostedes das incidencias laborais, señora Veroa, señora Quinteiro e señora Blanco. É certo que nunha consellería con máis de 6.500 traballadores pode haber máis sinistralidade que noutras consellerías cun menor número de efectivos. De todos os xeitos, a sinistralidade reduciuse no último ano un 20 % —de 121 casos a 97 entre xuño do 2018 e do 2019—, pero supoño que este dato nunca vostedes o queren comentar.

Fala tamén vostede, señora Prado, da Fundación Amancio Ortega. Eu xa lle dixen nalgunha ocasión que supoño que ningún galego nos pedirá ao Goberno galego que deamos explicacións nin desculpas porque unha fundación privada financie a cambio de nada, con 90 millóns de euros, sete centros públicos de atención integral ás persoas maiores que xa tiña precisamente proxectados a Xunta de Galicia, e que lle aforre ese custo ás arcas galegas. Se me din vostedes que se vostedes gobernasen renunciarían ou rexeitarían esta oferta da Fun-



dación Amancio Ortega, eu, sinceramente, creo que ningún galego se fiaría da súa capacidade de xestión. Menos mal que unha cousa é o que vostedes din neste Parlamento e outra cousa é o que din moitos dos seus militantes polas rúas, que eu ademais coñezo e aprecio moito, porque unha cousa non saca a outra, e asegúrolles que celebran esta colaboración.

Señora Prado, sabe que eu sempre estou encantada de vir a este Parlamento, pero hemiciclo, que eu saiba, non hai máis que un, e nestes meses houbo circunstancias urxentes que obrigaron á comparecencia doutros compañeiros meus, como pode ser o inicio do curso escolar, a situación de Alcoa ou da central das Pontes ou o debate do estado da Autonomía. Eu acepto todas as críticas, pero o que non tolero é que se minta. Non tolero que se diga que as residencias son aparcadoiros porque non é verdade. Non tolero que se diga que os usuarios das residencias son doentes porque unha residencia non é un hospital. E non tolero nin comprendo que se poña en cuestión que as persoas que máis o necesitan dispoñan dun procedemento de emerxencia social para entrar nunha residencia canto antes.

Por outra banda, vostede tamén afirmaba que non se abriu ningunha residencia pública nestes anos. Eu, na miña intervención, xa lles expliquei que o número de prazas públicas se elevou un 44 %. É máis, dende que o presidente Feijóo chegou ao Goberno, abríronse nove novas residencias de titularidade autonómica, con 340 prazas públicas: Vilar de Barrio, A Laracha, Cerceda, Melide —que ademais foi ampliada—, Vilardevós, Foz, Baleira, Arteixo e Paradela. ¿Acaso estes concellos non existen para vostedes, señora Prado? ¿Acaso se lles vai explicar aos veciños de todos estes concellos que non teñen alí xa, a día de hoxe, unha residencia?

Señora Quinteiro, vostede fala do servizo de axuda no fogar. É certo, e alégrome que se refira a este servizo porque é un servizo de vital importancia para todas as persoas maiores que desexan continuar vivindo na súa casa, continuar vivindo nos seus fogares. Agradezo tamén que vostede recorde o importante importe económico que pon a Xunta de Galicia para financiar este servizo de axuda no fogar. Pero sorpréndenme, non obstante, os adxectivos que vostede usa para falar dun servizo polo que agora se aposta máis que nunca antes, porque dende 2008 multiplicouse por 16 a extensión do servizo de axuda no fogar, ata as máis de 24.000 persoas que atendemos a día de hoxe. Persoas que —como lle dicía antes— queren vivir na súa casa e queren que os coiden nas súas casas. E a achega da Xunta de Galicia elévase ata preto de 80 millóns de euros no vindeiro ano 2020. Isto a vostede parécelle unha contía insignificante, señora Quinteiro. E tamén fala vostede de privatización. Eu pídolle que polo menos se informe de como está xestionado o servizo de axuda no fogar nalgún concello que está a carón do meu, a carón de Ribeira, onde gobernan vostedes, unha sección de vostedes.

Señora Blanco, vostede fala das inspeccións da Xunta de Galicia. ¿Vostede acaso dubida do labor dos profesionais de inspección dos servizos sociais?, porque eu non. Eu non dubido da profesionalidade de todos estes profesionais. (*Aplausos.*)

Señoría, de todos xeitos, os datos aquí expostos demostran que hoxe as galegas e os galegos de máis idade teñen ao seu alcance unha atención máis ampla, unha atención máis próxima e unha atención máis eficaz que nunca antes; un conxunto de recursos cos que garantimos que poidan escoller, con independencia de onde vivan e das súas necesidades, como e onde queren facerse maiores.



O noso ineludible compromiso é que os nosos maiores poidan vivir esta etapa da súa vida con plena liberdade e cos coidados que eles necesitan. Pero non nos conformamos e somos ambiciosos, por iso, un ano máis volvemos incrementar os orzamentos da Consellería de Política Social; uns orzamentos que destinamos ás persoas con máis idade e ás persoas con discapacidade. Son 450 millóns de euros, que supoñen un 5,2 % máis que neste ano 2019, e 6 de cada 10 euros que xestiona esta consellería van dirixidos a este ámbito. É indubidable que nada é perfecto, é incuestionable que seguimos tendo moita marxe de mellora, pero tamén é innegable que as políticas sociais actuais son as mellores da historia de Galicia.

Señorías, as contas de 2020 permitirannos ampliar e tamén consolidar todo o que Galicia acadou nos últimos anos no que atinxe á atención aos nosos maiores. En resumo, conseguiremos chegar a máis persoas dependentes atendidas que nunca antes na historia de Galicia; conceder máis axudas para coidados que nunca antes na historia de Galicia; prestar máis servizos de coidados porta a porta que nunca antes na historia de Galicia; poñer en marcha máis centros de día no rural que nunca antes na historia a través das casas do maior; e, por suposto, ofrecer máis prazas públicas de residencia que nunca antes, (*Aplausos.*) con sete novos centros integrais de atención ás persoas maiores de máxima calidade, centros de referencia en Galicia, en España e punteiros tamén en Europa, e, sobre todo, que non lles custarán nin un só euro aos galegos e ás galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións. Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Quero comezar saudando as persoas representantes da CIG que logo non poderei saudar, dado que temos unha moción, precisamente, para pedir un aumento de orzamento nos servizos públicos fundamentais, porque, efectivamente, sufriron recortes durante unha década da que non falan, eses primeiros recortes que se foron acumulando.

Nós, dende logo, non dixemos que non quixera vir comparecer, o que dixemos foi que non deu conta exhaustiva do que se pide, desa falta de persoal nos centros, especialmente durante o verán, e das inspeccións. Nós non cuestionamos, en ningún caso, o labor das profesionais de inspección, o que dicimos e que é preciso máis persoal, dillo o propio Consello de Contas.

En canto a esas inspeccións na provincia da Coruña, se a Consellería nos trasladase os datos desagregados que os grupos —entendo que todos— pedimos, poderíamos ver, efectivamente, desas 74, cantas foron en residencias públicas da Xunta, pois as da provincia da Coruña son as máis numerosas en canto a persoas atendidas e das que teñen maiores problemas de persoal.

Vostede falou tamén de que os maiores son o núcleo da familia. Efectivamente, en moitos casos, durante a crise fixeron de colchón social coas súas pensións. E hai un empobrece-



mento da xente maior que a propia memoria de orzamentos da Consellería reconece que agravan, precisamente, os custos das prazas privadas cando non hai unha praza pública dispoñible. Agrávase a situación das persoas maiores porque ese custo é inasumible.

Quedáronnos cuestións para trasladar na primeira intervención, e unha delas é o feito de que, no sistema de prazas residenciais, a maioría das prazas para persoas dependentes son concertadas. Vostedes asumiron o concerto como a modalidade predilecta para a prestación do servizo de residencias, e non é un mantra o que dicimos a oposición acerca da privatización. Á parte de que é certo que están entrando grandes capitais privados e fondos de investimento no negocio das persoas maiores e non hai un sector público forte, iso está aí e é unha ameaza, non é o un mantra, dillo o propio Consello de Contas.

Logo tamén, respecto das novas residencias, financiadas pola fundación Amancio Ortega, nós non dicimos que renuncien a elas, ¡faltaría máis! O que dicimos é que se a 2019, a un ano do peche da lexislatura, só estaba orzamentado o 18,5 % do total do plan, teoricamente a promesa de Feijóo implicaba que en 2020 se ía orzar todo o resto. ¿Onde vai? Non se precisa aforrar, precísanse prazas públicas en residencias. Se había esa necesidade, toda vez que van aforrar, que van ter outra fonte de ingresos para construír esas residencias, ¿por que eses 90 millóns de euros —réstelle o 18,5 %— non os invisten na creación de novas prazas necesarias ou mesmo no reforzo do persoal, que é un déficit estrutural?

Tamén quedou sen comentar das intervencións das voceiras da oposición, durante a comparecencia, esa mestura de perfís en centros de maiores con internamentos de pacientes psioxeríátricos sen ter unidades específicas, e isto está relacionado coa falta de recursos crónica en saúde mental. A propia Consellería dános unha resposta na que di que determinados tipos de perfís lle corresponde atendelos ao Servizo Galego de Saúde, pero hai unha falta crónica de atención, dentro do Sergas, á saúde mental.

Tamén quería resaltar esa idea que a nós nos parece tremenda, a falta de persoal de enfermería e auxiliares nas listas de substitución, porque está revelando unha precariedade laboral absoluta. Obviamente, unha enfermeira ou enfermeiro que teña cen ou ata cento cincuenta persoas de noite a cargo vai preferir traballar no Sergas, aínda sendo esas condicións como eventual do Sergas, como estamos vendo con esas mobilizacións tremendas. E non respondeu á denuncia que fai a CIG sobre esas substitucións que se fixeron sen acudir ás oficinas de emprego, que revelan unha falta de previsión da Xunta.

En canto ás listas de agarda, é evidente que non se cumpre a lei, que se tarda moito en acceder ao servizo. En canto aos expedientes de ingreso por emerxencia social, non estamos cuestionando o procedemento, senón que ás veces se utilice como medio para conseguir praza pola falta dramática de prazas á disposición, e iso provoca que haxa moitos desprazamentos a moitos quilómetros, que disgregue familias e que provoque ansiedade nas propias persoas maiores. Hai que buscar o equilibrio de prazas en todo o territorio.

¿Propostas? Xa só me quedan quince segundos para facer propostas. Actualizar as ratios de persoal exixidas en residencias de maiores. Aumentar o investimento en persoal. En canto haxa un mínimo de garantía de protocolos e de programas en cada concello, ter unha radio-



grafía exhaustiva deste e garantir un mínimo de condicións laborais. Porque as ratios non se cumpren se miran por categorías e se miran por todas as xornadas. Non se poden mirar en global, non se pode facer esa trampa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Antes de continuar co debate, saudamos os alumnos de 6º de primaria do centro Pérez Viondi, da Estrada, e tamén os seus profesores. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Eu estou convencida de que os representantes da CIG dos traballadores e traballadoras que están na tribuna non deben saír do seu asombro, señora conselleira. Cando remate, sería unha boa ocasión para que se acercase a falar con eles e con elas e fíxese un careo con eles, cos datos que vostede di, respecto do que eles non só din, senón que sofren, porque traballan alí.

Se tivera un pouco de valentía, faríao, reuniríase con eles. Ou poñería un día para reunirse con eles e que llelo conten. Igual que sería bo que vostede tivese a valentía e non se agochara detrás de que o artigo 19 do V Convenio afecta a máis consellerías, porque vostede sabe que, fundamentalmente, a quen afecta é a Política Social. ¿Por que? Porque o artigo 19, señora conselleira, é a aplicación do convenio referida á compensación como descanso adicional do 75 % do tempo por prestación de servizos en domingos e festivos.

Vostede sabe que a Consellería de Sanidade ten un convenio á parte e que non lle afecta. Despois diso, é a súa consellería, e vostede quere aquí quedar como que non é cousa súa. É cousa súa, o que pasa é que vostede ten a covardía de non restituírlles o que lles está roubando, o que lles leva anos roubando aos seus traballadores e traballadoras. ¡Roubando!, porque lles está quitando horas.

Díxenllo antes, e agora voulle dicir con detalle o que di o Consello de Contas, non o BNG: «Os 10.022 días por vacacións e permisos EIT non substituídos» —só nestas dez residencias que puideron auditar, porque no resto é tan complicado e ten tan manga por ombro as residencias que non foron capaces de facelo— «equivalerían ás xornadas anuais de 7 ATS e 40 auxiliares de enfermería». Iso como mínimo.

Señora conselleira, vostede ten responsabilidades co persoal e coas persoas residentes, e non está cumprindo nin con uns nin con outros —hai listas de espera para valoración e para adxudicación de recursos, listas de espera que vostede non quere abordar desde un punto de vista estrutural e soamente destina parches—, e cos profesionais que traballan para vostede.

Fixemos unha petición de comparecencia, señora Rodríguez Arias, o 5 de setembro. Dous meses despois, catro plenos, tiveron tempo para que viñera comparecer para falar do Xacobeo. Falar do Xacobeo é máis importante que falar da situación na que están as residencias e os traballadores e traballadoras nas súas residencias.



Mire, prazas sostidas con fondos públicos non son prazas públicas. Vostede está facendo todos os esforzos para capitalizar as empresas privadas e para desmantelar e non crear unha auténtica rede pública, señora conselleira. Eu lamento que queiran negar a realidade.

Neste momento estanse tramitando os orzamentos, agora ten a oportunidade de incluír o artigo 19. Soamente hai que aceptar a emenda que se vai presentar — polo menos o BNG— para que se restitúa o artigo 19 do V Convenio. Téñeno moi fácil, votar a favor da emenda que vai presentar o BNG. Igual que ten fácil incluír nestes orzamentos partidas destinadas a mellorar as condicións laborais do seu persoal. Por iso, fágolle unha serie de propostas, señora conselleira.

A primeira, que se reúna cos representantes dos traballadores e traballadoras. Que proceda a dimensionar os cadros de persoal, de xeito que os rateos se adapten tanto ao número como ás tipoloxías dos usuarios e deixen de comprometer a seguridade e a saúde laboral dos traballadores e a calidade asistencial, porque é a saúde dos traballadores e das traballadoras, pero tamén é a calidade asistencial que hai que prestar.

Que se comprometa a incluír nos orzamentos da Xunta para este ano 2020 as partidas orzamentarias precisas para este fin: eliminar a suspensión do artigo 19.

Que rectifique a súa política de persoal. Que aumente os cadros de persoal. Que se convertan os contratos de fin de semana e os de media xornada en contratos de xornada completa. A cobertura de todas as ausencias que se produzan nos centros. Que se respecten os dereitos de conciliación das mulleres e dos homes que o soliciten, sen condicionalos ás necesidades do servizo, porque iso é non concedérllelos. Que rectifique a política de privatización dos servizos e pase de sustentar prazas con fondos públicos a constituír unha rede pública de residencias de maiores.

Señora conselleira, señora deputada do Partido Popular, do que teñen vostedes que dar contas e de por que levan ofrecido e comprometido a creación de residencias desde o ano 2009, no 2012, no 2016, no 2017, no 2018, no 2019, non cumpriron as súas promesas, e ao final tiveron que conseguir —díxoo vostede textualmente, señora deputada— que as constrúa Amancio Ortega non sabemos para cando. E gustaríanos que aclarara na súa quenda, señora conselleira, como van ser esas prazas, se van ser xestionadas directamente desde a Xunta de Galiza ou van ser desa rede sustentada con fondos públicos.

Unha cuestión, señora conselleira, a inspección. ¿Que di o Consello de Contas? Que nas inspeccións realizadas nas actuacións de control nos centros residenciais detectáronse incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente na ratio de persoal, que está por debaixo do establecido. Fundamentalmente...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...respecto a libranzas, vacacións e demais, di que non se substitúe; e nos casos nos que se detectaron as irregularidades observadas di que non se corrixiron nin se iniciaron expedientes sancionadores. Dío o Consello de Contas.



A min gustaríame que vostede dese unha explicación a isto, diga se é certo ou non o que di o Consello de Contas. Xa que di que non é certo o que dicimos nós, non é certo o que din os traballadores e as traballadoras, diga se é certo ou non o que di o Consello de Contas, que di que non...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...substitúen nin en vacacións, nin en libranzas de ningún tipo, que non arreglan as deficiencias...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ...e que ademais non.... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, terminou o seu tempo. Grazas.

Grupo Común da Esquerda, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Quero saudar tamén á representación dos traballadores da CIG, que antes non puideron.

Di o Partido Popular que pintamos unha Galicia en negro. Eu non sei que lle parece a vostede e que Galicia lle parece que é a realidade a día de hoxe, que moitísimas persoas teñan que desprazarse centos de quilómetros para acceder a unha praza dunha residencia pública. Que lle parece que, segundo o Imelga, o 10 % das autopsias que realizan son persoas que morreron en soidade. Maioritariamente, as persoas que morren en soidade son persoas pobres. Hai moitísimas persoas maiores no noso país que están vivindo en infravivendas, que non teñen os recursos mínimos, que non teñen os coidados necesarios, e esa preocupación que din ter non se demostra na realidade. ¿Que lle parece a señora conselleira e á deputada do Partido Popular que a día de hoxe haxa persoas que morren esperando pola súa valoración de dependencia ou polos recursos?

Esta mesma semana, a un coñecido, tras dous anos coidando o seu pai dependente —deixou o seu traballo para coidalo—, chegoulle a carta de resposta das axudas —dous anos despois— o día do seu falecemento. ¡Dous anos! E non é un caso illado, non é un caso concreto que coñeza esta deputada de casualidade. É un caso que poderíamos coñecer, seguramente, a maioría dos deputados e das deputadas que están aquí, que lle poden dicir todas as persoas que están fartas de agardar anos por unha valoración de dependencia, por un recurso que moitas veces é insuficiente.

Fálame da axuda no fogar. Por suposto —díxeno na miña primeira intervención—, hai que garantir que quen queira coidar no fogar, e quen queira ser coidado no fogar, poida facelo. Pero é ridícula a situación na que nos atopamos agora. ¿Que lle parece? Non dixo nada. Máis do 30 % das mulleres que coidan teñen que dedicar máis de setenta horas. Enfronte está a



axuda no fogar: unha ou dúas horas diarias. Esa é a realidade, e está na súa enquisa do Instituto Galego de Estatística; doulla despois para que a vexa. Non é unha realidade illada.

A axuda no fogar, que é unha axuda imprescindible, ten que axudar e ten que servir para que as mulleres non teñan que dedicar toda a súa vida a coidar. Porque coidar no fogar moitas veces non se pode; non se pode, por moito que queiras. Ou pódese a custa de deixar o teu emprego e a custa de deixar de vivir, de dedicarte ao cen por cento unicamente ao coidado dos familiares. Esa é a realidade.

Negro é o panorama laboral que hai nas residencias de maiores. É negro, dá igual o que digan. Vostede sempre di que vai escoitar as traballadoras e os traballadores. Pois eu non sei con quen falan. Pode ir visitar calquera residencia, pode ir falar con calquera traballador, e supoño que lle dirán o mesmo que dicimos nós, outra cousa é que aquí o recoñeza. Diránlle o mesmo, porque llo están dicindo aquí mesmo.

Eu súpome tamén á petición que facía a voceira do Bloque Nacionalista Galego. Ao rematar, ten unha boa oportunidade para escoitar as demandas que queren pórle enriba da mesa, dende hai tempo, as traballadoras das residencias públicas.

Tamén ten unha oportunidade para, desta vez, eliminar a suspensión do artigo 19 no debate de orzamentos que vai ter lugar (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) en breve, ¡a ver se o fan! ¡Non esperamos nada!

Non é verdade que cubran as baixas e as vacacións. O Consello de Contas foi o que evidenciou esta situación. Non o din só os traballadores e traballadoras, dío o Consello de Contas; non o dicimos nós tampouco. Non adaptan as ratios ao traballo que se realiza. Tampouco dixo nada desa nova realidade que se está vivindo pola falta de atención ás persoas con patoloxías de saúde mental; non falan nada diso, non ten nada que dicir. E continúa nesas intervencións, nin escoita nin responde nunca ás preguntas que lle facemos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ou escoita pero non responde. Non sei se escoita, pero, dende logo, non se nota na súa intervención, nas respostas que nos fai. Eu volver insistir a ver se desta vez teño sorte.

¿Cal vai ser a xestión das sete novas residencias? ¡A xestión! Xa sei que van ser de titularidade pública. Iso quedoume moi claro. ¿Cal vai ser a xestión? ¿Vai ser xestionada con traballadores e traballadoras da Xunta ou vai ser vendida a unha empresa privada que faga negocio cos coidados das persoas maiores?

Si, é un negocio. Hai grandes multinacionais. Non son pequenas empresas, está habendo grandes multinacionais, cada vez máis concentradas en grandes lobbys, que se están adicando ao negocio dos coidados; que están, ademais, condenando á precariedade as traballadoras que contratan.

Vaia falar coas traballadoras das residencias de Geriatros, a ver que tal están. Seis meses e á calle, e vólvente contratar. Seis meses e á calle, e vólvente contratar. Hai residencias nas que teñen que marcar as traballadoras cando entrar na habitación e cando saen da habita-



ción. ¿Para que? Para controlar que non se excedan nin un minuto máis no tempo de atención. ¿A vostede parécelle que con esas condicións se poden dar coidados de calidade ás persoas maiores?

E di que non, que as residencias no son aparcadoiros. ¡Por suposto que non! Pero o problema é que a Xunta de Galicia está conseguindo que as residencias de maiores se parezan cada vez máis a unha cadea de montaxe. ¡Ese é o problema! E non polos traballadores e traballadoras, por suposto que non, porque as traballadoras e traballadores fan moito máis, ¡moito máis!, do que poden facer. Hai moitas horas extras. ¡Así hai ese estrés, esa sobrecarga laboral! Hai moitas traballadoras que van traballar con analxésicos, esa é a realidade, e vostedes négana.

Non sei con que traballadoras falan, porque as traballadoras das residencias non poden máis, é dos sectores máis precarizados. E non nos escoitan a nós, nin escoitan ás traballadoras, nin escoitan nin atenden —como digo— a todos os informes que hai, como o do Consello de Contas. E non lles estamos falando de informes elaborados por nós, son informes que deberían escoitar. Repiten unha e outra vez o mesmo discurso, pero non se corresponde en absoluto coa realidade.

Non se están atendendo os coidados ás persoas no noso país, é mentira. Hai moitas persoas que non están recibindo os coidados. E, sobre todo, están dándose moitas veces os coidados nunhas condicións de precariedade e de explotación moi importantes.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: De explotación nos centros privados, nos centros xestionados pola Xunta e tamén nas casas. Tamén hai que evitar que as mulleres sigan realizando todo este traballo durante xornadas maratonianas. E como lle digo, nas axudas no fogar, traballadoras que cobran menos de mil euros por xornadas que ao mellor son de doce horas diarias. Claro, non computan como doce horas porque no medio, nos traxectos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...teñen que pagar elas o traxecto e non están traballando.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro, terminou o seu tempo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Esa é a realidade.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Estaba vostede moi disposta a vir, señora conselleira, pero levoulle máis de dous meses chegar ata esta comparecencia. Claro que, seguramente, será



moito máis importante que o conselleiro de Cultura veña aquí contar peregrinos que que a conselleira de Política Social veña contar que pasa coa atención aos nosos maiores. *(Aplausos.)* Seguramente, señora conselleira.

Mire, vostede di que a xente lle pregunta na rúa, que fixo como unha especie de enquisa... A min aínda me preguntaron o outro día en Ourense onde estaba a nova residencia de maiores. E eu díxenlle: non, aínda non a construíron. ¿Como que non? ¿Pero onde está? Non, non, aínda non está. Non hai nin unha soa pedra, ¡nin unha! ¡E levan vendéndoas un montón de anos...!!!

Nós non temos ningún problema, todo o contrario, agradecemos a doazón do señor Amancio Ortega. O que hai é que reflexionar por que o señor Ortega ten que facer unha doazón por caridade e non temos un Goberno galego que teña orzamentos por solidariedade para os nosos maiores, señora conselleira, ¿ese é o problema! *(Aplausos.)*

Tamén lle quero preguntar onde van os 90 millóns que imos aforrar. Porque, se os imos aforrar, entendo que vostedes, que están tan preocupados pola atención ás persoas maiores, van reverter eses 90 millóns noutra partida orzamentaria. A deputada do Partido Popular dicía que nós estamos constantemente criticando a construción. Non, nós non podemos criticar a construción porque non hai unha soa pedra, señora deputada do Partido Popular. Non hai ningunha construción, ata o de agora, en ningunha das sete cidades galegas.

Señora conselleira, vólvollo repetir como o levo facendo estes últimos anos: non hai nin unha soa praza de xestión directa da Xunta de Galicia posta en marcha dende que o señor Feijóo goberna nestes últimos dez anos, ¡nin unha! As residencias que vostede nomeou, efectivamente, son de titularidade pública, pero non teñen xestión pública. Así que, polo menos, veña aquí e recoñézaos.

É certo que cando vostede falou agora da cobertura de baixas de enfermidade e de permisos, houbo un gran rebumbio na tribuna de convidados. Eu imaxino que están igual de alucinados e alucinadas que estamos os grupos da oposición. ¡Claro, señora conselleira!, dío o informe do Consello de Contas, dino as organizacións sindicais, dino as traballadoras da súa consellería, dicímolo os grupos da oposición... ¿Estamos todos errados, señora conselleira, ou volve estar vostede, unha vez máis, mentindo a todos os galegos e galegas?

Mire, vostede dixo que dende o PSdeG non criamos na profesionalidade da Inspección. Non, iso non é certo. Nós no que non cremos é na súa profesionalidade, non na dos traballadores e traballadoras da Inspección. Nin na súa nin na dos anteriores conselleiros de Política Social, nin no responsable último do Goberno, que é o señor Feijóo. Vostede, ademais, veu dicir aquí hoxe que o do artigo 19 con vostede como que non vai moito, ¿non? Ven botar balóns fóra e mándao para a Función Pública.

Eu non sei se temos dous gobernos. Entendo que temos un goberno galego no que responden solidariamente todos os seus membros, e vostede é responsable dese persoal e é responsable, en todo caso, de dicirlle ao señor Feijóo que dunha vez por todas elimine esa suspensión de dereitos que leva vixente dende o ano 2013.



Mire, o problema, non é soamente que haxa accidentabilidade, o problema non é ese. O problema son os motivos polos que hai a accidentabilidade: que vostedes seguen sen ir ás causas e seguen sen facer informes pormenorizados. Teñen o ISSGA, con grandes técnicos e técnicas en materia de prevención de riscos, ¡conten con eles! Pero, sobre todo e fundamentalmente, ¡cubran dunha vez por todas as baixas e as vacacións do persoal! Esa é a nosa primeira proposta.

Eu dicíalle que ía aproveitar este último minuto de segunda quenda para facer propostas. Elimine esa suspensión do artigo 19 do V Convenio, que si que vai con vostede. Vai con vostede e con todos os membros do Goberno galego, e, por suposto, tamén co grupo que o sustenta.

Garanta que se cubran na súa totalidade os permisos, as vacacións e outras ausencias das traballadoras, mantendo a ratio recollida na lexislación vixente. E si, reforce o labor inspector, incremente os recursos humanos para vixiar eses incumprimentos da normativa ou eses estándares de calidade.

Interpoña sancións cando haxa que interpoñelas, porque, dende logo, nos datos que trasladei na miña primeira intervención non se axusta á realidade o número de sancións co estado en que se atopan as residencias de maiores. Manteña actualizados os datos do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais, que non o están. Díxollo o propio Consello de Contas no informe publicado o ano pasado.

Pero, sobre todo, dote de persoal suficiente e dos medios necesarios para que o recoñecemento —que é o primeiro paso— do dereito ao servizo residencial se dea nos seis meses que contempla a propia lexislación vixente, e reduza os tempos de espera —unha vez que se adxudique a residencia— aos tres meses.

En fin, señora conselleira, vostede volveu repetir agora: hai moita marxe de mellora. Nós cremos, sinceramente, que isto —vólvollo repetir unha vez máis— non é unha declaración de intencións despois de trinta anos de Goberno do Partido Popular e de dez anos ininterrompidos do señor Feijóo, senón que vostedes o que están é recoñecendo aquí, aínda que non queiran, que nin fixeron, nin farán no que queda de lexislatura, o que os nosos maiores —como dicía vostede, e moi ben— necesitan e merecen.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señora Blanco, vostede, que é adaíl do rigor nesta Cámara parlamentaria, vostede que asegurou en sede parlamentaria que o Partido Socialista ía financiar o 50 % da Lei da dependencia, vostede que asegurou nesta Cámara que o Partido Socialista ía pagar os 200 millóns de euros que lle debía a Galicia para atender as persoas en situación de dependencia, agora que non se fixo, ¿que vai facer vostede?



Vostede que en sede parlamentaria acusou falsamente a altos cargos da Xunta, ¿agora que vai facer? ¿Vai pedir desculpas?, ¿vai dimitir? Non, vostede é unha [difamadora profesional] (*Expresión retirada pola señora Rodríguez Arias*) neste Parlamento (*Aplausos.*) que vén facer acusacións falsas sobre altos cargos da Xunta de Galicia, asegurando que están facendo unha función que non lles corresponde.

Mire, agora parece ser que mudan de opinión e que non critican vostedes as sete residencias nas grandes cidades. Non é certo, estiveron criticando dende o primeiro momento a Fundación pola construción desas sete residencias. Fíxoo a señora Blanco. Vostede dixo, no debate da Comisión de Orzamentos —hai unha acta, pódeala vostede ler—, que o que non queríamos era a caridade privada de Amancio Ortega. O señor Villares tamén dixo que non quería esas doazóns, que o que quería era máis recadación. A señora Pontón acusou a Xunta de Galicia de que a política social dependera da chequeira (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) deste señor. E o señor Sánchez tamén criticou a externalización das políticas sociais.

Hoxe o BNG vénnos dar leccións. Bueno, vénlle dar lección á Xunta de Galicia. Porque ¡claro! mentres a Xunta de Galicia destina 776 millóns de euros, ao BNG parécelle pouco. Pero o que non sabe o BNG é que os concellos onde alí gobernan lideran o ránking dos concellos oficialmente pobres en servizos sociais. Concellos como Pontevedra, como Cangas ou como Carballo son os concellos que menos destinan de toda España aos servizos sociais. (*Murmurios.*) ¡Vostedes si que teñen que dar leccións de como xestionar os servizos sociais, señora Prado! (*Aplausos.*) ¡Si que poden dar leccións!

E claro, vén co mantra desa auténtica rede pública de servizos sociais. A auténtica, a verdadeira, a que nós faciamos, ¡e non a que fan vostedes! Mire, 276,3 millóns de euros no ano 2009 para os maiores, 450,6 millóns de euros agora. Claro, ¡que risa! ¡Que risa, ¿verdade?, ¡cando vostedes privatizaban o programa Xantar na Casa! ¿Verdade, señora Prado? Non quere que fale. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Que risa, señora Prado, cando vostedes privatizaban o servizo de transporte e o comedor de todos, todos, os centros de día que vostedes abriron! ¡Que risa!, ¿verdade, señora Prado? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ¡Que risa, cando vostedes privatizaron a residencia de Chantada!, ¿verdade, señora Prado? E que risa cando vostedes privatizaron o servizo de axuda no fogar e o Xantar sobre rodas de todas. ¡Que risa!, ¿verdade, señora Prado? (*Aplausos.*) Pero claro, ¡agora queren unha auténtica e verdadeira rede pública de servizos sociais!

E ¡claro!, tamén temos que seguir as indicacións e as receitas das Mareas de Podemos, porque as súas receitas son as que ten que aplicar a Xunta de Galicia. Mentres a Xunta de Galicia executa o 99 % do seu orzamento, ¿as Mareas de Podemos que fan? Pois liderar o ránking dos concellos que non cumpren. No Concello de Santiago, o 77 % do orzamento sen executar. No Concello da Coruña, o 71 % do orzamento sen executar. No Concello de Ferrol, o 69 % sen executar. Pero ¡claro!, veñen aquí darlle leccións á Xunta de Galicia de como ten que xestionar eses 776 millóns de euros que dedican a política social. Hai outros concellos que tamén nos teñen que dar leccións, e que aparecen nese ránking de concellos precarios. Pero ¡claro!, como non se pode falar de determinados concellos...



Aquí, do que nós queremos falar é de que cada día hai máis residencias públicas, máis prazas públicas en centros de día, máis servizo de axuda no fogar, máis casas do maior, máis orzamentos para políticas sociais, máis orzamentos para atender as persoas maiores, e cada día temos unha oposición que merece menos ser apoiada polo pobo galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Peche da comparecencia, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Deputadas, nas súas intervencións eu observo unha cousa que me preocupa, e creo que tamén lles preocupa e indigna ás persoas usuarias das nosas residencias, ás persoas maiores dependentes.

Señoras deputadas, unha praza de atención ás persoas maiores suxeita a prezos públicos, ás listas e aos criterios de acceso públicos e con criterios de calidade públicos, é unha praza pública, póñanse como se poñan (*Aplausos.*)

E saúdo tamén, por certo, os representantes sindicais que están hoxe aquí neste hemiciclo. Non lles caiba a menor dúbida de que seguiremos sempre dialogando, como viñemos facendo ata agora, polas canles oportunas para continuar mellorando as condicións dos nosos traballadores.

Señora Prado, vostede fala moito aquí sempre, pero agora que teñen un representante, un deputado, en Madrid —e aproveito hoxe a ocasión para felicitalos—, teñen unha oportunidade de ouro para reivindicar a enorme importancia que ten para Galicia que o Goberno central pague os 200 millóns de euros que nos escatima cada ano... (*Aplausos.*) ¡que nos escatima cada ano!, para mellorar a atención das nosas persoas maiores. Eu estou convencida, señora Prado, señora Blanco, de que con eses 200 millóns de euros máis, cumprindo a Lei de dependencia, poderemos continuar mellorando os servizos e a atención de máxima calidade ás persoas maiores. (*Aplausos.*)

Señora Quinteiro, a min continúanme preocupando as súas afirmacións, porque nesta ocasión dixo que era unha cadea de montaxe unha residencia. ¿Vostede está segura de que algunha vez visitou algunha residencia pública de atención ás persoas maiores? Porque eu estou constantemente visitando residencias públicas, estou continuamente sobre o terreo, a verdade é que visito moitas residencias e vexo que hai moitas cousas que se poden mellorar, por iso continuamos mellorando cada día, pero tamén vexo en todas estas residencias unhas excelentes traballadoras públicas, cercanas, profesionais, que miman, que atenden e que coidan a todas as persoas maiores, (*Aplausos.*) polo tanto, sempre lles continuaremos agradecendo este traballo e sempre continuaremos mellorando, na medida do posible, as condicións laborais que teñen todos os traballadores públicos.



Vostede fala tamén das persoas cuidadoras. É certo que aquí en Galicia hai moitas persoas cuidadoras, isto vai tamén nas nosas orixes e nos nosos costumes, e a todas esas persoas traballadoras lles quero agradecer o seu esforzo por continuar atendendo, mimando e coidando a tantas persoas maiores. Por iso a Xunta de Galicia sempre estará ao carón de todas as persoas cuidadoras en Galicia. Xa incrementamos a día de hoxe un 10 % a prestación de cuidados no ámbito familiar, e continuaremos sempre dándolles todo o noso apoio, con maiores servizos, para que a súa vida sexa cada día máis sinxela e facer máis fácil este traballo.

Vostede fala tamén das traballadoras do servizo de axuda no fogar. Hai moitos concellos nos que o servizo de axuda no fogar está xestionado por empresas privadas, esas traballadoras son contratadas polas empresas privadas, e quen licita estes contratos é o propio concello, non é a Xunta de Galicia, e para que a Xunta de Galicia pague máis, que pague o Goberno central moroso, do Partido Socialista, os 200 millóns de euros (*Aplausos.*) ¡200 millóns de euros!

Señorías, eu a verdade é que hoxe quero darlles as grazas a todas polas súa achegas. Non hai que ter medo nunca ás críticas, porque creo que soamente a través delas podemos continuar mellorando e, sobre todo, identificando todos aqueles ámbitos onde se pode continuar mellorando e ofrecéndolles unha maior calidade nos servizos a todas as persoas dependentes de Galicia.

Coincidiremos todos e cada un en que as características que nos definen aos galegos e ás galegas é que somos unha sociedade moi respectuosa cos nosos maiores, por iso nos sentimos todos moi orgullosos. Polos nosos maiores, porque foron eles os que nos trouxeron hasta aquí e son eles aos que lles debemos todo o que somos.

Por iso, este Goberno estará sempre ao carón das persoas maiores, porque estamos convencidos de que teñen e deben ter sempre un papel fundamental na construción da Galicia que todos queremos. Iso implica contar tamén coas mellores instalacións que garantan a comodidade das persoas maiores; contar cos mellores servizos que garantan a calidade nos seus cuidados; pero, sen dúbida, o fundamental é contar cos mellores equipos de profesionais, cualificados e con vocación, como os que teñen os centros que dependen da Consellería de Política Social.

Todo o feito nestes últimos dez anos é o mellor aval para garantir que a Xunta de Galicia cumpre e seguirá cumprindo sempre. Non soamente estamos a investir máis nos nosos maiores, senón que estamos a investir mellor, xa que son eles os que nos marcan como e onde queren se atendidos. E de aí vén a nosa aposta pola atención domiciliar a través do servizo de axuda no fogar, porque son eles os que nos din que queren seguir vivindo nas súas propias casas; por chegar cada día máis programas innovadores ao rural galego, para que non teñan que desprazarse lonxe das súas parroquias e das súas aldeas e teñan alí os cuidados que eles necesitan. Tamén por abrir novos recursos á porta das súas causas, como son as casas do maior, naqueles concellos que ata día de hoxe non tiñan ningún recurso de atención aos veciños de máis idade. Por incrementar tamén, como non, as prestacións aos maiores dependentes, para que reciban os mellores cuidados nos seus fogares.



Pero para todos aqueles galegos e galegas que prefiren unha opción residencial, incrementamos dende o ano 2009 en máis do 42 % a oferta pública; multiplicamos por tres as prazas en centros de día, ata superar as tres mil trescentas; e o seguinte reto é poñer ao alcance das familias novecentas novas prazas públicas de atención integral de máxima calidade ás persoas maiores (*Aplausos.*) coa construción e a entrada en servizo de sete novos centros integrais, que serán a envexa do resto das comunidades e do resto dos países europeos. Un investimento de 90 millóns de euros que se lle aforrarán aos galegos e ás galegas, grazas á implicación e ao compromiso da Fundación Amancio Ortega.

Pero con todo, a Xunta de Galicia continuará apostando polas persoas maiores para ofrecerlles sempre, sempre, máis servizos e de máxima calidade.

Moitas grazas a todos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto 3 da orde do día, de mocións. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que pasou? ¿Quen pediu a palabra? Señora Blanco, ¿por? ¿Perdón?

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: En virtude do artigo 76, polas afirmacións feitas pola deputada do Partido Popular, que creo que atentan contra a miña condición de deputada e a miña dignidade. Eu creo que non fixen ningún tipo de manifestación persoal cando subín ao estrado, e pídolle que retire esa expresión de «difamadora profesional».

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora...

Vamos ver, eu estiven no debate. Independentemente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) pero, non, ¡pero déixenme opinar! Eu estiven no debate, e entendo que iso se circunscibiu a un... (*Murmurios.*) Non, independentemente de que despois a señora Rodríguez Arias pode retirar iso —que llo vou pedir— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), eu creo que... ¿Como que non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), ¡Déixeme falar a min! (*Murmurios.*) Por favor, estou falando aínda eu.

Iso pódese circunscribir —que é o que ela quería dicir— a que ao mellor temos que ter coidado co que dicimos aquí, porque se está falando dunhas persoas ás que se lles achacaron determinadas situacións que despois foron arquivadas pola xustiza. Creo que foi ao que ela se refería. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Neste caso, si, concretamente. Iso non é óbice para que agora a señora Rodríguez Arias —á que eu llo vou pedir— poida retirar iso; pero creo que o debate era por aí. Así o entendín eu. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Señora Rodríguez Arias? (*A señora Rodríguez Arias pronuncia palabras que non se perciben.*)

Si, si que era por aí. Aínda sei entender as cousas. Sei perfectamente entender as cousas. (*Murmurios.*) Por aí ía ese asunto.

Agora que o matice a señora Rodríguez Arias.



A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Si, señor presidente.

Polo ben do Parlamento, retiro esa expresión. Pero polo ben do Parlamento, a deputada socialista tamén debería de pedir desculpas por acusar falsamente estes altos cargos da Xunta... (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa está.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...cando lles chamou mafiosos. Aínda estamos esperando...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Queda retirada esa expresión.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...polo ben do Parlamento que dea desculpas.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Perfecto.

(*Murmurios.*)

Mocións. Como dixen antes.

Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: En realidade imos seguir a falar da mesma cuestión: da necesidade de ter orzamento suficiente para os servizos públicos esenciais, porque nós defendemos que non temos por que estar condenadas ao dogma da austeridade.

O recorte nos orzamentos públicos, que se aplicou con motivo —ou, mellor dito, con escusa— da crise de 2008 é só unha das posibles saídas, e foi a saída que nos recortou ás clases populares e permitiu o aumento da riqueza de quen máis tiña xa. É isto evidente na distribución de ingresos e na análise de como se tornou a relación entre o poder económico que teñen as persoas traballadoras e o poder económico que ten o capital. E isto levou tamén —enlazándoo co debate que acabamos de ter— a unha maior precariedade do persoal dos servizos públicos e, consecuentemente, a un deterioración da atención ás persoas.

No noso país o recorte do investimento público, aplicado ademais —lembramos— de xeito predilecto polos gobernos Feijóo, foi dobremente duro polas características estruturais do noso débil mercado laboral, con baixas taxas de ocupación e de actividade e con esa emigración da xente moza máis especializada. Así pois, ao recorte nos servizos públicos esen-



ciais uniuse a precariedade e a pobreza laboral. E uniuse tamén —enlazándoo co debate que tiñamos— ese aumento da carga de coidados. Desgraciadamente, dixo a conselleira que os coidados xa formaban parte dos nosos costumes, pero desgraciadamente forma tamén parte dos nosos costumes non valorar ese traballo esencial para a reprodución da vida e condenar, sobre todo, as mulleres a unha carga de traballo inasumible cando recorta o Estado, cando se retiran os servizos públicos.

En fin, o resumo é: recortes por abaixo e beneficios por arriba. Así se constata na política fiscal de Feijóo, que se consolida con estes proxectos de orzamentos e de medidas fiscais. Para o 2020, —nós, dende logo, xa o dixemos en todo este debate orzamentario— non nos resignamos a aceptar que, habendo necesidades sociais, educativas e sanitarias non cubertas, se fagan agasallos fiscais a quen máis ten.

Poderíamos facer unha breve radiografía da situación de emerxencia social no noso país; non nos vai dar tempo a sinalar todos os datos que nos levan a, por exemplo, poñer que son aproximadamente seiscentos setenta mil galegos e galegas as que obteñen ingresos por baixo de nove mil euros brutos. Isto é, case setecentos mil persoas que chegan como máximo a 750 euros brutos ao mes; este é o drama do noso país.

Poderíamos seguir poñendo datos pero, como non me vai dar tempo, o que queremos dicir é que con este panorama social, con esta consolidación da desposesión das clases populares galegas, a Xunta declina as súas obrigas. Durante a crise, primeiro, decidiu minguar a súa participación no conxunto da economía do país e reduciu o gasto público a respecto do PIB. E na poscrise —que non é a superación da crise social— non o recuperou ao nivel do que se recupera o PIB; salvo, iso si, en anos electorais. Por iso neste orzamento si medra un pouquiño máis que as previsións do PIB.

A consecuencia é que temos un sector público cada vez menos importante no conxunto da economía do país, pero é que, ademais, engádese unha política fiscal do Goberno Feijóo pola cal a Xunta reduce o peso dos impostos propios e, polo tanto, pasa a depender máis das entregas do Estado, e volvemos a ese debate de fondo que temos sobre o financiamento. Pero o que queremos tamén resaltar é que a pesar da pouca capacidade fiscal da Xunta, a Xunta declina exercer as súas capacidades. En resumo, é un modelo acorde á ideoloxía do Partido Popular: menos capacidade de intervención pública, menos administración propia, vantaxes fiscais para quen máis ten e retórica continua de que Galicia somos unha familia. Pero é que resulta que non temos a condena de ter que compartir a sorte por igual, senón que unha nación con autogoberno, aínda que sexa limitado, debe compensar as desigualdades e anticiparse aos problemas sociais e económicos.

Por iso, o primeiro punto desta moción insta a rexeitar o dogma do teito de gasto e as políticas de austeridade e aumentar, polo tanto, o investimento público da Xunta —nós cifrámoslo nunha media de catrocentos millóns de euros anuais no vindeiro quinquenio: o dobre do que a Xunta se propón aumentar para o 2020. Pero, lembremos, é ano electoral; é unha anomalía dos orzamentos da Xunta—, porque entendemos que non só hai unha alternativa nas políticas públicas. Mesmo dentro do modelo do sistema, pódese optar por beneficiar os



ricos ou as maiorías sociais. E polo que optan os gobernos Feijóo é por exencións fiscais, agasallos fiscais a quen máis ten.

Pero para garantir, por suposto, que este dogma de austeridade non impregne todas as políticas públicas cómpre revertir, por suposto, a reforma constitucional. Hai que derrogar esa reforma do artigo 135 da Constitución española, froito —lembremos— dun pacto de gran coalición que modificou a Constitución de xeito *express* para favorecer sobre todo o sector financeiro; para que as administracións públicas cumprisen antes coa débeda que co interese xeral.

O escenario político no Estado —do que levamos falando toda esta mañá—vólvenos levar ao mesmo que a finais de 2015; para desbloquealo, ou hai que admitir esa gran coalición ou hai que apostar pola pluralidade e a democracia. As novas de hoxe amosan que pode ser posible un goberno progresista. Facemos votos por que iso sexa así, pero os datos do Congreso dos Deputados demostran que só se pode apostar pola pluralidade e a democracia recoñecendo tamén os dereitos cívicos e políticos dos pobos. Agardamos que iso sexa así, e aproveitamos tamén para dar os parabéns tanto ao BNG como a Unidos Podemos na súa representación galega. Tamén aproveitamos para resaltar que o noso país votou cun sistema electoral diferente ao resto do Estado, igual que se fixo no País Vasco e en Cataluña.

En fin, o modelo do PP está claro. No país, dende o 2014, os beneficios fiscais a quen máis ten supuxeron unha caída de ingresos acumulada que acada os 2.827 millóns de euros; isto é máis que o orzamento de toda a Consellería de Educación neste ano. E destaca sobre todo o imposto de sucesións e doazóns, que acumula beneficios fiscais de 717 millóns de euros. Falabamos antes da Consellería de Política Social. Pois ben, os beneficios fiscais que acadan case son o orzamento da consellería —todo o que se adica ao servizo de axuda do fogar, as residencias, as escolas infantís e a Risga—: 717 millóns de euros que se poderían ter aproveitado para activar unha rede pública de escolas infantís que acollese toda a demanda, para impulsar unha verdadeira renda social de complemento de ingresos ou para dinamizar a economía dos coidados. En resumo, hai fondos pero déixanse no peto dos ricos.

Deste xeito, o que propoñemos é revisar o incremento procedente dos tributos propios da Xunta con base no principio de xustiza fiscal. Non somos unha familia; non todos e todas temos que ter a mesma sorte. Xustiza fiscal, comezando por presentar un proxecto de lei para recuperar os tipos impositivos do imposto de patrimonio do ano 2018, que —lembremos— foi reducido nun vinte por cento, o que reduciu a recadación un once por cento. E revertir as modificacións realizadas no imposto de sucesións.

Paralelamente, ¿que propoñemos?, ¿onde investiríamos? Elevar o investimento público en sanidade, educación e servizos sociais. Canto menos, para acadar a porcentaxe media de investimento nestas funcións na Unión Europea en relación co PIB antes de 2022. Porque a realidade é que seguimos por baixo da media da Unión Europea, tanto en investimento social como en presión fiscal. Así, estamos afondando nesa insuficiencia do sistema do que se falaba pola mañá; e por moita propaganda de gasto social destes orzamentos 2020, a realidade é que seguimos lonxe do nivel de investimento público en benestar da media europea. Sanidade: fronte a un sete por cento de media —sete por cento en relación co PIB— estamos



a pouco máis do seis; educación: fronte a un 4,5 por cento, estamos nun 3,6 por cento. Pero é que ademais, se aínda fósemos ao nivel de execución, en 2018 o gasto executado en sanidade, educación e servizos sociais aínda foi inferior ao executado en 2009: 106,5 millóns de euros menos. Hai que ver tamén a cuestión da execución orzamentaria e tamén ver o gasto por habitante axustado en sanidade, educación e servizos sociais, que segue sendo inferior a 2009.

Para o 2020, ¿que nivel podemos ter de compromiso de que se executen as partidas orzamentarias? Nós, ademais, o que propoñemos é modificar —como temos presentado así emendas— o Proxecto de lei de orzamentos que se presenta para o 2020 para que, cando menos, naqueles programas que incluso nominalmente están por baixo de 2009 se eleve o investimento polo menos ao nivel de 2009. Estamos a falar, ademais, de investir nun sector que activa a economía no sector dos coidados, na innovación, no benestar social en xeral. Polo tanto, estamos a impulsar sectores produtivos sustentables co medio neste contexto de crise climática e de necesaria transición ecolóxica e económica.

Tampouco nos esquecemos das obrigas do Estado en relación co financiamento da dependencia, que parece aquí que isto o inventou agora o Partido Popular coa petición deses case douscentos millóns de euros que, cos recortes do Partido Popular, non puido ingresar a Comunidade Autónoma. Miren, se non, vostedes o Real decreto lei 20/2012.

Así pois, agardamos que esta moción prospere para garantir os servizos públicos no noso país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós coincidimos co fondo da moción que presenta hoxe o Grupo Mixto, que defendía agora a señora Vázquez Verao; aínda que é certo que hai algunhas cuestións que nos parece que tamén son máis acaídas no debate que teremos a vindeira semana, nese debate xa de devolución á totalidade do Proxecto de lei de orzamentos. Pero insisto en que coincidimos desde o BNG co fondo político da moción, cunha cuestión que sinalaba a señora Vázquez Verao, que é como se usou a crise económica como coartada para recortar dereitos e golpear duramente os servizos públicos. E iso vai sobre o lombo das galegas e dos galegos, sobre todo daquelas persoas que teñen menos recursos.

E creo que, ademais, o mellor e o maior exemplo de como se utilizou e instrumentalizou esa crise económica como coartada para dar un durísimo golpe aos dereitos das traballadoras e dos traballadores e os servizos públicos é precisamente esa reforma do artigo 135 da Constitución española, un texto concibido case como o dogma, incuestionable, case sagrado, inmutable, até que, ¡claro!, chegou a banca e mandou parar. E, entón, podíase facer por un



procedemento de urxencia, saltando ou facendo saltar polos aires calquera principio democrático, nun pacto cunha tramitación que durou menos dun mes e que foi —como a propia señora Verao dicía— o resultado dunha gran coalición entre o Partido Popular e o Partido Socialista.

Esta mudanza introducía varios aspectos nesa modificación, pero é unha mudanza substancial que antepuxo o pagamento da débeda a calquera outra cuestión, incluíndo a garantía dos servizos públicos como unha parte fundamental para garantir unha sociedade equitativa, unha sociedade xusta. Unha decisión profundamente ideolóxica que beneficiou os intereses do poder financeiro —por certo, responsábel desa crise do ano 2008— á conta —insistimos— dos dereitos sociais, dos dereitos das traballadoras e dos traballadores e tamén dos servizos públicos. Por iso insisto en que compartimos o fondo político. E cremos que, ademais, é unha urxencia pór fin a ese dogma neoliberal que se impuxo e garantir, sobre todo, a blindaxe dos servizos públicos como o dereito que son. Para iso é fundamental, por non dicir indispensable —falábase na comparecencia da conselleira de Política Social—, que se garantan os recursos humanos, os recursos profesionais e os recursos económicos suficientes que permitan o acceso en condicións de equidade ao conxunto da poboación aos servizos públicos.

Actualmente, o Goberno da Xunta de Galiza, alén do que sinalaba xa a deputada na súa intervención, mantén un gasto consolidado en servizos sociais por baixo da media do Estado, concretamente 48 euros menos de gasto consolidado en servizos sociais aquí en Galiza que no conxunto do Estado. E os recortes, os repagos, as privatizacións non son inocuas e caen enriba de quen máis o necesita ou de quen peor situación económica ten. Empeora, ademais, os servizos públicos e impide acceder a eles en condicións de equidade ao conxunto da sociedade do noso país. E á vista está —e non hai que ir facer un gran labor de estudo moi pormenorizado— a situación na que se atopan servizos públicos como a sanidade despois dunha década de recortes do Partido Popular, nomeadamente da atención primaria, ou a situación na que se atopan os servizos de atención e de axuda á dependencia da que se falaba hai escasos minutos.

Nós imos apoiar a moción. Será, ademais, unha das cuestións na que centraremos tamén —xa digo— a semana que vén o debate arredor do Proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.

E unha última cuestión, antes de rematar, sobre o que dicía a señora conselleira —tamén hai que agradecerlle as cousas; ao César o que é do César—. É bastante curioso que unha conselleira da Xunta de Galiza recoñeza, na sede parlamentaria, que menos mal que volveu o Bloque Nacionalista Galego ao Congreso para reclamar ao Goberno español o que lle debe o Goberno español a este país (*Aplausos.*) en materia de cofinanciamento da axuda á dependencia: case douscentos millóns de euros. Tamén estaría mellor, agora que vostedes se dan golpes no peito, que tivesen apoiado as tantas e tantas veces que o BNG trouxo esta cuestión a esta cámara. (*Aplausos.*) A última vez que vostedes votaron en contra da reclamación deses douscentos millóns de euros foi no recente debate do estado da Nación. Pero —insisto— está ben que se recoñeza que vale máis un do Bloque que dez do Partido Popular no Congreso. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Murmurios.)

Calma, calma, calma. Foi un comentario sen máis, tampouco é que sexa unha cousa exactamente así. *(Murmurios.)*

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, señora Quinteiro.

¿Non está? ¿Alguén a pode avisar? *(Pausa.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, tócalle á señora Quinteiro. *(Pausa.)*

Ben, se hai problema... ¿Pasan a quenda?

Ben, grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Porritt. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor, xa está. Non pasou nada.

Agora tócalle a quenda á señora Porritt. Cando queira.

A señora PORRITT LUEIRO: Grazas, presidente.

Señorías, bos días a todas e todos.

En relación coa moción que nos ocupa sobre o gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais, son moitas e variadas as cuestións que se expresan: o teito de gasto, a política fiscal do Goberno da Xunta, o investimento público en sanidade, educación, servizos públicos e dependencia. Nalgunhas coincidimos e outras non as compartimos.

É coñecida a nosa postura respecto do teito de gasto —cuestión xa tratada no pasado pleno do 23 de outubro—. Nós estamos a favor da súa existencia; outra cousa é fixar o seu límite.

Coincidimos no fondo do solicitado nos puntos 3, 4 e 5. Digo no fondo porque respecto do terceiro na súa proposta fálase de presentar un proxecto de lei. Pero tanto respecto deste punto terceiro como do quinto, xa que estamos a tramitar o Proxecto de lei de orzamentos e o Proxecto de lei de medidas fiscais, o que procede é presentar emendas ás devanditas leis.

Rexeitamos absolutamente a política fiscal regresiva da Xunta de Galicia; unha política fiscal que favorece os que máis teñen, incumprindo os principios reitores do noso sistema tributario recollidos no artigo 31 da Constitución.



Pois ben, os orzamentos da Xunta de Galicia veñen reiteradamente recollendo rebaixas fiscais á riqueza, o que favorece que aumenten as desigualdades. E pese a que, no pasado día 23, o señor Puy dixo expresamente que onde funciona o mercado que xera as inequidades é onde se deben corrixir a través dun sistema fiscal redistributivo, tanto pola vía do ingreso como pola vía do gasto, unha cousa é o que se di e outra o que se fai.

Da política fiscal do Partido Popular tamén falou a ex-ministra Ana Pastor no debate da semana pasada. Dixo: imos eliminar o imposto de patrimonio, o imposto de sucesións, rebaixar o imposto de sociedades e rebaixar o imposto sobre a renda. Iso si, á ex-ministra esqueceulle comentar outra redución: a redución dos servizos públicos. Quen non esqueceu dicilo expresamente foi a representante de Vox, socio do Partido Popular en diversas administracións. A señora Monasterio xa non falou de rebaixar, senón máis ben de eliminar, de eliminar o sector público, que deixemos o mercado que flúa libremente sen que o Estado moleste. Os beneficios fiscais, chámense exención, dedución, bonificación ou redución, son instrumentos da política fiscal cun obxectivo definido. Desde logo, un dos obxectivos de todo beneficio fiscal debería ser a redistribución da riqueza, tendo en conta ademais que todo beneficio fiscal é unha situación de privilexio contraria aos principios de igualdade e de xustiza contributiva recollidos na Constitución.

¿Cales son os obxectivos que quere acadar a Xunta de Galicia cos beneficios fiscais no imposto de patrimonio, no imposto de sucesións e no imposto de transmisións patrimoniais? Nós témolo claro: favorecer os que máis teñen á custa dos recortes nos servizos públicos.

A Xunta pode presentar e aprobar grazas á súa maioría absoluta —de momento— medidas fiscais que poden ser legais pero, desde logo, non son xustas, nin progresivas nin eficientes. O que sostén o país son as rendas do traballo, os traballadores públicos e privados, os pensionistas e os pequenos autónomos. E así, mentres os ricos pagan cada vez menos impostos e ven como a súa riqueza se multiplica por un cincocentos por cento, o número de traballadores pobres que viven en precario aumenta. Renuncia a Xunta a incrementar os ingresos vía impostos, detraendo do sistema recursos que podería e debería destinar a mellorar os servizos públicos como a sanidade, a educación, os servizos sociais e a dependencia, e así garantir o principio de igualdade de oportunidades.

A señora Vázquez Verao deu na interpelación cifras e o conselleiro na súa resposta tamén deu cifras para o ano 2020, cifras que non vou cuestionar: 4.106 millóns de euros para sanidade, 2.465 millóns de euros para educación e 830 millóns de euros para políticas sociais. Repito que non vou entrar en cifras, pois parece que os grupos da oposición e o Partido Popular nunca coinciden, e só farei unha serie de preguntas:

¿É suficiente o investimento realizado en sanidade, educación, servizos sociais e dependencia? A resposta é non.

¿Hai necesidades para cubrir? Si.

¿Podería a Xunta de Galicia recadar máis impostos sobre a riqueza e destinalos á mellora destes servizos? Si.



Pois iso realmente é o que pedimos: que dean marcha atrás na súa política fiscal e que apliquen unha política fiscal progresiva que permita incrementar os recursos e destinalos a reducir as desigualdades existentes. Porque non hai xustiza social sen unha tributación xusta que respecte os principios de igualdade e progresividade sobre os que descansa o noso sistema tributario.

Ao non compartir na súa totalidade o solicitado polo Grupo Mixto, absterémonos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Porritt.

Grupo Parlamentario Popular, señora Fernández Macías.

A señora FERNÁNDEZ MACÍAS: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quería comentarlle á señora Verao que me parece ben que felicite os resultados do Bloque Nacionalista Galego e de Podemos, pero entón ao Grupo Popular debería organizarnos unha festa polos nosos resultados, (*Aplausos.*) porque non é o mesmo... Señora Rodil, non é o mesmo gañar as eleccións que non gañalas, e non é o mesmo subir 19.000 votos, como fixo o PPdeG, que baixar 68.000 como fixo a segunda forza máis votada, que é o Partido Socialista. (*Murmurios.*)

Centrándonos no tema, espero que me dea tempo de explicar a posición do Grupo Popular con respecto a todas as cuestións que plantexa o Grupo Mixto na súa moción, porque vostede presenta unha fileira de puntos que é certo que están relacionados entre si, pero a verdade é que son de tal magnitude, tan transcendentales, que dificilmente se poden debater con rigor en tan pouco tempo. E, de feito, vostede tamén nomeou que non lle daba tempo de falar de todas as cifras.

De todos os xeitos, intentando seguir a orde de puntos que vostede plantexa, temos que no primeiro punto falan de debater sobre a conveniencia de usar ou non usar a figura do teito de gasto, e falan tamén das políticas de austeridade que levou a cabo a Xunta de Galicia. Falou vostede na súa intervención como se esas políticas fosen unha gran mentira ou unha grande estafa, e nada máis lonxe da realidade, pois as políticas foron necesarias nun contexto de crise económica pero para a súa sorpresa —imaxino que tamén para o seu pesar e o de toda a oposición—, estas políticas non afundiron a economía como vostedes prognosticaban senón que —mire vostede por onde— axudaron a que Galicia estea a día de hoxe nunha senda de crecemento consecutivo durante 7 anos. Un crecemento económico sostible e continuado no tempo, como así o demostran os datos económicos a día de hoxe.

No segundo punto pide vostede instar ao Goberno central a derrogar a reforma do artigo 135 da Constitución. Precisamente ese principio polo cal nos rexemos, e que se tildou aquí de ideolóxico, é o que garante a sustentabilidade dos servizos públicos aos que vostede fixo alusión durante toda a súa intervención, e tamén garante o estado de benestar. E ademais consegue que os Estados non quebren por exceso de débeda como aconteceu por exemplo en



Grecia, porque é un instrumento que permite equilibrar a balanza dependendo do contexto económico, ben sexa en momentos de bonanza ou ben sexa en momentos de crise, e que a carga da débeda non sexa tan pesada.

Pero non só serve para que non quebren o Estados, senón tamén para que non quebren as comunidades autónomas, como aconteceu por exemplo con Cataluña cando sacaron aqueles bonos patrióticos que ao final non podían pagar, e foi o Estado quen a tivo que rescatar para evitar a quebra da comunidade.

No terceiro punto, primeiro fala vostede de recuperar o tipo impositivo do imposto do patrimonio aos niveis que estaba antes, pero é que, en realidade, xa é o que está a facer a Xunta de Galicia neste ano. É dicir; a día de hoxe, este imposto está exactamente igual que cando chegou o Partido Popular ao goberno. Pero iso non significa baixalo, como vostedes nomean unha e outra vez, senón que previamente se subiu durante 5 anos consecutivos, e agora o mantemos como o resto das comunidades autónomas e como o resto das tarifas do estado.

E, por certo, estes tipos impositivos do patrimonio que temos en Galicia son os mesmos aprobados en Castela-A Mancha, onde gobernan en coalición o Partido Socialista e Podemos, e non vexo que os partidos homólogos aquí nesta Cámara dixesen nada sobre ese tema.

Mentres, por outro lado, vostedes piden reverter o tamén nomeado imposto de sucesións, que supón que máis do 99 % dos galegos non paguen este imposto. Pero, á hora da verdade, vemos que os feitos lle dan a razón á Xunta de Galicia, pois esa baixada de impostos axuda, entre outras cousas, a consolidar esa senda de recuperación económica da nosa Comunidade Autónoma.

No punto 4, solicitan vostedes elevar o investimento en sanidade, educación e servizos sociais. Pois ben, os orzamentos presentados pola Xunta para o ano 2020 xa recollen un incremento neste investimento, de modo que para 2020 haberá —que xa comentaba tamén a señora Porritt estas cifras—: 4.106 millóns de euros para sanidade, 2.465 millóns de euros para educación e 830 millóns de euros para servizos sociais. É dicir, no día de hoxe destínanse 1.100 millóns de euros máis nestes tres ámbitos que no inicio da lexislatura do Partido Popular. Ou sexa, hai máis recursos que nunca, ou o que é o mesmo —que tamén se comentou na comparecencia anterior da conselleira—: máis prazas de médicos e enfermeiras, máis colexios públicos, máis cuidadores e orientadores ou máis cartos para a dependencia, entre outras cousas.

No punto 5, queren vostedes modificar o Proxecto de lei de orzamentos da Xunta para 2020. Pero o que é máis grave é que pretenden levar estes orzamentos aos niveis que había no ano 2009, sabendo —aínda que non o mencionou vostede aquí, non sei si intencionadamente ou non— que eses orzamentos da Xunta para o ano 2009 si que supoñían unha grande estafa e unha gran mentira, pois estaban inflados en 1.600 millóns de euros. Uns 1.600 millóns de euros que, como vostedes saben, quedaron a deber e estamos aínda a pagar no día de hoxe como consecuencia das liquidacións negativas. E vostedes pretenden que volvamos a esa burbulla e a eses orzamentos fantasma. Pero no Goberno actual da Xunta de Galicia e o Partido Popular, a diferenza doutros, non queremos volver a esa situación para deixar pufos ou



para deixar problemas económicos para os vindeiros anos, sexa quen sexa o que governe e veña quen veña ao Goberno galego.

E por último, e para rematar xa, no último punto sería no único que estaríamos parcialmente de acordo no tocante a trasladar ao Goberno central a necesidade de que asuma o cincuenta por cento do gasto en dependencia, como xa se comentou antes tamén na comparecencia da conselleira. Pero recórdolles, sobre todo á señora Rodil, que, no pleno do 17 de outubro de 2017 concretamente, o Grupo Popular xa votou a favor nunha moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego con respecto a este tema, e, polo tanto, o noso compromiso segue igual de vixente e segue a ser unha máxima reclamada pola Xunta, incorporada ademais na Axenda Galicia.

Por todo isto, votaremos en contra desta moción.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Macías.

Imos saudar, antes de continuar, os alumnos e alumnas do CEIP Plurilingüe As Solanas, da Guarda, que hoxe están con nós no Parlamento. Son alumnos de quinto e sexto de primaria e están tamén cos seus profesores. ¡Benvidos ao Parlamento!

E agora si, queda de réplica.

A autora da moción, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, benvidos e benvidas ao Parlamento.

O primeiro que quero lembrar é que a maioría do voto nas xerais no noso país é progresista, así que a felicitación pode facerse extensiva.

Ben, a realidade aquí, a cuestión central —e resumiuna moi ben creo que foi a voceira do Partido Socialista— é que, habendo necesidades sociais non cubertas, non é o momento de proceder a ampliar beneficios fiscais. Poderíamos discutir que nós non consideramos que sexa nunca o momento de aplicar esas exencións fiscais e de non facer xustiza redistributiva. Pero, precisamente aquí, do que estamos a falar é de que hai necesidades non cubertas, e o Goberno da Xunta aposta por beneficiar fiscalmente a quen máis ten. Pero é que, ademais, a respecto dos datos de 2009, seguimos en nivel de execución en gasto por habitante en termos inferiores a 2009. Incluso hai programas —e son algúns dos que citamos na moción— que están en termos nominais, sen contar o IPC acumulado, por baixo de 2009, e seguimos estando por baixo da media da Unión Europea en investimento en servizos públicos esenciais. É unha realidade, é un déficit do noso país.

Claro que estamos a falar de cuestións estratéxicas, como dicía a voceira do BNG. Estamos a falar de como a crise se utilizou como escusa para recortar ás clases populares. E non hai máis que ver os datos de desigualdade, de aumento brutal das desigualdades, e de re-



distribución aínda máis desigual da riqueza. Polo tanto, non é que non houberse cartos, é que se renunciou á alternativa que supoñía redistribuílos. Non hai só unha alternativa, a alternativa non é só recortar por abaixo. E ese crecemento económico dende 2014 non se debe a eses recortes. O crecemento económico, precisamente por culpa desas normas restritivas, non chegou á maioría social. E isto non o di En Marea, non o din os grupos da oposición, senón que o di o Consello Económico e Social e os numerosos informes económicos que van saíndo.

Por certo, o Estado grego non tería por que quebrar se non quixera a Unión Europea. Poderíamos falar do complexo da política monetaria e de como os estados non son familias precisamente, e poden regular o seu nivel de débeda.

E falando de cuestións estratéxicas, aquí tamén hai un fondo, que dramaticamente se viu tamén nun aspecto destas eleccións, e é que nun contexto de incerteza económica, de empobrecemento e de desigualdade hai un evidente cuestionamento das institucións que teoricamente están chamadas a cumprir co ben xeral. E cando non hai unha alternativa de esquerda nin sequera dentro do sistema, como foi non poder chegar a un goberno progresista, agroman «solucións» —entre aspas— autoritarias. Agardamos, por iso, que as novas que hai hoxe sobre a posibilidade dun goberno progresista se dean, porque esas solucións autoritarias ou o autoritarismo acábannos por levar por diante a todas e todos. Tamén ao Partido Popular, e tamén aos intereses que defende o Partido Popular. Porque creo que tamén foi a señora Porritt quen falou aquí das propostas de Vox en materia económica, que son a desregulación total. Ao final, apostar por iso nas súas políticas vainos levar a que haxa outros que ocupen ese espazo, porque a situación é dramática.

Así pois, nós defendemos esa cuestión de fondo, que é que se free xa o de facer pagar a crise ás clases populares. Incluso dentro do sistema e dentro dos mecanismos que ten a Xunta se pode non optar por dar beneficios fiscais aos ricos e beneficiar a maioría social. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de socorristas

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Luís Bará Torres e a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débense engadir despois do texto articulado os seguintes puntos:



«6) Promover xunto con todas as partes a aprobación dun convenio específico do sector. En tanto que non se aprobe este convenio, garantir unhas condicións laborais e salariais mínimas para todo o persoal de socorrismo.

7) Establecer un sistema de subvención estábel e plurianual para cofinanciar a contratación de persoal por parte dos concellos.

8) Elaborar un estudo sobre mortalidade nas praias e noutros espazos de baño que teña en conta: incidencias por praia ou zona de baño, perigosidade das zonas de baño, causas da sinistralidade, idade e sexo das vítimas, datos por meses/estacións do ano, medios dispoñíbeis, etc.

9) Revisar o SAPRAGA e aumentar o número de praias con cobertura obrigatoria de persoal de salvamento e socorrismo.

10) Desbotar a creación da figura do auxiliar de socorrismo.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Ola, moi boa tarde a deputados e deputadas.

Señor presidente.

Parece que imos ter boas noticias se remata o desbloqueo, así que podemos empezar a falar de facer cousas, e tamén aquí en Galicia.

E máis alá disto —benvidos os que nos visitan—, estamos cunha temática da que xa falamos no pleno anterior no referente aos problemas que houbo este verán nas praias porque pola falta de implicación da Vicepresidencia da Xunta a respecto das emerxencias galegas, despois de teren avisado os concellos, o persoal de socorrismo e os actores implicados, as plataformas e os axentes sindicais, un ano máis incrementouse o número de afogadas nas nosas praias, por desgraza.

Explicábase na interpelación ao vicepresidente da Xunta que eran uns números inaceptables que dende o 2015 ao 2018 morresen duascenas dezasete persoas afogadas en Galicia e que o oitenta por cento eran en praias onde non había persoal de socorrismo. Explicábanse todas as causas: un exceso de formación sen facilidades para poder realizala, uns salarios baixos, unha precariedade. Case existiu unha folga durante o verán. Pedíase por parte do persoal de socorrismo que esta formación se impartise dunha maneira máis descentralizada. Nós pedimos na comisión que fose gratuíta, e pedimos colaboración por parte da Vicepresidencia da Xunta para apoiar orzamentariamente os concellos para poderen levar a cabo a cobertura necesaria para garantir a seguridade nas nosas praias. Deulles igual. O vicepresidente buscou todas as excusas posibles para intentar tapar a súa falta de implicación e o seu déficit de xestión, coma sempre botándolles a culpa aos concellos. Estamos habituados a que este goberno, cada vez que hai un furado na xestión do Goberno galego do Partido Popular, busque sempre culpas en algures; se non é nos concellos, é en Cataluña, en Venezuela ou en calquera sitio, menos na súa deficiente xestión.



Dálles igual que se lle poña todo o persoal en folga, sexa da administración, sexa do persoal que ten que sufrir as externalizacións, que son o modelo de goberno deste partido e que sabemos que son máis caras e que precarizan os traballadores e traballadoras, e o persoal do socorrismo tamén. Explicabámoslles que hai un número practicamente idéntico de falecidos en accidentes de tráfico que nas praias. E, con todo, o Goberno galego vive na negación. Néganse a coordinar as emerxencias, néganse a poñer os recursos que se necesitan para garantir a seguridade dos galegos e galegas.

Seguen defendendo a xestión do señor Montoro, que é o que facilitou o estrangulamento dos concellos; aínda que non imos exculpar os que teñen os recursos orzamentarios para poder ter o servizo de socorrismo e, sen embargo, optan por non telo ou por precarizalo. Poñamos exemplos concretos tamén no seu discurso de botarlles a culpa aos concellos: en Porto do Son, que vén ser o Sanxenxo da Coruña e no que teñen maioría absoluta, no anterior verán tiveron soamente dous contratados como socorristas a media xornada por seiscentos euros, e este verán, cero socorristas, co perigosas que son estas praias.

Para nós valen exactamente igual que as vidas dos falecidos en tráfico. Temos que ter medidas de control e de seguridade para garantir a dita seguridade nas nosas estradas, e tamén queremos ter medidas para ter un persoal profesionalizado, formado, que teña condicións de traballo dignas e poida facer o seu traballo correctamente. E tamén temos que garantir que non queden as praias, sobre todo as máis concorridas e as máis perigosas, sen ter o servizo de emerxencias e de socorristas en perfecto estado e sen dignidade para os traballadores. E por iso nós reunímonos cos colectivos de socorristas e cos profesionais do socorrismo e os seus representantes para traer propostas.

Á parte de evidenciar a pésima xestión da Vicepresidencia nesta materia que para nós non é menor, instan na Comisión 1ª para chegar a acordos, aos que por parte da oposición si que se chegou, coa excepción do Partido Popular, que sempre vota en contra. Porque as emendas que nos traen sempre son seguir facendo o mesmo que viñemos facendo. Se temos este número de falecidos e volvemos expoñer ao vicepresidente que este verán, tal e como xa temíamos, se incrementou, evidentemente, non se pode facer o mesmo. É de puro caixón. Non se pode facer o mesmo cando as cifras de mortalidade e de perigosidade das praias soben, e segue caendo o número de profesionais de socorrismo nas nosas praias. Evidentemente non se pode facer o mesmo.

Nós tamén expuxemos que hai outras comunidades e outros territorios onde con máis visitas de turistas e de bañistas baixaba o número de falecidos e, ademais, o persoal de socorrismo tiña unhas condicións que lle garantían facer o seu traballo máis correctamente, pero o señor vicepresidente dixo que eles en Galicia facían o que consideraban e o que lles petaba. Pois estas son as consecuencias de que este goberno faga coa súa maioría absolutista o que lle peta. Esas son as cifras deste goberno e o resultado da xestión deste goberno en todas as materias que xestiona.

Pero nós, dende logo, non nos resignamos e imos traer as nosas propostas para que a cidadanía entenda, sen crear alarmas, que hai problemas que hai que resolver en eidos ademais descoñecidos coma estes. Nós somos unha potencia turística, somos unha potencia en praias,



e temos que garantir tamén unhas garantías de seguridade para esta atracción turística cando temos aquí visitantes e tamén para nós mesmas como galegas e como galegos. Entón, imos traer as propostas que nos parecen razoables e que nos parecen as axeitadas para mellorar a xestión desta cuestión e garantir a seguridade dos galegos e galegas e da xente que nos visita, en colaboración cos colectivos, que son os que prestan este servizo e que son os profesionais que saben o que fai falla.

Por iso traemos esta moción como resultado da interpelación e da negativa do vicepresidente a recoñecer o problema que existe. Consiste en distintos puntos, que son:

En primeiro lugar, promover a estabilidade do emprego mediante tipos de contratación que favorezan ampliar as tempadas do 1 de xuño ao 30 de setembro. Sabemos todos que o período estival agora cada vez dura máis, e temos visitas e temos bañistas moito máis tempo; non soamente en xullo e agosto. E que as xornadas de traballo, mesmo mediante a contratación plurinacional, inclúan o mantemento e a fidelización do mesmo cadro de persoal dunha tempada para outra, porque se non, ocorre que, habendo unha bolsa de supostos candidatos para cubrir as prazas, resulta que despois os concellos non teñen candidatos nin candidatas para cubrilas, porque a xente non pode vivir con estas condicións de inestabilidade, sen continuidade e precariamente.

En segundo lugar, ofrecer ás entidades sociais a posibilidade de incorporarse a unha convocatoria unificada, como se fixo coas policía locais, permitindo ademais o acceso de todas as persoas inscritas no rexistro sen exixir a inscrición no Servizo Público de Emprego como requisito previo, que é de caixón.

En terceiro lugar, incrementar orzamentos para facer a formación máis accesible e favorecer o acceso a algunhas titulacións relacionadas mediante cursos ponte como INEF ou TAFAD. Non é que nós non quixeramos a formación, tal e como intentou manipular de maneira perniciosa o vicepresidente dicindo falsidades que nós, en ningún caso, propuxemos.

En cuarto lugar, o recoñecemento profesional acorde coa exixencia de titulación técnica na escala correspondente do persoal socorrista, porque nós o que si queremos é a súa profesionalización para a súa dignificación.

En quinto lugar, aportar recursos económicos para cubrir parte do servizo a aquelas entidades locais que o precisen mediante procesos subvencionais, podendo así atender máis zonas e non só as que responden a exixencias de distintos distintivos, como bandeiras azuis, porque isto é garantir a seguridade dos galegos e das galegas, garantir os servizos e garantir que realmente se están coordinando as emerxencias e dando recursos que son necesarios, pero garantindo a dignidade, a profesionalidade e, polo tanto, a boa cobertura dun servizo que en Galicia, se nós queremos seguir incrementando o número de visitantes e seguir sendo e medrando como potencia turística, é fundamental, jé fundamental! Porque, ¿que garantías van ofrecer vostedes como goberno, como servizo de emerxencias, ante esta situación, cando fan a chamada para que veñan turistas a Galicia, ás nosas costas? ¿Estas son as garantías que lles ofrecen: cada ano incrementar o número de falecidos, que cada vez máis praias non teñan persoal socorrista —porque non queren pola precariedade que vostedes lles ofrecen,



as externalizacións e a precarización a través das súas subcontratas en empresas, que é o seu modelo de sempre— e escusas baratas para dicir que non temos unhas praias ao nivel de Cataluña, da Comunidade Valenciana, das Illas Baleares ou de Asturias? ¿Esa é a proposta dos superxestores do señor Feijóo? Pois, perdoen que llelo diga, pero así non soamente non medramos como país, senón que vostedes cada vez teñen menos credibilidade, e xa se verá co tempo, cando a nivel de Estado empeceamos a facer cousas, como se vai evidenciar máis o pouco que vostedes fan e o mal que levan facendo a Galicia e a todos os servizos públicos todos estes anos de décadas negras pola súa mala xestión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Esta iniciativa permítenos falar da situación do socorrismo, en xeral das emerxencias en Galiza, e do socorrismo nos espazos naturais, non só nas praias, que é unha situación de extrema e preocupante precariedade e onde temos numerosos problemas. Hai que dicir que non todos son responsabilidade da Xunta de Galiza, pero algúns deles, e moi importantes, si. O principal problema —o inicial, podemos dicir— é a propia normativa básica que regula esta materia, que é unha normativa obsoleta, tan obsoleta que é de 1972 e está asinada polo presidente do goberno daquela, un tal Carrero Blanco, que lles asigna esta competencia aos concellos e establece tamén a clasificación dos tipos de praias, a súa perigosidade, a sinalización e os medios dos servizos de auxilio e socorrismo. É de supoñer que desde o ano 1972 cambiou moito a situación porque daquela, neste papel, que é a orde que regula esta materia (*O señor Bará Torres amosa un documento.*) —isto é o que regula esta materia, esta orde—, dise que está aumentando moito a afluencia ás praias. Claro, nos anos setenta. Estamos noutro tempo e creo que se necesita outro marco normativo.

En segundo lugar, o outro problema é o Plan de salvamento de praias de Galiza, o Sapruga. Non se luciron moito co nome talvez, pero o problema non é o nome, o problema é que este plan está tamén sen actualizar desde o ano 2001, e supoñemos tamén que cambiou moito a situación do noso país como para que se teña que actualizar este plan, pero é un reflexo, en todo caso, da situación na que están en xeral as emerxencias neste país.

Pois ben, o Plan de praias, de salvamento de praias, contempla que tipo de praias, segundo a afluencia e a perigosidade, teñen que ter o servizo de socorrismo, e outras cuestións tamén. Pois, para que se fagan unha idea do que estamos a falar, como consecuencia deste plan, o 80 % das praias de Pontevedra, da provincia de Pontevedra, non teñen a obriga de ter socorrista, non teñen socorristas, nin o 70 % das praias galegas. Tendo en conta a cantidade de praias e a perigosidade, o tipo de costa que temos, é inconcibible que teñamos un plan nestas condicións.

Por iso temos as cifras preocupantes —e por outros motivos tamén, loxicamente— de mortes en accidentes nas praias, onde estamos á cabeza do Estado, despois de Andalucía, nesta



triste cuestión. Por iso, nós pedimos nas nosas emendas que se faga un estudo serio do que está pasando nas praias ao longo dos últimos anos para ver que tipo de accidentes se producen e como se poden evitar. Esas estatísticas dinnos que o 85% das mortes se producen en praias que non teñen servizos de socorrismo, aínda que aquí tamén hai que dicir que se computan outro tipo de mortes por afogamentos, como tristemente vivimos e sufrimos hoxe.

Despois está o problema da falta de socorristas para cubrir as prazas que se ofertan polos concellos. Algúns concellos ofertan contratos a través de empresas e outros contratan directamente o persoal. A realidade é que non se están cubrindo nin sequera as prazas que se ofertan por parte dos concellos, que son arredor de 1.000 prazas en todo o país. E isto a pesar de que, supostamente, temos rexistradas máis de 5.200 persoas que teñen a cualificación profesional e que fixeron os cursos de formación, cousa que nós defendemos. Por certo, párecenos ben que haxa cursos de formación e un programa formativo como o que hai de máis de 400 horas. O problema non é este programa formativo, que ten que haber esta cualificación profesional para o recoñecemento da profesión, senón o custo desmesurado —de arredor de 1.500 euros— que teñen estes cursos, que para moitas persoas son, desde logo, inaccesibles, tendo en conta despois as difíciles condicións de traballo.

A este respecto tamén presentamos unha emenda para que se desbote a proposta, a ocorrencia, ese parche que anunciou a Xunta da creación dos auxiliares socorristas, porque isto iría na dirección de precarizar aínda máis a profesión.

Entón, ¿cales son as causas deste déficit de socorristas? ¿Por que se produce este paradoxo de que haxa máis de 5.000 persoas inscritas e de que non se cubra esa oferta de prazas?

En primeiro lugar, as condicións económicas e laborais precarias, con salarios baixos, con temporalidade e cuns horarios e unhas dificultades tamén de conciliación.

En segundo lugar, a falta de regulación do sector. Botamos de menos e propoñemos, como fan os sindicatos, que haxa un convenio específico, e, mentres que non o haxa, que se regulen e que se homologuen as condicións de traballo de todo persoal en todo o país. Non pode ser que nun sitio cobren 1.300 euros, noutros 1.200 ou 1.100, e que non haxa unha homologación ao respecto.

Despois, a falta de recoñecemento social e profesional, que tamén é un grave problema que teñen.

Por último, propoñemos tamén que se establezcan as subvencións, que sexan previsibles, non como agora, que cambian a capricho do Goberno. Iso estano facendo ben noutras comunidades como, por exemplo, en Asturias, onde hai financiamento plurianual para os concellos que están incluídos no Plan de socorrismo de praias.

En definitiva, non pasaría o que pasou, por exemplo, no Concello de Barreiros, que cambiou o Goberno...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor BARÁ TORRES: ...e lle reduciron á metade a subvención e as prazas subvencionadas de socorristas. Curiosamente, comunicáronllo no mes de xuño.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto, son propostas para mellorar este servizo, para previr e para salvar vidas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Na entrada deste verán houbo xuntanzas, varias, onde estivo presente o director xeral de Emerxencias anterior da Xunta, para abordar a situación deste sector, a dos socorristas e das socorristas. Un sector que a día de hoxe —é sabido por todos— é precario e que temos que dotar de mecanismos e de orzamento se queremos que poida facer ben o seu labor.

Fálase nesta moción de estabilidade laboral, de convocatorias unificadas, de incremento orzamentario, de recoñecemento profesional ou de recursos económicos, e esta é a única vía para que sexamos capaces de ter un servizo de socorrismo de calidade. Os servizos de socorrismo temos que dotalos de medios, e mellorar as condicións laborais dos profesionais e das profesionais.

De pouco serve inzar as nosas costas de bandeiras azuis se despois somos —como dicía o señor Bará— a segunda comunidade autónoma na que máis persoas falecen afogadas. De pouco serve encher as nosas praias de bandeiras azuis se despois os concellos teñen que renunciar a elas porque non atopan os socorristas que precisan para manter esa bandeira. E, claro, ¿quen vai querer traballar nun traballo que che asegura tan só dous meses ao ano?, ¿quen vai querer traballar cando tes que gastar do teu propio peto máis de 1.400 euros nun curso para formarte?, ¿ou quen vai querer traballar cando as quendas de traballo exceden das horas que poden soportar e cuns salarios precarios que varían segundo o concello onde estean contratados ou contratadas?

E, claro, ao non facer as cousas ben, pois atopámonos cos titulares que ano tras ano, na época de verán, inundan a prensa: «Galicia, sen socorristas en pleno verán». «A normativa desta comunidade, obsoleta, impide cubrir todos os espazos acuáticos e, en consecuencia, pon en perigo a seguridade dos bañistas». Persoas máis eficientes non acceden a esta formación porque van cursar algo, primeiro, que xa saben, e, segundo, porque a duración do curso, así como o custo, son excesivos.



A Federación de Salvamento de Galicia reclama regular por lei a obrigatoriedade de socorristas nas praias: «Os socorristas de Vigo maniféstanse en Samil para pedir que se melloren as súas condicións laborais». Aquí tamén entra o negocio das empresas privadas. «As praias galegas volverán a ter déficit de socorristas este verán». Falabamos aquí de máis de 1.500 quilómetros de costa, de máis de 750 praias, de 107 bandeiras azuis e doutros tantos espazos acuáticos no interior.

Eu teño que desmarcarme un chisquiño —case nada— da compañeira Santos, da súa exposición, da interpelación que se fixo o outro día, porque se falou aquí dun colectivo que pensamos que ten intereses propios dentro da xestión do servizo de salvamento, xa que é unha empresa, e esta como empresa opta aos concursos que sacan os concellos. E nós, desde o Grupo Parlamentario Mixto, desde En Marea, cremos que este ten que ser un servizo único, que ten que ser un servizo público no que atinxe á formación pública, cen por cento pública, e non colle outra proposta.

Seguimos coa moción, e seguimos concordando con que este persoal non pode custear os cursos. Imos ter problemas de carencias de profesionais para cubrir as demandas, sumado aos soldos precarios, ás malas condicións laborais, aos concursos para privatizar estes servizos e ao emprego de diñeiro público para outras cuestións menos importantes que a seguridade da nosa zona de baño. Isto fai que nos atopemos co mesmo problema deste verán e dos pasados, con que non imos ter persoal profesional cualificado para traballar neste eido.

Fala a señora Santos —o Grupo Común da Esquerda— de promover a estabilidade do emprego. Iso é vital, xa non só neste ámbito, senón en todos e, por desgraza, a Xunta de Galiza tennos acostumado ao contrario.

Tamén de ofrecer ás entidades locais a posibilidade de incorporarse a unha convocatoria unificada. Xa estamos acostumados a que moitas veces, ante a incompetencia da Xunta de prestar un servizo eficaz, lle cargue o morto de novo aos concellos. E despois atopámonos co que dicía a señora Santos aquí hai un chisco; ou sexa, con que socorristas que están a menos de dous metros pero que son de distintos concellos, facendo o mesmo traballo, facendo as mesmas horas, teñen soldos totalmente distintos. Pasa exactamente o mesmo coa brigada dos concellos dos incendios forestais. Doten e orcen o colectivo para facer unha formación accesible.

Tamén concordamos totalmente co recoñecemento profesional acorde coa existencia da titulación técnica na escala correspondente.

E, o de sempre, temos que aportar recursos económicos para cubrir parte do servizo naquelas entidades locais que o precisen. A Xunta de Galiza, a Administración autonómica, ten que estar para prestarlles auxilio a aqueles concellos que, por falta de recursos técnicos ou económicos, non o poidan exercer.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.



Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós imos apoiar esta iniciativa. Cremos que o socorrismo acuático precisa xa de estabilidade no emprego —é certo—, dun marco común de condicións laborais e de selección de persoal e, sobre todo e tamén, de máis orzamento por parte do Goberno.

Estamos a falar duns 1.500 quilómetros de costa, e ademais de praias fluviaais en todo o país, nas que tamén deberían actuar os socorristas e as socorristas acuáticos. Somos perfectamente conscientes de que a responsabilidade da seguridade das praias é competencia dos concellos, é verdade, pero a responsabilidade da planificación é do Goberno da Xunta, e, de feito, fíxose un plan, o Plan de salvamento en praias de Galicia, só para os concellos costeiros, que está en vigor dende o ano 2001, sen ningunha modificación. Estamos no ano 2019. Nós cremos que habería que incluír tamén os concellos que teñen praias fluviaais, e ademais hai que actualizalo porque, co rápido que vai todo isto, de 2001 a 2019 non ten absolutamente nada que ver. O plan precisa dunha urxente e profunda actualización.

Hai convenios entre os concellos, e hai convenios entre os concellos e a Administración autonómica, é verdade. Cede a Administración, a través de Protección Civil, material de salvamento, facilita a formación do persoal a través da Academia Galega de Seguridade, incluso lles ofrece todo tipo de infraestruturas a través da Central de Emerxencias, e aquelas entidades que se adican, incluso dende o ámbito municipal, á actividade profesional do socorrismo acuático inscríbense nun rexistro profesional.

Polo tanto, o normal é a colaboración; é o habitual entre as dúas administracións, pero é unha colaboración que se basea nunha norma que xa está desfasada, e ademais a actualidade, a realidade, amósanos este desfasamento.

Non hai unha regulación clara sobre o número de socorristas acuáticos cos que debe contar cada un dos concellos, nin sobre os horarios, nin sobre dende cando e ata cando teñen que desenvolver esta actividade. Cada concello decide as prioridades e decide os recursos. E, ademais, hai un segundo problema: os concellos que reciben o galardón de bandeira azul cando menos teñen que ter dous socorristas acuáticos por cada praia. Hai concellos que teñen varias praias, e como cando menos teñen que ter dous socorristas acuáticos, non son capaces, non teñen a dispoñibilidade suficiente nin sequera os recursos económicos para poder ter eses dous socorristas. Lembramos que neste verán, por exemplo, houbo varios concellos con bandeira azul. Estou pensando no concello de Foz, que quedou sen socorristas precisamente por esta cuestión.

Ademais, hai un último problema, e é que as convocatorias de axudas e subvencións por parte da Xunta de Galicia chegan sempre tarde, chegan fóra da tempada de verán. E isto pasa e non é de agora, pasou este ano 2019, pasou no ano 2018, pasou no ano 2017, e así ano tras ano.



Iso quere dicir que os criterios deben ser homologados para todos os concellos, non que cada concello de maneira individual decida cales van ser os criterios e os recursos para cada un deles. Nós cremos que é preciso ese marco común de condicións de selección de persoal e de condicións laborais.

E, ademais, para rematar —non vou esgotar todo o tempo porque cremos que xa está todo dito por parte de todos os grupos parlamentarios—, nós cremos que, ademais, isto non se pode facer á marxe da intervención da Federación Galega de Municipios e Provincias. É necesario que a Fegamp teña intervención activa nesta cuestión e que, polo tanto, interveñan os concellos, interveña a Xunta de Galicia e tamén a Fegamp nun ámbito de colaboración estreita para, efectivamente, resolver un problema de afogamentos que existe no país. Ás veces preferimos non percibilos ou pechar os ollos, pero sabemos que tamén ocorren pola falta de socorristas acuáticos nas nosas praias, e tamén nos nosos ríos, que non os teñen, porque non teñen obriga de ter socorristas acuáticos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Novo Fariña.

A señora NOVO FARIÑA: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señora Santos, a credibilidade xa se ve: non é o mesmo gañar as eleccións que non gañalas. Debe ser a ledicia do desbloqueo que teño que lembrarlle a vostede e a algún compañeiro máis, na miña intervención, como sempre, varios aspectos que vostede sempre obvia, non creo que de xeito interesado.

Imos centrarnos no socorrismo. Vólvolle reiterar que para nós todos os falecidos, como lle digo en comisión, sexan por afogamento ou nas estradas, son o mesmo de preocupantes e tamén o mesmo de importantes. Pero vostede sempre aproveita para responsabilizar a Xunta de Galicia, sempre, cando sabe que é a única administración que pon medios, e pon moitos, porque hai que abordar un problema que temos enriba da mesa. Non negamos que hai un problema e que non está solucionado, pero non pense que a solución só pasa polas mans da Administración autonómica, porque é preciso lembrar, como dixeran agora ao principio, que vostedes obvian sempre que a contratación dos socorristas non é competencia autonómica —vén recollido nas leis—. Hai que partir desta premisa, de que é competencia municipal, tanto a contratación do persoal como a determinación dos períodos de contrato como os salarios. Isto deberíano ter presente, porque todos os que saíron aquí obviaron iso, menos a señora Vilán, que fixo referencia a iso e coa cal concordamos en varios aspectos que comentou.

Pero, igual que ocorre no eido das emerxencias, a Xunta aporta axudas importantes para apoiar os concellos, porque somos conscientes da situación pola que pasan moitos deles para contratar e porque o que temos é que garantir a seguridade dos cidadáns.



O compromiso é constante. Non son slogans, son feitos. Aquí o conselleiro reafirmouno no pasado pleno: seguir coas entregas de material de rescate aos concellos —como se vén facendo—, seguir colaborando e financiando a formación —como se vén facendo— e seguir coas subvencións —como se vén facendo—, que ben sabe que é a única administración que o fai.

No pasado pleno vostede comentou que nas iniciativas en comisión o PP votara en contra. Pero, bueno, se presentamos unhas emendas, unhas emendas que baseamos en consenso e compromiso, e vostede non aceptou. ¿Nós que queríamos? Analizar coas entidades relacionadas con este tema, darlle voz para que consideren e valoren as necesidades e establecer cauces de colaboración coa Fegamp e deputacións para coordinar liñas de colaboración ou outras medidas. Pero, claro, vostede iso, non, só instamos a Xunta, responsabilizamos á Xunta e culpabilizamos a Xunta.

E logo, por suposto, mantiñamos o compromiso de colaboración cos concellos, sen prexuízo de ser competencia municipal, pero vostede non aceptou ningunha emenda. Hoxe trae unha moción que recolle varios puntos, e voulle dicir que concordamos en varios puntos. Concordamos porque a Xunta xa está traballando, señora Santos. Mire, teño que seguir lembrándolle: punto número 2, no que fala dunha convocatoria unificada. A Xunta xa se comprometeu publicamente con isto. ¿Non lembra as palabras do conselleiro no pasado pleno, que se comprometeu publicamente?

Punto 3: incrementar os orzamentos para facer a formación máis accesible. A Xunta, a través da Agasp, incrementará a súa oferta formativa, e ademais xa se está a traballar para poder realizar eses cursos ponte.

No punto 4 fala do recoñecemento profesional acorde coa exigencia de titulación técnica. Señora Santos, xa existe en Galicia. Este recoñecemento era un dos obxectivos que a Xunta de Galicia perseguía coa regulación mínima para o exercicio da actividade.

Galicia foi pioneira en poñer en marcha probas de acreditación. Vostede tamén obvia iso. En Galicia xa é obrigatorio que teñan, como mínimo, un certificado de profesionalidade, recoñecido a nivel nacional e europeo, polo que os socorristas cumpren os requisitos para traballar en calquera lugar de España, que non ocorre noutras comunidades autónomas.

Por outra banda, falamos do tema competencial, do que lle falei ao principio, e por iso lle dicía que hai que telo presente. Co punto 1 e co punto 5 non concordamos porque fala de que realmente son competencias municipais. Mire, no punto 5 xa se aportan recursos: 2020, 1,5 millóns de euros.

No punto 1, respecto dos aspectos da contratación das xornadas de traballo, nós incluíriamos, a través dunha emenda *in voce*, «promover dende os concellos», porque xa lle dixen cales eran as competencias municipais. A contratación correspóndelles aos concellos, e a Xunta de Galicia debe respectar a autonomía local.

Xa para rematar, señora Santos, nós pensamos que isto, dende logo, é unha tarefa de todos; seguimos coa mesma disposición de atopar solucións. Xa dicimos que hai un problema en-



riba da mesa e que temos que atopar as solucións entre todos, e, ante este problema, propoñémoslle a votación por puntos. Esperamos, dado que se aveciña un ambiente moi cordial de entendementos, que cheguemos aquí tamén a consenso por todos os grandes profesionais que realmente realizan, neste eido, un gran labor.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Novo.

Polo grupo autor da moción, a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero darlles as grazas aos grupos que están no noso lado da bancada polo apoio á iniciativa e tamén ás distintas consideracións da emenda do BNG.

En primeiro lugar, bueno, sinto que estean tan doentes cos desbloqueos, pero é o que hai. Consideramos que os desbloqueos da ultradereita co Partido Popular son malas noticias, e outro tipo de desbloqueos, boas noticias.

En primeiro lugar —é unha cousa que non dixeran na primeira intervención porque quería escoitar a resposta, precisamente, da señora Novo Fariña, xa que tiña curiosidade por saber se ía seguir nas teses do señor vicepresidente, de intentar englobar dentro do número de falecidos, deste gran número de falecidos, de máis de 200 falecidos, os mortos por afogamento en accidentes laborais—, quero trasladar o meu cariño e solidariedade aos tripulantes —ao falecido e á súa familia— do *Divina del Mar*, de Portosín, que tamén en certo modo son veciños do meu concello natal e que tiveron un accidente no castro de Baroña. Por iso creo que é tan importante falar de casos concretos.

Seguindo na súa tese, señora Novo Fariña, nós si que falamos dos concellos: Lei Montoro, o señor Montoro... Iso vostede tamén o obviou. Levamos nas comisións constantemente falando, cando queren botarlles a culpa aos concellos da súa situación de estrangulamento orzamentario, do señor Montoro, o peor ministro de Facenda da historia do noso país. Ese é o gran mérito da xestión do Partido Popular, que leva lastrando a xestión dos servizos dos concellos. Pero despois, cando a vostedes non lles interesa, óbvanos e bótanlles a culpa aos concellos. Tírenlle das orellas ao señor Luis Oujo, maioría absoluta do Partido Popular en Porto do Son, o Sanxenxo da Coruña. Falecidos constantemente.

Por iso concordamos coa proposta do señor Bará de facer un estudo sobre a mortalidade nas praias e sobre o tipo de mortalidade, porque, efectivamente, eu xa solicitei, despois de falar con Protección Civil e coa Policía Local de Porto do Son, cal é o número concreto de afogados bañistas e non de afogados por accidente laboral. É que é de puro caixón. Non temos eses datos; entón, queremos sabelos.

E, desgraciadamente, se tan preocupados están polos falecidos e se son os mesmos que os de tráfico, pois tomen medidas, déanlles orzamento aos concellos e non digan soamente que



se preocupan moito. Empecen polos seus, ¡eh!, polos seus, polas súas maiorías absolutas a nivel municipal.

E sobre o tipo de xente que falece —xa o dixemos na interpelación ao señor presidente da Xunta—, a maioría son varóns de máis de 55 anos. Contábannos os socorristas que moitos están na beira da praia, en horas puntas, na praia de Vigo, que se atopan mal, que lles dan insuficiencias respiratorias e que moitas veces non está cuberto o servizo. Evidentemente, nós pedimos na nosa proposta inicial na comisión a colaboración coa Fegamp, coas deputacións. Propuxémolo nós, propuxémolo nós tamén, e a gratuidade dos cursos de formación, porque en Asturias e noutras comunidades os gobernos autonómicos, os superxestores, toman medidas, a diferenza de vostedes. Os superxestores nas outras comunidades poden tomar medidas e, sendo esta a segunda comunidade con máis número de falecidos, os señores superxestores da maioría absolutista do Partido Popular non poden facer nada, nin nos concellos que teñen maioría absoluta. ¡Por favor! ¡Que pouco serios son e que pouco humanos son!

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...e que cara hai que ter...

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda. (*Murmurios.*)

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...para vir dicir isto.

A súa emenda, señora Novo Fariña, era o mesmo que dicíamos nós, e seguiron facéndoo tan ben que somos a segunda comunidade en número de mortos. Outro verán caendo bandeiras azuis por non ter persoal socorrista, cun incremento de mortos.

O señor PRESIDENTE: Señora Santos, terminou o seu tempo.

Sobre a emenda do Bloque, ¿acepta a emenda?

A señora SANTOS QUEIRUGA: Aceptamos a emenda do Bloque. Nós estes puntos non os incluíamos porque presentáramos propostas non de lei para non facer unha batería tan grande de medidas...

O señor PRESIDENTE: Vale. Moi ben. Aceptado.

¿E acepta a votación por puntos?

A señora SANTOS QUEIRUGA: Non aceptamos a votación por puntos...

O señor PRESIDENTE: Non a acepta. Entón, xa está.

Grazas.



A señora SANTOS QUEIRUGA: ...porque a seguridade dos galegos e galegas non vai polos puntos que lles interesan aos superxestores. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moi ben.

Grazas. ¡Xa está!

(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Terminou o tempo. Grazas. Xa está. *(Murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Bueno, entón, en conclusión, acepta a emenda do Bloque e non acepta a votación por puntos do PP.

Entón, suspendemos a sesión ata as catro e media da tarde.

Grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa crise e o cambio climático

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 58144).

Emenda de adición.

«Engadir os seguintes puntos:

8. A creación dun Comité de crise para a emerxencia climática, coa participación de todas as administracións con competencias en Galiza, co obxecto de estudar e coordinar as liñas de actuación e as medidas no curto, medio e longo prazo.

9. A creación da Axencia Galega para o Clima e a Meteoroloxía.



10. O desenvolvemento das seguintes medidas urxentes para combater o cambio climático:

- Ampliación da Rede Natura con base na proposta sometida a información pública no ano 2012.
- Protección de humidais e masas de auga tanto interiores como costeiras.
- Cambio do modelo forestal apostando polo monte multifuncional e o bosque atlántico fronte aos cultivos enerxéticos e forestais que degradan os solos, diminúen a biodiversidade e favorecen a propagación dos incendios forestais -Cambio do modelo forestal apostando polo monte multifuncional e o bosque atlántico fronte aos cultivos enerxéticos e forestais que degradan os solos, diminúen a biodiversidade e favorecen a propagación dos incendios forestais
- Cambio no sistema de tratamento de residuos reducindo a incineración ao mínimo imprescindible, potenciando a prevención, a redución e a reutilización, fomentando a compostaxe da materia orgánica, establecendo o sistema de devolución e retorno para envases e embalaxes, e promovendo a reutilización dos residuos industriais fronte ás denominadas eufemisticamente “operacións de valorización” xa que teñen graves impactos ambientais.
- Aprobación da lei e do plan director da mobilidade sustentábel, saudábel e segura - Aprobación da lei e do plan director da mobilidade sustentábel, saudábel e segura
- Paralización de infraestruturas e equipamentos como os macrocentros comerciais que teñen impactos moi negativos no medio - Paralización de infraestruturas e equipamentos como os macrocentros comerciais que teñen impactos moi negativos no medio.
- Aproveitamento sustentábel dos recursos xeolóxicos.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Boa tarde.

Grazas, presidente.

O outro día comezaba a miña intervención cun cómic feito por Greenpeace. Había catro protagonistas. Hoxe só vou escoller un dos protagonistas, o resto van variar, teñen algunha relación con gobernos que hai no noso país.

Rocío Monasterio falou de «camelo climático»; Santiago Abascal, de «trampa nova do marxismo cultural»; Aznar, de «teoría cientificamente cuestionable»; e Mariano Rajoy —ese, o da longa vida da conselleira de Medio Ambiente— guiábase por un primo que dicía que non había de que se preocupar. E é probable que ningún deses catro protagonistas dese novo cómic escoitasen... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.



O señor PRESIDENTE: Escóitase moito barullo aquí, e iso dificulta o uso da palabra. ¡Por favor!

A señora VILÁN LORENZO: Pois a ningún deles probablemente lles debe de soar o Acordo de París de loita contra o cambio climático, e pode que á conselleira tampouco lle soe demasiado. E non o digo de maneira gratuíta, dígoo polas frases da intervención da conselleira do outro día. Dixo que en Galicia diminuíron as emisións de CO₂. Efectivamente, incluso dende a prehistoria probablemente teñamos menos, pero é que, ademais, hai un par de anos pechou Meirama, que provocaba emisións de CO₂ á atmosfera que nos facían estar por riba —seguimos por riba— dos límites. Pero, claro, vostedes gobernan dende hai dez anos, e neses oito anos anteriores descoñecemos os datos.

«O carbón e o diésel non son eternos» —dixo— «pero o que non se pode facer é determinar dun día para outro que hai que pechar». Pois estaría ben que llo trasladase a Endesa, que é quen decidiu ese peche.

«Somos as comunidades as que nutrimos o Estado» —non sabemos de que— «e Galicia está a ser unha solución fronte ao cambio climático sen necesidade de pechar As Pontes». Claro, esqueceuse a conselleira de que é a fábrica que produce máis CO₂ de toda a Península.

Non dixo tampouco que o 79 % das centrais de carbón de Europa non son rendibles. En 2019 as perdas vanse ir aos 7.000 millóns de euros. Alemaña é o país con máis impacto, pero o segundo país con maior impacto é España de toda a Unión Europea. Tampouco dixo que perden competitividade polo abaratamento doutras fontes de enerxía, por exemplo, o gas natural ou a enerxía eólica, pero tamén polo alto prezo da tonelada de CO₂. E aquí, neste momento, é necesario coller un pouco de aire e facer unha pregunta: ¿dende cando está ese alto prezo de CO₂ e quen o decidiu? Pois non o decidiu nin Pedro Sánchez, nin Zapatero —e iso que Zapatero era moi maligno—.

No ano 2017, en marzo, había un presidente en España que se chamaba Mariano Rajoy e había unha ministra que se apelidaba García Tejerina. Pois na Unión Europea algúns países, entre eles España e Alemaña —marzo de 2017—, acordaron naquel momento ese alto prezo para o CO₂. E a señora Tejerina firmou ese alto prezo. Claro, pode ser que a consecuencia de todo iso sexa: «deses polvos, eses lodos», como di o refrán. Endesa dixo hai un mes máis ou menos que se encarecera o custo de produción da electricidade polo carbón e que, entón, decidía pechar a central das Pontes.

Tampouco dixo a conselleira que Endesa ten catro plantas en España de carbón, catro térmicas. Para dúas xa solicitara o peche porque o carbón era carbón nacional, que xa non hai, e para as outras dúas, entre elas a das Pontes, decidiu investir para cumprir a normativa comunitaria anticontaminación ata finais de 2030 e seguir traballando. Pero a empresa decidiu pechar, Endesa decidiu pechar. Non foi ningún goberno, foi Endesa, e lexitimamente. É unha empresa, e cando unha empresa perde cartos, toma determinadas decisións. Iso non llo discute ningún.

Pero nós non queremos que o Goberno de Galicia sexa unha empresa ou funcione como unha empresa. Cremos que necesitamos xa un plan de descarbonización promovido polo Goberno



da Xunta de Galicia que apoie as industrias e as comarcas que están afectadas. Cremos que o Goberno debería intervir para apoiar as industrias e as zonas de Galicia e acadar unha economía neutra de carbón no ano 2030.

Por iso traemos esta moción, que é consecuencia da interpelación do pleno anterior. Ten sete medidas, sete medidas reais, non medidas teóricas. Pedimos orzamentos concretos anuais para loitar contra o cambio climático, pero tamén para adaptarnos ao cambio climático e mitigar ese cambio climático, que xa non imos poder eliminar das nosas vidas.

A primeira medida é establecer nesta lexislatura este plan autonómico —xa nesta lexislatura— e que ese plan inclúa solucións compensatorias para unha transición ecolóxica xusta.

A segunda medida é que se aumente por parte da propia Administración autonómica, para as obras públicas, o uso de materiais reciclados nun período de catro anos, para se achegar ao 40 %.

A terceira medida é que existan acordos entre administracións e que se cofinancien programas e accións concretas contra a crise climática.

A cuarta, que exista un plan de fomento de enerxías renovables e autoconsumo, tamén no sector público, e que, xa que estamos cos orzamentos do ano 2020, exista unha partida específica para iso.

A quinta, que o Goberno promova un plan completo de I+D+i, porque hai sectores estratégicos galegos que se teñen que adaptar tamén a este cambio climático, como o agro. Só fai falla recordar, hai dous ou tres anos, na zona do viño de Ourense, as xeadas que caeron naquel momento, que afectaron a parte da produción, porque a calor da primavera chegara con anticipación e xa había froito. Chegou a xeadada —normal no mes de maio— e arramplou con parte desa produción e doutra produción en Galicia. Pois é necesario activar tecnoloxía para adaptar tamén o agro ao cambio climático.

Pedimos tamén o impulso dun estudo para o posible aseguramento dos efectos destes cambios de patróns climáticos, por exemplo, para a situación que acabo de describir.

E, por último, que haxa unha mesa de traballo para que se fale de algo que brilla moito, pero do que se fala moi pouco, que é a contaminación luminosa. É necesario reducila, e nós cremos que nesa mesa deberían sentar o Goberno, outras administracións, as universidades e a Fegamp.

Dinnos da comunidade científica —hai pouco tivemos unha xornada sobre contaminación luminosa no Parlamento— que a eficiencia enerxética tamén se debería utilizar para reducir a contaminación luminosa.

Estes sete puntos, os que forman parte da moción, non son puntos aleatorios, pero tampouco son excluíntes. Admitiríanse máis puntos posibles. O Goberno tense que poñer a traballar porque, mentres estamos aquí a falar, a crise climática continúa, o cambio continúa, á marxe do noso ritmo.



¿Por que as necesitamos? A pesar do que dicía o señor Aznar —debe de ser que lle van dar o Nobel, algún premio Nobel relacionado coa ciencia— de que é unha teoría cientificamente cuestionable, 11.000 científicos e científicas hai escasamente un mes dicían que cada década, dende o ano 1970, foi máis calorosa que a anterior e que, canto máis se atrasen as medidas, maiores serán os custos, non só económicos, senón tamén socioambientais.

Hai outro informe científico, do que faláron onte na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, sobre o impacto que provoca a crise climática nos mares e sobre as concentracións de CO₂ no comportamento dos animais. Pedían as persoas que firmaron ese informe que a emisión de carbono sexa neutra para o ano 2030. En Galicia temos unha importante comunidade pesqueira e, polo tanto, deberíanos preocupar. E tamén hai outro informe científico que di que esa emerxencia climática vai afectar, en ben pouco —no ano 2050 dixeron, non é tan lonxe—, o noso territorio: Aguiño vai ser unha illa, as dunas de Corrubedo van desaparecer, o Castro de Baroña vai ser comido polo mar e a vila da Pobra vaise anegar.

Nós cremos que é necesario non atender tanto ao que dicía o señor Aznar e ao que di na actualidade, ou Rocío Monasterio ou Santiago Abascal, nisto e noutras cousas tampouco, e que estaría ben que vostedes votasen a favor.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Empezando por aquí, polo final, con respecto a este anuncio das zonas do país que quedarían anegadas pola subida do nivel do mar, unha das zonas que quedaría afectada sería, precisamente, as marismas de Lourizán, onde hai alí unha coñecida fábrica. Eu creo que isto debería ser un motivo para que fosen pensando seriamente nun traslado, para ter que evitar estas gravísimas consecuencias (*Aplausos.*) de ocupar terreos de dominio público marítimo-terrestre, que, como sabemos, son ecosistemas fundamentais, precisamente, para previr o cambio climático.

Ben, aínda que estamos nun horario infantil, podemos abordar este asunto, que é un asunto moi profundo; é un debate dos máis importantes que temos, non de cara ao futuro, senón no presente, polas consecuencias que ten o cambio, a crise e a emerxencia do clima. E hai que dicir, en primeiro lugar, que este é un debate absolutamente trampeado, un debate falseado, no que paradoxalmente aquelas entidades e organismos que máis contribúen ao cambio climático aparecen anunciándose como os campións da loita contra o cambio climático, empezando polas grandes corporacións, os grandes estados e os partidos que fan políticas que favorecen, precisamente, o cambio climático, como o partido que goberna neste país que se chama Galiza. Aquí queda moi ben vestirse de verde, aínda que sexa verde eucalipto, como fai o Partido Popular, e declararse sustentábel e todas esas palabras que soan tan ben.



Pois nós tamén cuestionamos iso e tamén queremos poñer o foco neste debate nunha distorsión que é tamén moi habitual, que é poñer a atención nas consecuencias do cambio climático e non nas causas. As causas pódense reducir a unha: a causa é un sistema económico que se chama capitalismo que é un sistema depredador de recursos e que, por riba, crea desigualdades e empobrece os territorios. Esa é a causa principal. Por moito que queiran humanizalo e vestilo de verde, pois non, *la mona, aunque se vista de seda, mona se queda*. O capitalismo é así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A vostedes xa sei que non lles gusta moito, pero teñen que recoñecer esas cousas.

Hai outra cuestión tamén que queremos poñer aquí neste debate, que é o papel que cumpre Galiza na economía estatal e na economía mundial como un territorio para a extracción de recursos, de recursos naturais, de recursos forestais, de recursos enerxéticos e de recursos mineiros, coas gravísimas consecuencias que ten isto na deterioración do territorio e da paisaxe e coas consecuencias que ten para o clima. Pois vostedes, a través das súas leis, da lei de depredación e da de desprotección do territorio, tamén son contribuídores dese proceso, porque, como temos dito moitas veces, a Xunta de Galiza é a maior fábrica de cambio climático deste país coas súas políticas de fomento da depredación, (*Aplausos.*) coas súas políticas de mobilidade, coas súas políticas de residuos, coas súas políticas mineiras e coas súas políticas forestais, que destrozan, destrúen e degradan o territorio. E non é só unha cuestión estética, non é só unha cuestión visual, non é só unha cuestión de paisaxe. Vostedes non queren entender nin atender á comunidade científica, que lles está dicindo día si e día non que o eucalipto... Díxonos o outro día a conselleira: «o eucalipto é unha árbore». Descubriu o Mediterráneo. O eucalipto é unha árbore, si, tamén é unha plantación. «E o eucalipto captura carbono, entón, bendito sexa o eucalipto», dixo a conselleira. Pois non, porque o eucalipto degrada os solos, consome grandes cantidades de auga e empobrece a diversidade e os ecosistemas, por non falar xa da propagación dos incendios e das consecuencias que ten iso tamén no noso país. Pois así non, así non se pode facer política a favor do cambio climático.

Polo tanto, temos que denunciar esas políticas cosméticas, falseadas, do Partido Popular porque van na dirección contraria do que debía ser a loita eficaz contra o cambio climático.

E agora véndenos unha estratexia galega 2050, do clima e a enerxía —por certo, que non pasou por este Parlamento—. Reclamamos unha vez máis aquí que as estratexias e as políticas transversais e a medio e longo prazo deben pasar polo debate parlamentario —¡que medo teñen vostedes ao debate parlamentario!—, igual que o Plan operativo debería pasar polo debate parlamentario, porque así lle sacariamos as cores de todas as carencias e de todas as trampas que agocha o seu discurso.

Polo tanto, o BNG vai apoiar esta iniciativa. Presentamos unha serie de emendas. A primeira para crear un comité de crise fronte á emerxencia climática; a segunda para a creación da Axencia para o Clima e para a Meteoroloxía, porque non serve con ter media dirección xeral dedicada á cuestión do clima, como teñen vostedes. Unha dirección xeral que se dedica á calidade ambiental e ademais ao cambio climático é para desenvolver medidas e políticas urxentes e necesarias no ámbito forestal, no ámbito da biodiversidade, no da mobilidade ou tamén no dos residuos, para combater eficazmente o cambio climático, e non para facer o que están facendo vostedes, que o están promovendo.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Imos ver se consigo a atención dunha parte do hemiciclo, e, se non, da xente que nos ve polo *streaming*, porque imos falar do cambio climático.

O cambio climático é o problema máis grave que afronta a humanidade. Por iso pensamos que esta iniciativa que imos apoiar é claramente insuficiente, igual que o é o Plan estratéxico da Xunta de Galicia, que, como comentarei máis adiante, non entra, primeiro, a reflexionar de verdade sobre cales son as maneiras de afrontar este problema, que, como dixen, nós consideramos o máis grave que afronta toda a humanidade, xa que afecta as economías globalizadas, tamén as locais e afecta as formas nas que se desenvolve a vida en todo o planeta e, por suposto, tamén aquí, en Galicia.

O cambio climático, ademais, tamén é clasista porque afecta de maneira moi diferente en función das posibilidades económicas das persoas. A loita contra o cambio climático non se pode acometer só como un asunto tecnolóxico, porque as enerxías renovables e as novas tecnoloxías, con menos emisións, necesitan tamén doutros materiais finitos e nalgúns casos a súa extracción supón impactos ambientais brutais, aínda superiores aos dos produtos derivados do carbono. Non se pode substituír o extractivismo de produtos derivados do carbono por outros extractivismos. E hai que acometelo tamén desde unha perspectiva ética e solidaria e aproveitar este proceso para incrementar a xustiza social e a mellor distribución da riqueza. Por iso, acometer o cambio climático tamén vai —e de maneira moi salientable— pola educación, pola sensibilización, pola participación e pola conciencia pública. Para poder acometer as transformacións radicais —estas si que teñen que ser radicais— que haberá que afrontar necesitamos que as maiorías sociais, profesionais, empresariais e políticas estean totalmente concienciadas da gravidade da situación e asuman os cambios de comportamentos e de consumo, que serán absolutamente imprescindibles.

Estamos loitando pola sostibilidade da vida, esta é a cerna da cuestión; estamos loitando pola sostibilidade da vida, por un cambio cultural do que se considera unha boa vida, do que se considera o benestar. Hai que cambiar os paradigmas do que é a boa vida e do que é o benestar. É posible construír unha boa vida para todos e todas, pero iso pasa por reducir o uso da enerxía, de materiais, e por reducir a pegada material global; obviamente, moito máis a daquelas persoas que consomen moito máis do que lles corresponde. Necesitamos aplicar o principio de suficiencia con xustiza.

É urxente pensar en como racionalizar o metabolismo económico, a produción e o consumo. Somos dependentes —isto hai que telo moi claro aquí, en Galicia— nun 80 % da enerxía, dos materiais e dos alimentos doutras zonas en vías de esgotamento do planeta. Polo tanto, será preciso pensar tamén máis pronto que tarde na relocalización da economía. O futuro



será o dos países autónomos en enerxía e en alimentos, e cunha economía circular máis eficiente.

Todas estas propostas teñen que ser extensibles a todas as persoas. É moi importante distinguir entre o capitalismo verde, que ás veces pretende facer caixa co desastre e que abre novas vías de negocio para quen pode pagalas, e o ecoloxismo verdadeiramente social. Pero na aplicación dun programa de ecoloxismo social haberá que ter en conta tamén que pode que haxa propostas que soen ben, pero que, por non ser escalables ás maiorías sociais, serían inasumibles ou claramente inxustas.

Segundo todo o mencionado, as liñas xerais de propostas verdadeiramente eficaces a longo prazo deberían ir por cousas como a pedagogía social. A receptividade da sociedade a estas cuestións é moito máis alta do que podería parecer, aínda que se comece con pequenas accións que, pese a que supoñan inconvenientes para a comodidade das persoas, son en xeral un éxito, como acaba de pasar coas bolsas de plástico nos supermercados. Precisamente preparando esta intervención aínda estiven no supermercado ao que vou comprar habitualmente e dixéronme que a redución de bolsas de plástico foi do 90 % desde que as empezaron a cobrar hai uns meses. Parece que a xente si se sensibiliza.

Agora temos a iniciativa —pola que lle dou a noraboa á Presidencia do Parlamento— das botellas. A ver se de verdade, dentro de tres meses, podemos dicir que se baixou á metade o número de botellas de plástico que usamos neste Parlamento. E, iso si, non vale reencher a botella reciclable coa botella de plástico.

Despois está a eficiencia enerxética e a redución do consumo, con especial atención á dos edificios, que consomen o 31 % da enerxía total; o transporte eléctrico, a mobilidade pública e o fomento do vehículo compartido —hai que pasar de posuír a utilizar—; cambios nos hábitos alimentarios. A actual industrialización masiva dos alimentos é inasumible, así como o tipo de alimentos máis consumidos. Hai que cambiar e reducir de maneira drástica tamén a pegada ecolóxica do transporte dos alimentos, apostando decididamente polo aprovisionamento de proximidade, e a economía debe ser circular, de máxima eficiencia, apostando decididamente pola redución de todos os residuos. O mellor residuo é o que non se produce. A partir de aí, con todo o coñecemento que temos, hai que ver como promover sistemas de separación moito máis eficaces. É moi importante recuperar a materia orgánica. Este é un factor chave para que a agricultura non teña que importar de países empobrecidos fosfatos e nitratos.

Necesítase un cambio radical no desenvolvemento urbano e rural e na maneira que teñen os estados de prestar os servizos, sobre todo nas zonas rurais; tamén criterios de adaptación ao cambio climático, que, por moito que fagamos, só o poderemos mitigar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, presidente por darme un minuto máis.

En resumo, debemos recompoñer as relacións básicas coa natureza porque xa temos superada a biocapacidade do noso planeta.



Señores parlamentarios, non hai planeta B, non hai terra B.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Común da Esquerda, o señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

A problemática ben merece algo máis de tempo porque estamos diante dunha situación verdadeiramente grave, unha situación de emerxencia climática que require dunha verdadeira e profunda transición ecolóxica na industria, na agricultura, na enerxía e no transporte; unha transición que só será posible e xusta se non deixa a ninguén atrás, se está do lado da xente do común, se está do lado das clases traballadoras e non do lado do oligopolio eléctrico; unha transición que só será posible se tomamos medidas de calado, medidas profundas.

A pesar diso, apoiaremos nesta Cámara, tanto en pleno como en comisión, todas aquelas iniciativas que supoñan un avance tanto para frear as causas xeradoras das emisións de gases e do efecto invernadoiro como aquelas dedicadas a reducir a vulnerabilidade social e ambiental dos elementos de afección do ciclo do cambio climático en curso. É por iso que, evidentemente, votaremos a favor desta iniciativa que hoxe trae o Partido Socialista.

Para afrontar a gravidade da situación derivada do ciclo do cambio climático en curso é preciso que non haxa nin un só paso atrás, nin unha soa vacilación por parte dos partidos políticos. Debemos estar á altura da situación histórica, á altura da crise civilizatoria. Só dende a asunción plena de que existe un problema poderemos dar as solucións que a cidadanía nos está demandando. É por iso que lles pido aos señores e señoras do Partido Popular que fagan o que é preciso facer para que a irresponsabilidade do seu ex-presidente non supoña retrocesos nun elemento esencial de país, que corrixan o señor Aznar, ex-presidente do seu partido e líder espiritual de moitos e moitas das que están aquí, que dixo hai ben poucas semanas —que dixo hai ben poucas semanas, por se non o escoitaron—: «*No se puede estar amenazando con el apocalipsis todos los días a cuenta del cambio climático*». Non sei se vostedes están de acordo con que non é grave a situación, como di o señor Aznar. A verdade é que cada vez que fala un ex-presidente do Partido Popular de medio ambiente sobe o pan, ben sexa o señor Aznar, quitándolle importancia ao cambio climático, ben sexa o señor Rajoy, falando do seu primo ou cuñado.

Esperemos que non, esperemos que sigan vostedes pola senda correcta, aínda que sexa nominalmente, de non negar o cambio climático nin a gravidade do mesmo.

As políticas necesarias para afrontar o cambio climático requiren de valentía, da valentía que supón enfrontarse aos poderosos, que sacan beneficios millonarios a costa de esquilmar o noso medio. É por iso que Aznar, nese discurso que fixo para quitarlle importancia ao cambio climático, dixo que o discurso do cambio climático se facía para coartar a nosa liberdade.



Entendemos que cando falaba de «coartar a nosa liberdade» se refería á de Endesa, que lle paga bos dividendos polos favores prestados. Evidentemente, a loita contra o cambio climático coarta a liberdade das empresas que están esquilmando o noso medio.

As políticas necesarias para afrontar unha transición enerxética profunda pero xusta que manteña os postos de traballo é necesario que se acometan con urxencia; políticas que xeren riqueza no noso país, sen xerar afeccións ás veciñas e veciños no noso rural. É por iso que tamén é necesaria unha reforma do Plan sectorial eólico.

Urxen as políticas que incidan nas políticas de transporte e mobilidade deste país, das que falaremos tamén na seguinte iniciativa, e por iso precisamos unha rede ferroviaria de proximidade, un plan de mobilidade alternativa para Galicia, xa que o que existe o teñen vostedes gardado nun caixón, porque para vostedes non é importante esta cuestión. Precisamos un plan de transporte colectivo que atenda as necesidades da cidadanía e non a auténtica chapuza continuada coa que levan anos avergoñándonos.

Por outra banda, se ben os principais vectores xeradores do cambio climático son o vector enerxía e o vector transporte, cómpre saber tamén que o principal vector de afección é o vector auga. É por iso que é necesario que cumpran coa Directiva marco da auga, que devolvan a lei seca, que non ten en conta a Directiva marco da auga, que non ten en conta o principio de precaución, que non ten en conta a situación de cambio climático na que nos atopamos e que tomen en serio dunha vez o saneamento das nosas rías e dos nosos ríos.

E, por último, xa para rematar, precisamos políticas que afonden nun rural vivo, nun territorio vivo, políticas forestais que non estean ao ditado dos *lobbys* empresariais e que non convertan a Galicia nun deserto verde, apostando polos usos múltiples do monte, pola biodiversidade e polo bosque autóctono.

En definitiva, necesitamos unha administración decidida para acometer toda esta transición ecolóxica tan necesaria. Por iso, imos apoiar esta iniciativa e traballaremos para que en Galicia haxa unha administración que estea ao servizo da xente que loite contra o cambio climático e que non siga defendendo os *lobbys* empresariais.

Pola nosa banda, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, boas tardes, señorías.

Señora Vilán, penso que chega vostede tarde con esta iniciativa.

Pero, antes de falar da iniciativa, permítame que lle diga que está vostede obsesionada cos primos dos demais. Non me estraña. Non me estraña que, sendo do Partido Socialista, estea vostede obsesionada cos parentes. (*Aplausos.*)



Mire, sendo do partido da cuñada de Carmela Silva, sendo do partido das irmás das alcaldesas, sendo do partido da filla do presidente do Partido Socialista e tendo tamén un presidente que é o sobriño do señor Caballero, pois non me estraña, é xustificable a súa obsesión. (*Aplausos.*)

Pero, mire, entendo que, ademais, se á parte da súa obsesión engadimos que vostede non poida durmir —como a metade do país, que non pode durmir, polo que acabamos de coñecer hoxe—, pois provoca dificultades en vostede para recoñecer a realidade; unha realidade que vostede pinta, señora Vilán, que non se axusta ao que realmente está a ocorrer.

E así a iniciativa —como dicía— chega tarde, igual que chega tarde ese acordo, que custou 200 millóns de euros a todos os españois, que xerou máis de seis meses de inestabilidade, para acabar facendo, despois, en 24 horas, o que non foron capaces de facer en seis meses, ríndose de todos os galegos, ríndose de todos os españois e xerando uns grans custos en canto a empregos e a inestabilidade.

Pero, claro, de aí se entende que cando vostedes pensan que a política é unha cuestión simplemente de estratexia, de tacticismo electoral, pois os galegos fanlles perder 70.000 votos, como perderon vostedes nestas eleccións.

Señoría, chega vostede tarde. A Xunta de Galicia xa aprobou a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, e ademais isto pon en evidencia dúas formas de traballar: a súa, que se basea na improvisación, nas ocorrencias e nas iniciativas, unicamente para facer *márketing*, iniciativas de *selfie*, fronte a outra forma de traballar que se basea no rigor, no traballo, na planificación, na participación dos expertos e nas medidas reais que se plasman nos orzamentos.

E, ademais, rigor, señora Vilán. Vostede, se fora un pouco rigorosa, en vez de facer chasarrillos, o que diría, o que recordaría, é que o acordo de país o firmou o señor Rajoy; ese foi o que firmou o acordo de país, do que vostede presume. (*Aplausos.*)

Mire, dicía que a Estratexia galega é a mellor folla de ruta. No seu primeiro plan plurianual de desenvolvemento contempla 170 medidas, un investimento de 1.250 millóns de euros, e vostede pretende que, fronte a este plan, aprobemos unha iniciativa que presenta vostede de sete puntos, que ademais ou ben están xa feitos ou se está a traballar xa neles.

Señora Vilán, o noso plan, o plan de todos os galegos, ten 170 medidas, e vostede quere que sacrifiquemos 163, porque entendo que vostede o que está a facer coa súa iniciativa é presentar un microplán de sete medidas; sacrificar 173 para aplicar as súas 7. Un pouco de ambición, señora Vilán. Normalmente, nós estamos acostumados a que a oposición pida a lúa, pero vostede, neste caso, polas présas, por facerse ese *selfie*, fixo todo o contrario, pide un miniplán que é cativo, que non se axusta á realidade e no que, por riba, moitas das cousas que pide xa se están a facer. O Bloque intentou botar unha man engadindo unhas poucas medidas máis, pero nin así se salva a súa proposta.

Vostede chega tarde, señora Vilán. Galicia está na vangarda, somos unha das primeiras comunidades que conta cunha guía propia de actuación en cambio climático. De feito, señora Vilán, nin unha soa comunidade onde goberna o Partido Socialista aprobou follas de ruta si-



milares ás nosas. Soamente poderíamos dicir que foi en Navarra, pero nin sequera o aprobaron vostedes, que o aprobou ese socio que ten agora de goberno.

Fronte ás súas cativas propostas, a nosa abrangue todos os eidos e estrutúrase arredor de catro grandes ámbitos de actuación, mitigando as emisións de gases de efecto invernadoiro, adaptando a nosa comunidade aos seus impactos, investigando e innovando, e, por último, atendendo tamén á dimensión social, á gobernanza e á sensibilización. Cada un destes ámbitos leva aparellado unha serie de obxectivos que teñen medidas concretas, moitas de carácter transversal, e nas que se implican case todos os departamentos da Xunta de Galicia.

Fronte ás súas ocorrencias, a Estratexia é froito dun verdadeiro proceso participativo. 690 persoas dos diferentes ámbitos da universidade, dos sindicatos, da Administración, estiveron a colaborar nos últimos dous anos —dous anos que levan traballando—. Houbo tamén un período de exposición pública que foi publicado no DOG, no *Diario Oficial de Galicia*, que estivo entre marzo e abril aberto a que calquera puidera facer alegacións, a que calquera puidera facer aportacións. Despois de todo este traballo, vén vostede...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...coas ocorrencias; un desprezo a todas estas persoas que o único que fixeron foi traballar para Galicia sen obter nada a cambio.

Creouse tamén a Comisión Interdepartamental para facer a coordinación e a colaboración en materia de cambio climático de todas as accións administrativas do Goberno. Ademais, vaise encargar tamén de facer un informe que avalíe os plans operativos para a implantación e o desenvolvemento da...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...Estratexia.

O que si que lle pido, ademais, aproveitando que está aquí tamén o sobriño do señor Caballeiro, é que lles diga a todos...

O señor PRESIDENTE: Caballero, Caballero; señor Caballero.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...eses alcaldes que se incorporen ao Pacto dos alcaldes. Agora...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...están 150, pero hai moitos alcaldes das...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...que non están, e ese é o mellor favor que lle pode facer vostede ao noso país.



O señor PRESIDENTE: Terminou o seu turno.

O señor TRENOR LÓPEZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Polo grupo autor da moción, a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bueno, eu, antes de nada, quero agradecer o apoio dos grupos a esta moción, que, efectivamente, probablemente estea incompleta. Está incompleta. Xa dixen que non eran medidas excluíntes. De feito, señor Trenor, hai que ler, pon: «tales como», e hai sete, pero «tales como» quere dicir que pode haber moitas máis. Vostede podería ter colocado algunha máis e non o fixo.

Por certo, é mellor non falar demasiado dos familiares. Pois, por exemplo, non sabemos a que se adica a irmá do presidente da Xunta, *(Murmurios.)* ou eses parentes que ten o señor Baltar na provincia de Ourense. Ou, claro, ¿é que nós que culpa teremos —como dicía o señor Fraga— de que os nosos fillos non sexan tan listos como os fillos dos da dereita? É certo. *(Aplausos.)* Hai parentes e parentes. ¡É verdade!

Pero, mire, o problema é tan grande que hai mulleres en África que venden o seu corpo para ter auga xustamente por culpa do cambio climático, Iso non é para tomalo a broma. E hai unha cousa que é o «refuxiado climático», esas mulleres que son... De feito, algunha vez vostedes se refiren a elas nas iniciativas da Comisión 1ª. Son mulleres que escapan do seu país de orixe buscando unha vida mellor porque son sometidas á trata de branca. Pois, xustamente, como consecuencia do cambio climático, teñen que emigrar do seu país. Cando chegan aquí, atopan a seres como Santiago Abascal —co que vostedes pactan en Murcia, en Madrid ou en Andalucía— e grazas a ese señor, ao mellor, teñen que ir de volta ao seu país. Fíxese vostede se a cousa é importante. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Non se alporicen tanto, porque nós non pactamos con VOX; os que pactan con VOX son vostedes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio, por favor!

¡Tranquilidade!

A señora VILÁN LORENZO: É máis... Non se alporicen.

O señor PRESIDENTE: ¡Tranquilidade! Un pouco de tranquilidade, que aínda está a cousa que non sabemos como vai acabar.

Silencio, por favor. Aínda non está todo.



A señora VILÁN LORENZO: Non se alporicen.

O señor PRESIDENTE: ¡Calma!

Prosiga, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: É máis, gustaríanos saber que medidas de loita, de mitigación contra a crise climática, hai en Murcia, en Andalucía ou en Madrid, promovidas por este señor que fala de «trampa nova do marxismo cultural». Ao mellor, estaría ben que lle preguntasen. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu chegarei tarde, é probable, pero vostede chega tarde porque hoxe viña falar aquí do pacto do Goberno en Madrid, probablemente, e non puido falar diso porque xa hai pacto, fíxese vostede... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Seguro, seguro, porque o coñezo ben, señor Trenor.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: Quedou sen argumentos, quedou sen argumentos, totalmente.

E dixo vostede cousas tales como: ¿quen gaña as eleccións? ou ¿en Galicia quen votou?, ¿quen non votou? Hai que saber sumar: dereita, esquerda, efectivamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai que saber sumar, porque se un suma, as contas non saen, señor Trenor. A vostedes non lles saen. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non lles saen.

Por último, eu...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

Sobre a emenda tamén.

A señora VILÁN LORENZO: Non sei, de verdade, quero dicirlles que isto das eleccións e da democracia a verdade é que a vostedes lles senta a todos moi mal, porque están excesivamente nerviosos e nerviosas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non os provoque, porque, se non... Xa sabe que é fácil provocalos. *(Risos.)* Non os provoque. Se os provoca, non saímos dela. *(Risos.)* Vostede vaia ao seu, que é o máis importante.

Silencio.

A señora VILÁN LORENZO: Pero sen necesidade de provocar nada póñense así. Eu simplemente saín aquí a falar e mire como se poñen. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Por iso, non o faga, imos alá.

Sobre a emenda, sobre a emenda do BNG, ¿acéptaa?



A señora VILÁN LORENZO: Sobre a emenda, efectivamente, do Grupo do BNG, aceptamos o punto 8 e o punto 9...

O señor PRESIDENTE: Perdón, é que non me entero. ¿Acepta o punto...?

A señora VILÁN LORENZO: O 8 e o 9 como engádega da nosa moción.

E é unha lástima que o señor Trenor non fixese algunha emenda para poder aceptar algunha desas cento non sei cantas medidas máis que, polo visto, ten a súa conselleira metidas nun caixón.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións. Pechen as portas, por favor.

Á primeira moción, do Grupo Mixto, non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D.ª Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais e as demandas que debe realizar o Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 36; abstencións, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Carmen Santos.

Acéptase a emenda do Bloque Nacionalista Galego. Non sei se houbo algún acordo. Vostede solicitara a votación por puntos. Non sei se agora lla acepta ou non lla acepta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por favor, déanlle voz ao escano da señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Queríamos pedir a votación por separado dos puntos 2, 3, 4 e 8.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede? Déanlle voz ao escano da señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Como xa dixemos, non imos aceptar votar os puntos que só lle interesan ao Partido Popular. Nós temos unha votación completa. Ou a queren toda...



(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) Non imos aceptar só os que lle interesan ao PP para evitar as súas responsabilidades.

O señor PRESIDENTE: Non, acepta; pois, entón, votamos. Si que acepta a emenda do BNG.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de socorristas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D^a Patricia Vilán.

Xa dixó que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego nos puntos 8 e 9 como engádega. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa crise e o cambio climático.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Terminaron as votacións, abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e once deputados/as máis, sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Mixto e Grupo Común da Esquerda.



(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 37155).

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Instar o Goberno do Estado a que realice un estudo sobre os custos da recuperación para o público da AP9.*
- 2. Instar o Goberno do Estado a que invista na recuperación da AP9 os orzamentos que irían destinados á construción dunha vía alternativa á A55.*
- 3. Instar o Goberno do Estado a elaborar un estudo dos tramos da AP9 que precisarían dunha vía alternativa de alta capacidade unha vez liberada das peaxes abusivas*
- 4. Crear a Mesa do Transporte Galego, con todos os axentes máis directamente implicados: concellos, deputacións, anpas, traballadoras e empresas. 4- Crear a Mesa do Transporte Galego, con todos os axentes máis directamente implicados: concellos, deputacións, anpas, traballadoras e empresas.*
- 5. Incrementar significativamente os orzamentos previstos para o novo plan de transportes de Galicia, co obxectivo de dinamizar esta forma de mobilidade. 5- Incrementar significativamente os orzamentos previstos para o novo plan de transportes de Galicia, co obxectivo de dinamizar esta forma de mobilidade.*
- 6. Instar o Goberno do Estado a impulsar a modernización da saída sur do eixo atlántico ferroviario.*
- 7. Instar o Goberno do Estado a facer efectivo o acordo do Parlamento de Galicia no incremento de frecuencias do Eixo Atlántico.*
- 8. Instar o Goberno do Estado a traspasar as competencias de cercanías para a implementación deste servizo en distintos tramos do Eixo Atlántico.*
- 9. Impulsar as vías peonís e ciclistas que transcorrerían de maneira paralela á AP9.)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 37155).

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:



«O Parlamento insta a Xunta a demandar do goberno central:

1. O impulso da construción dun novo vial entre Vigo e O Porriño con trazado en túnel desde a curva dos Muíños, e o financiamento da obra con cargo ao orzamento do Estado.

2. A gratuidade da peaxe entre Vigo e O Porriño, como alternativa de mobilidade á saturada e perigosa A55.»)

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado e voceiro Luis Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-002782).

Emenda de supresión.

Débase suprimir o seguinte texto da parte dispositiva:

«...a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas, como estaba previsto ou, no seu caso...»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Ben, e un pouco a colación do último debate, a verdade é que saberán todos os membros da oposición que o territorio que máis contaminación lumínica ten de toda España está en Vigo, gobernado polo Partido Socialista. Iso tamén hai que telo en conta.

Traemos hoxe a debate a esta Cámara unha proposición non de lei que o certo é que a temos rexistrado dende hai tempo xa, sen saber quen ía resultar destas eleccións, co goberno de calquera cor, porque nós, dende o Grupo Parlamentario Popular, dende a Xunta de Galicia, sempre estamos defendendo os intereses de Galicia, as infraestruturas necesarias, con independencia da cor do goberno que resultase das urnas.

Polo tanto, xa saben vostedes que cando incluímos esta PNL na orde do día aínda non sabiamos os resultados que saírían do pasado 10 de novembro.

Se traemos hoxe ademais esta PNL é porque consideramos unha necesidade, consideramos prioritario que se vaian concretando prazos e dando avances na execución da nova autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño, e máis cando nos últimos meses tivemos serias dúbidas de que o Goberno do señor Pedro Sánchez —hoxe Pedro Sánchez e Pablo Iglesias— tiveran a ben contar con esta infraestrutura, porque xa en dúas ocasións puxérono en dúbida. Polo tanto, nós hoxe queremos que dende este parlamento, co apoio unánime da Cámara, poidamos solicitarlle ao Goberno central que esta autovía sexa unha realidade.



Esta é unha infraestrutura estratéxica para a Comunidade. Conecta Vigo coas autovías A-52, que é Ourense-Madrid, e A-55, que é a fronteira portuguesa. Unha autovía de novo trazado que virá ofrecer unha alternativa funcional á actual autovía A-55, que soporta ademais un alto volume de tráfico e que ademais ten un alto índice de sinistralidade. Aínda a última noticia que puiden atopar é do mes de novembro. Os accidentes crecen na A-55 e ata o 2030 non haberá outra autovía —isto dío a prensa, non o digo eu—, porque a verdade é que o Goberno aínda non dixo prazos, non dixo como ten pensado financiar e levar adiante esta autovía, e polo tanto nós hoxe queremos solicitála como algo prioritario en Galicia. Unha nova autovía coa que se agarda ademais captar tráfico de ao redor de trinta e seis mil vehículos ao día e que suporía sen dúbida un incremento notable da seguridade viaria e tamén maior comodidade nos desprazamentos.

Non sei se vostedes coñecen todos esa autovía. Cómpre lembrar que a A-55, que presenta unha altísima sinistralidade, é unha autovía cunhas curvas —a verdade— moi perigosas. Foi deseñada e executada por un goberno socialista en Madrid nos anos oitenta. Ademais, o alcalde socialista da cidade de Vigo formaba parte dese goberno, tomou unha das peores decisións —eu creo; é un dos maiores puntos negros que hai en Galicia— e foi tomada cando o alcalde de Vigo actual estaba no Goberno.

A nacional 120, que era a saída de Vigo, decidiron desdobrala por criterios económicos, e a verdade é que era unha saída cara a Mos, tamén cara ao Porriño pasando por Mos, e quedou unha estrada que a verdade é que parece un labirinto e aínda con dificultades e condicións meteorolóxicas, ademais rompendo a vila de Mos polo medio; é dicir, é unha autovía que é unha desas estradas que non deberían de existir.

Ese Partido Socialista tamén agora ultimamente está derivando todos os cartos e todos os investimentos en infraestruturas cara ao leste do territorio español, e, polo tanto, a Galicia nin caso, a Galicia nin caso.

Se traemos hoxe a debate esta iniciativa, é tamén porque esta infraestrutura forma parte da Axenda Galicia. Como dixen ao principio, dende o Goberno de Galicia solicítase unha serie de infraestruturas e unha serie de investimentos fundamentais e cruciais para esta comunidade autónoma, que o Goberno de España non pode perder de vista, e, polo tanto, ademais, eu creo que todos estes temas vostedes os coñecen, porque xa se teñen feitos públicos no mes de outubro, cando se presentou esa axenda de cara aos próximos dez anos. Unha axenda, como dicía, que ten vinte e cinco asuntos máis urxentes; esta autovía é un deles. E, polo tanto, naquel momento a Xunta elaborou e acordou, independentemente —como digo— de cal fose o resultado xa daquela nas urnas, pois a configuración das necesidades que había que solicitarlle ao Goberno de España, sempre defendendo os intereses dos galegos, sempre con temas que afectan o ben común, sempre con temas que atinxen ao presente e ao futuro de Galicia.

A execución da nova autovía Vigo-O Porriño xa quedara no BOE —teño aquí ademais unha copia—, nun plan de infraestruturas que deseñara o Goberno de Mariano Rajoy; aquí está a folla, (*A señora Egerique Mosquera mostra un documento.*) na que aparece no punto terceiro ese trazado, a variante dese trazado. E, polo tanto, era unha nova autovía que estaba prevista



cun plan extraordinario de investimentos, chamado PIC, que impulsou — como digo — o Goberno de Mariano Rajoy e no que que estivo o antigo ministro Íñigo de la Serna no seu momento facendo unha serie de investimentos necesarios e imprescindibles cun investimento duns cinco mil millóns de euros en todo o territorio español, e esta autovía estaba integrada nese plan de infraestruturas.

Segundo os cálculos do propio Goberno daquela, o PIC suporía un investimento aproximado de cinco mil millóns de euros, permitiría actuar sobre máis de dous mil quilómetros de estradas en catro anos. Con esa iniciativa o Executivo presidido por Mariano Rajoy buscaba completar os tramos pendentes da rede transeuropea de transportes, adaptar as principais autovías existentes ás exixencias da nova normativa de sinistralidade, ruído e emisións, e garantir a conservación de todas as infraestruturas que se constrúen no marco desta iniciativa.

O país marchaba, planificábanse obras necesarias e non se estaba xogando cos electores, cos españois, que mandan ás urnas e despois chegan a un pacto en vinte e catro horas, algo que non puideron resolver en seis meses. É que, de verdade, parece unha tomadura de pelo.

Cando o país marchaba — insisto — como marcha Galicia, as exixencias das infraestruturas eran unha prioridade, e de acordo coas necesidades de priorización que a Xunta lle trasladou no seu momento ao Goberno español, o presidente Mariano Rajoy tíñase comprometido á inclusión nese plan extraordinario desa autovía, cun investimento duns 337 millóns de euros. Insisto: xa no BOE, porque é un feito, é unha publicación, é unha decisión ademais institucional que poden ver todos vostedes, e que ademais non andan nin con titulares nin con frases ocas, senón que era algo que estaba completamente comprometido.

Tempo despois, en setembro do pasado ano, e xa co señor Pedro Sánchez á fronte do Goberno, e sendo ministro o señor e flamante Ábalos, o Goberno central empezou a deslizar declaracións que sementaron dúbidas xa por ese plan de infraestruturas.

Polo tanto, xa nós no Grupo Parlamentario Popular rexistramos e redactamos esta iniciativa, para que non se esqueceran de que esa era unha prioridade, porque — como digo — o señor dirixente socialista da cidade de Vigo nada dixo e botou balóns fóra cando chegou Pedro Sánchez ao Goberno, a diferenza do que facía cando estaba gobernando Mariano Rajoy, que non facía máis que pedilo.

Polo tanto, nós queremos lembrar que en noticias de prensa tamén máis recentes, concretamente a comezos de xuño deste ano, viamos como finalmente o Goberno do señor Sánchez pois parecía rescatar para a A-7 entre Crevillente e Murcia unha infraestrutura nese PIC, pero deixaba en suspenso incluír esta autovía a Galicia; como sempre — como digo —, mirando cara ao leste, como fixeron tamén co porto de Valencia, condonándolle a débeda; como fan coas infraestruturas e co AVE, sempre mirando cara ao leste e esquecendo Galicia.

Polo tanto, nós agora non imos cuestionar nin dicirlles como teñen que facer o investimento, se a través dese plan ou vía orzamentos, pero o que si que queremos hoxe dende esta cámara é exixir que o novo Goberno español confirme con feitos o compromiso adquirido polo Go-



berno de Mariano Rajoy de impulsar e avanzar na execución desa autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño; que se execute esa actuación —insisto—, polo necesaria que resulta.

Agardamos para iso contar co apoio de todos os grupos parlamentarios, pero porque xa o tivemos nalgunha ocasión. Eu lembro aquí que co Grupo do Partido Socialista, concretamente, chegamos a un acordo e aprobamos unha moción relativa a este asunto en marzo do ano pasado; foi a moción 26884, debatida o 6 de marzo do 2018, e aí nun dos puntos solicitábase instar a Xunta para demandar do Goberno central un novo trazado da A-55 entre O Porriño e Vigo e que conectaría coa A-52. Polo tanto, eu o que digo é que están moi rápidos solicitando cando o Goberno é do Partido Popular, pero cando é do Partido Socialista e de Podemos non están tan rápidos xa.

Terían comprobado, ademais, que no texto que nós presentamos pon 2019, porque creo que están aínda a tempo, que é sobre unha infraestrutura que xa estaba presentada, e que polo tanto hai que evidenciar neste caso que aquí estamos todos de acordo en que iso se faga, e ademais pois deixar claro que o Goberno do señor Sánchez non ten movido nin un dedo, nin un papel, nin un euro para impulsar esta infraestrutura necesaria e estratéxica.

Polo tanto, presentaron emendas tres dos grupos. Curiosamente o Partido Socialista non presentou emendas. Espero que xa apoie directamente tal e como está o texto esta infraestrutura, e logo falaremos das emendas que presentan os outros grupos, pero creo que o tema no texto que presenta o Grupo Parlamentario Popular está bastante claro, porque xa era un compromiso que estaba no *Boletín Oficial do Estado*.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Egerique.

Por parte do Grupo Mixto, ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Boas tardes, señorías.

Señora deputada, está moi ben exposta —e nós compartimos a primeira parte da intervención—, moi ben descrita, a situación da sinistralidade viaria da rede das infraestruturas que neste momento comunican Vigo co Porriño, a descrición das necesidades —que pensamos que é compartida por toda a área metropolitana— e tamén boa descrición das carencias e, polo tanto, tamén da alternativa que suporía este novo trazado da nova planta da A-55.

Non obstante, fixo vostede unha referencia parcial, nada máis, ao Plan extraordinario de inversións en carreteras (PIC), que é a través do que se articula de forma principal esta iniciativa, reivindicando unha herdanza do Partido Popular, que é ese plan de investimentos que, segundo vostedes teñen manifestado, pois axilizaría trámites e prazos para levar adiante isto, porque se fai nunha previsión á marxe dos orzamentos xerais do Estado.

Creo que debería de terse parado un pouco máis á hora de describir cal era a proposta do PIC que traía o Partido Popular para o noso país; é dicir, un PIC que contemplaba este investi-



mento fóra dos orzamentos do Estado, que se realizaría a través dunha concesión e que se faría a través dunha peaxe, posiblemente oculta ou explícita.

Entón, queremos que nos aclare se é que está reivindicando a herdanza do Partido Popular de que se faga a construción de infraestruturas con peaxe no noso país, que nos diga claramente se lle parece pouco sablazo xa o da AP-9 e se lle parece pouco sablazo para a área metropolitana de Vigo que, ademais do xa vixente, aínda tiveran que aturar unha nova peaxe ou ben que tivésemos que pagala de forma encuberta nunha peaxe na sombra.

Polo tanto, terán oportunidade de facelo, poderían concretar algo disto. Nós, desde logo, con esa configuración, tal e como vén na súa proposición non de lei, non estamos de acordo. Creo que vostede acertou plenamente cando dixo que esta estaba redactada antes de que se soubese se ía haber ou non cambio de goberno e, polo tanto, estaba preparada para que ante un eventual goberno do Partido Popular se puidese afrontar este tipo de investimento mediante a imposición da peaxe.

Pois agora digan se vai haber ou non vai haber... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non? Pois tiñan oportunidade de facer esa aclaración. E por esa razón, e para que non se suscite ningún tipo de dúbida, dúas cousas. A primeira, que nós respaldamos esta infraestrutura, porque nos parece interesante para mellorar a mobilidade na área metropolitana, pero ao mesmo tempo —porque de ningunha maneira queremos un novo sablazo para a área metropolitana de Vigo e polo tanto ningunha peaxe, nin explícita nin encuberta— presentamos unha emenda, e a emenda consiste en suprimir da súa parte dispositiva a mención que fai a «a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas, como estaba previsto, ou, se é o caso,...», e despois deixar o resto da parte dispositiva como está.

Nós pensamos que debe facerse con cargo aos orzamentos xerais do Estado, que é o réxime onde debe de ser o concesional previsto no PIC, e, polo tanto, se non teñen ningún problema en facelo así, terán o noso apoio. Doutra maneira non o terán, e non o terán porque nós non estamos dispostos e dispostas a lexitimar co noso voto unha infraestrutura que vai ter unha nova peaxe para a área metropolitana, porque pensamos que xa ten abonda, e polo tanto non imos abondar máis no argumento.

Cremos que o argumento é claro. É interesante a infraestrutura, consideramos que é útil para mellorar a mobilidade, pero consideramos inaceptable que puidese expoñerse de tal maneira que unha das dúas opcións levase a unha construción con cargo a unha peaxe, fose encuberta ou fose explícita, para a área metropolitana.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Villares.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Bará Torres.



O señor BARÁ TORRES: Vexo o Grupo Popular hoxe un pouco despechado e contrariado (*Murmurios.*), porque estaban suplicándolle ao PSOE un pacto, unha gran coalición e resulta que se foron con outra, con outro. (*Risos.*) Entón, están vostedes... (*Murmurios.*), vostedes querían pactar co PSOE a toda custa (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*).

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio.

O señor BARÁ TORRES: Ben, nós só lles dicimos unha cousa: que ese acordo que se anunciou hoxe suma 155, que é un número tamén perigoso. (*Risos.*) (*Murmurios.*) E haberá que falar con máis para chegar aos 176. Entón, aínda queda camiño por andar. Tranquilos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Claro, que a señora Egerique resulta que lle bote en cara ao Partido Socialista a contaminación lumínica de Vigo —que é certo— cando eles van facer unha contraprogramación para aínda ter máis contaminación lumínica en Vigo —queren iluminar a ponte de Rande, que non lles chega con toda a contaminación luminosa que hai alí—, ¡manda truco!, señora Egerique. Vostedes aínda queren contaminar máis. Non lles chega a do señor Cabaleiro, ou Caballero, ou como lle queiran chamar —valen as dúas cousas—.

Ben, falando da A-55, efectivamente, é a estrada máis perigosa do Estado, a que ten máis sinistralidade. Hai un informe do Ministerio de Fomento que fala só nun punto quilométrico, o punto quilométrico 12, de 298 persoas feridas nun período de tres anos. É absolutamente castastrófico. O deseño do trazado é un desastre, porque ademais parte e divide pola metade a parroquia de Tameiga —toda esa zona—, onde hai unha auténtica barreira que impide comunicar os dous lados da estrada.

E para o que serve esta estrada, en todo caso, é para recadar, porque estiven mirando as estatísticas de multas e resulta que só no ano 2015 nese punto quilométrico 12 houbo máis de oitenta mil multas —oitenta mil—. Eu tiven que reler varias veces o dato porque me parecía que era imposible; pero, efectivamente, é unha máquina de recadar para o Estado brutal. Con todos eses cartos xa debería dar para facer o proxecto, para empezalo e para telo rematado durante todos estes anos.

Porque outra cousa que non dixo a señora Egerique, que ten mala memoria —debe ter que tomar algunha pastilla desas para a memoria—. (*A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, ginseng; xa sei que toma ginseng...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Non dialoguen.

Continúe, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Si, non dialogue, (*Risos.*) non dialogue. (*Risos.*)

Era que xa había en estudo un proxecto no ano 2009, que vostedes deixaron gardado nun caixón, e despois recuperaron esa idea. E agora tamén hai un proxecto en estudo de impacto



ambiental que está en tramitación. ¿Que pasa? ¿Que agora acordoulle a vostede que tiña rexistrada hai un ano unha iniciativa e a trae aquí?

Pois mire, nós o que lle queremos dicir é que estamos de acordo en que haxa un proxecto, necesítase un proxecto alternativo, que ten que ir en gran parte en túnel, pero non estamos de acordo en nada no feito de que queiran incluílo nese Plan de infraestruturas de investimentos extraordinarios de estradas, porque iso é unha operación de saqueo das contas públicas para o negocio da banca e das grandes construtoras, que é quen lle deron a orde a Mariano Rajoy de facer ese plan, porque resulta que houbera un desplome na contratación de obra pública e nos orzamentos do Ministerio de Fomento e querían ese gran negocio, porque son obras de financiamento público-privado, a esas grandes empresas, OHL e demais, amigas do Partido Popular, que fan a obra e despois cobran *a tocateja* durante trinta anos 350 millóns por ano. E o que valía 5.000 millóns pasa a custar 10.500 millóns de euros con ese plan máxico do Partido Popular para engordar as contas das grandes construtoras e da banca. Por aí non pasamos, non imos aprobar unha iniciativa que leve esa expresión.

E o BNG vai defender, polo tanto, aquí e en Madrid, no Parlamento do Estado, que se recupere o diñeiro non investido nos anos pasados, máis de dous mil millóns de euros que non se investiron en Galiza. E tamén un plan de investimentos para este país en infraestruturas que teñan prioridades claras. O ferrocarril. É fundamental cambiar o modelo de mobilidade, apostar pola mobilidade sustentable. E aí o ferrocarril interno do país ten que ser clave. E tamén os investimentos en seguranza viaria. E este é un deles. Ten que ser tamén unha prioridade.

En definitiva, que nós queremos darlles un impulso, alí onde teñamos representación, a estas infraestruturas, a este vial, facelo con cargo aos orzamentos do Estado e non por esas fórmulas que benefician a banca e as grandes construtoras.

E tamén pedimos, a través dunha emenda, unha medida complementaria, que sería a liberación da peaxe entre Vigo e O Porriño, precisamente para descargar de tráfico —que é un dos grandes problemas que ten, ademais do trazado— esta infraestrutura, con sesenta e tres mil vehículos/día —que é unha barbaridade e que explica moito deses accidentes, tamén unido ao límite de velocidade e ao feito de que moito dese tráfico sexa tráfico pesado, porque é unha zona onde hai moitos parques empresariais—, para compensar, corrixir e diminuír o tráfico nesta estrada.

Agardemos que acepten estas emendas e poidamos chegar a un acordo unánime a respecto desta demanda tan xusta.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Común da Esquerda, ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidenta.



Ben, ¡vaia papelón!, señora Egerique. Vostede vén exixir que o novo Goberno faga o que non fixo o Goberno de Mariano Rajoy. (*Murmurios.*) Iso é o que veu dicir vostede... (*Murmurios.*) —¡madre mía, que alterados están hoxe, ¡madre mía, que alteradas están hoxe!— (*Murmurios.*) É o que veu dicir vostede aquí: o que non fixo o Goberno de Mariano Rajoy pois que o faga o novo Goberno, porque precisamente o Goberno de Mariano Rajoy foi o Goberno da parálise do investimento en infraestruturas en Galicia. E por iso vostede veu aquí presumir dun papel, porque é o único que pode ensinar dos sete anos de goberno de Mariano Rajoy; un papel que di que vai facer algo. É o único en materia de infraestruturas do que pode presumir o Partido Popular. E, se non, ten vostede unha réplica na que pode vir aquí presumir dos investimentos de Mariano Rajoy, non dun papel, de investimentos reais que fixese o Goberno do Partido Popular durante os anos de goberno de Mariano Rajoy. A ver se se lle ocorre algún, porque a min non se me ocorre absolutamente ningún nas infraestruturas do interior do noso territorio.

Dende logo, fan falla alternativas neste trazado. Estamos falando dunha vía que concentra unha gran cantidade de accidentes. O quilómetro 12 desta autovía é o quilómetro con máis accidentes, con máis sinistralidade de toda a rede de estradas do Estado. Levamos moitísimos anos, sete anos, con este dato sen que se fixese absolutamente nada.

Como vería vostede, nós facemos unha emenda, porque entendemos que é posible que sexa necesaria esta infraestrutura, pero se poñemos en marcha unha serie de alternativas ao mellor non o é. Por iso paro a explicar un pouco cal é a nosa proposta.

É evidente que é preciso mudar o noso modelo de mobilidade. Falamos na anterior iniciativa de afrontar a transición ecolóxica, onde o transporte e as infraestruturas forman unha parte moi importante desta transición. Polo tanto, entendemos que non se pode plantexar actuacións que teñan que ver coa mobilidade sen priorizar aquelas que son máis sustentables.

Nós entendemos que, se se poñen en marcha e se se dinamiza o transporte colectivo, as formas de transporte sustentables de transporte colectivo, en ferrocarril e transporte por estrada, moitísimos deses vehículos que están neste momento circulando por esta estrada deixarían de circular, porque entendemos que a cidadanía acollería de bo grao un transporte colectivo eficaz, que lle poida facilitar a mobilidade e achegala a aqueles lugares onde precisa sen necesidade de coller o vehículo de motor. Por unha cuestión de sustentabilidade, que temos unha sociedade cada vez máis concienciada, pero tamén por unha cuestión de en termos de seguridade, porque en Galicia sabemos a problemática que isto ten no noso país, a sinistralidade e a mortalidade nas estradas; e tamén por unha cuestión en termos de comodidade, para evitar atascos, buscar aparcamento, percances en forma de avarías e demais.

Polo tanto, se pomos en marcha un transporte colectivo eficaz, ademais de ser sustentable, entendemos que tamén a cidadanía se sumaría a utilizalo. E esta posición está respaldada por algúns dos datos. En canto se puxo o eixo atlántico e se introduciron unha serie de melloras —insuficientes, como ben sabemos—, incrementouse moitísimo o seu uso. Polo tanto, se impulsamos a modernización da saída sur, melloramos as frecuencias e os horarios, entendemos que tamén moita xente neste trazado tamén utilizaría o ferrocarril e non utilizaría esta estrada.



Tamén, por outra banda, temos tamén outra proposta nas nosas emendas, que é a liberación da AP-9 —como tamén dicía o voceiro do BNG—. Estamos falando de construír unha vía alternativa a este trazado. Xa contamos cunha vía de alta capacidade alternativa a este trazado, que é a AP-9, e xa está construída. E ao mellor o máis eficaz é liberar a AP-9, porque ao mellor non sería preciso investir cartos nesta nova infraestrutura. Calcúlase un investimento de arredor de catrocentos millóns por esta nova infraestrutura. Hai ben pouco Itinere vendeu os seus dereitos de explotación da AP-9 —tirando polo alto— por seiscientos millóns. Polo tanto, pois igual tiña sentido facer un estudo de canto custa recuperar a AP-9, porque por un pouquiño máis deses seiscientos millóns non só teríamos un trazado entre O Porriño e Vigo, senón que teríamos un trazado que circularía por todo o eixo atlántico. E así tamén, ademais, remataríamos coa estafa que supón a AP-9, que o propio Ministerio de Fomento calculou que lles custaría aos galegos e ás galegas ata a fin da súa concesión catorce mil millóns de euros. Polo tanto, deberíamos plantexarnos recuperala para aforrar todos estes cartos e ao mellor aforramos a construción desta nova infraestrutura tamén.

Polo tanto, nas nosas emendas pedimos que o Goberno do Estado realice un estudo de canto custa recuperar para o público a AP-9. Xa que o Goberno da Xunta de Galicia xa dixo que non o quere facer, solicitamos que o faga o Goberno do Estado —se está vostede de acordo con isto, entendo que non estará de acordo con todo o demais, pero se está de acordo con algunha cuestión podemos incorporala—, (*Murmurios.*) que os cartos dedicados a esta nova infraestrutura se adiquen a recuperar a AP-9. Elaborar un estudo de que tramos da AP-9 necesitarían ser reforzados, porque ao mellor este tamén o precisaría, pero primeiro hai que explorar o resto de alternativas.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

O señor CAL OGANDO: Crear a Mesa do Transporte Galego e impulsar a saída sur. Ben, unha serie de medidas sustentables para mellorar a mobilidade neste tramo.

Pola nosa banda, máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Cal.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, saíu a falar ao pleno, neste caso desta autovía, a sección viguesa do Parlamento de Galicia. E como tocaba falar do alcalde de Vigo e antes se falou de contaminación, pois falamos de contaminación lumínica ou falamos de que era ministro do Goberno de España cando se desdobrou a nacional 120 e se converteu para dar mellor saída naquel momento, evidentemente, e ese desdobre desa nacional, desa autovía, que, efectivamente —como xa se dixo aquí por parte de todos os que me precederon—, é das máis perigosas de todo o Estado, e, polo tanto, evidentemente require unha solución.



Pero, señora Egerique, imos facer un pouco de memoria. No ano 2017, a finais do ano 2017, o Ministerio de Fomento naquel momento aprobou un trazado para a autovía do Porriño-Vigo, Vigo-O Porriño —tanto me dá—, cun custo de 169 millóns de euros. Este dato é relevante: 169 millóns de euros. Un trazado de alta complexidade —como todos os que son de alí coñecen mellor que os que imos ocasionalmente— e que manexaba ata dez propostas distintas —e, dentro desas dez propostas, vinte e tres combinacións diferentes— para darlle o trazado definitivo a esa nova autovía, que tiña unha lonxitude de 10,3 quilómetros, e cun túnel de 2,8 quilómetros que ía atravesar ese alto de Puxeiros, entre Vigo e Mos. Vale, moi ben.

En febreiro do ano 2018 o presidente do Goberno —naquel momento o señor Rajoy— presentou un novo proxecto, pero é que polo medio pasaron cousas. Pasaron cousas como que o señor Rajoy foi presidente do Goberno durante dúas lexislaturas, unha delas incompleta, pero desde o ano 2011, desde decembro do ano 2011, o señor Mariano Rajoy foi presidente do Goberno do Estado. E, claro, o que teñen os orzamentos, entre outras cousas, é que deben ser publicados nos boletíns oficiais. E no ano 2016 —Goberno do señor Rajoy— na autovía Vigo-O Porriño figuraba como data de finalización o ano 2017, e un investimento para ese ano 2016 de 6 millóns de euros. Nada.

No ano 2017 —segue sendo presidente o señor Rajoy— figura para a autovía Vigo-O Porriño, con data de finalización —iso si, un ano despois, o que vén sendo $n+1$, é dicir, imos corrixindo unha unidade á data que poñemos no presuposto anterior— 2018, e un orzamento de 2.438.000 euros. Nada.

E como nada e máis nada —xa que estamos a falar de sumas— vén sendo nada, ou cero máis cero vén sendo cero, no ano 2018 o señor Rajoy, presidente do Goberno, presenta o tramo Vigo-O Porriño dentro dese Plan extraordinario de infraestructuras en carreteras, que estaba, efectivamente, dotado con cinco mil millóns de euros e que ía solucionar o facer obras en aproximadamente dous mil quilómetros de lonxitude. Prégolle encarecidamente que revise as hemerotecas, xa que vostedes teñen tanta teima con certo desvío de fondos cara ao Levante do Estado, a que comprobe cara a que parte ían a maior parte deses cinco mil millóns de euros, a ver se ten que facer algunha corrección pequena, ou menos pequena —o que vén sendo o mesmo que máis grande—, no seu argumento do desvío de fondos cara ao Levante español.

Ben, pois aquí estamos, no ano 2018, en febreiro, o presidente do Goberno, o señor Rajoy, acompañado do ministro de Fomento —naquel momento Íñigo de la Serna— e do presidente da Xunta de Galicia —naquel momento e neste momento o señor Feijóo—, fotografía incluída —book de fotos, ou feixe de fotos, tanto me ten—, presentan esa infraestrutura, por concesión. É dicir, vai facerse o que se chama peaxe en sombra e vai pasar dos 169 millóns de euros iniciais a un custo de 337; duplica, polo tanto, netamente o investimento previsto. E estas son as cifras.

E, claro, evidentemente, toda esa parafernalia non tiña ningún tipo de contraste nos orzamentos do Estado, porque era por vía extraorzamentaria. ¿E que fixo o Goberno de Pedro Sánchez naquel momento? Corrixir. Non se negou en ningún momento a que esta infraestrutura se fixera, en ningún momento, e rétoa encarecidamente a que revise a hemeroteca.



O que se dixo por parte do ministro Ábalos é que se ía facer esa infraestrutura pero pola vía orzamentaria, é dicir, sacala dese cumprimento extraordinario e facela por cumprimento ordinario, é dicir, nos orzamentos. E iso é o que está, e ese é o compromiso do Goberno de España. Foi e seguirá sendo, non lle caiba a máis mínima dúbida. Non teño tempo para falar, pero vostede sabe cales foron as cifras de cumprimento do orzamento nos anos 2015, 2016 e 2017 do Goberno do Estado con Galicia, lamentables. Deixaron sen executar 1.730 millóns de euros.

En todo caso, e para despexarlle calquera dúbida, incerteza ou mesmo tensión que puidera ter respecto do sentido do voto do noso grupo, anticipolle que imos votar a favor da súa iniciativa, porque evidentemente pon algo que é de sentido común, que é pola vía orzamentaria.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Álvarez Martínez.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidenta.

Claro, señor Álvarez, é que no noso texto —tamén, señor Villares—, pon Vigo-O Porriño —señor Álvarez e señor Villares, perdón, contéstolles aos dous ao mesmo tempo—, a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas, como estaba previsto, ou, se é o caso, pola vía orzamentaria.

Dixen que o motivo deste debate non era como se vai facer esa autovía. Si que había un plan co Goberno de Mariano Rajoy; se se vai reconducir ese plan, por iso digo tamén o tema do señor Ábalos, do Ministerio de Fomento, porque si que dentro dese plan falaba da autovía de Crevillente-Murcia de que falei antes. Por iso, se se vai facer vía orzamentaria, parécenos estupendo se o compromiso está. Agora, claro, señor Álvarez, non sei se vostede vai ter que consultar co señor Cal o voto, agora xa van ter que poñerse de acordo para votar, non vaia ser que un diga unha cousa e o outro outra e despois quedemos sen cumprir os compromisos. *(Murmurios.)*

Porque miren, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* señor Villares, vostede fala dunha peaxe oculta, e non, non hai ningunha peaxe oculta. Este é o plan que estaba perfectamente e con transparencia enriba da mesa para facer se tipo de infraestruturas. Se o señor Álvarez di que hai o compromiso de facelo vía orzamentaria por parte do Goberno que vai saír agora das urnas, pois estupendo, que se faga esa autovía.

E, señor Bará, vostede ás veces ten argumentos: para Pontevedra, si, con determinadas estradas, e para Vigo, non. Quero dicir que tamén vostede aí no tema ás veces de territorio —ou non sei se entendín eu mal— pero pon vostede aquí a gratuidade da peaxe entre Vigo e O Porriño como alternativa de mobilidade saturada, pero creo que este non é un tema —que poderíamos traer a debate— que non soluciona e non ten que ver coa autovía



do Porriño, porque, por exemplo, non hai acceso da AP-9 á A-52 por exemplo sen pasar por esa autovía. É dicir, é un punto máis doutro problema ou outro tema que podemos ter na zona sur, pero non vén a colación agora neste debate, porque non daría servizo a gran parte dos tráficos directos entre Vigo e O Porriño iso que di vostede.

Señor Cal, vostede trae aquí eu creo que unha serie de puntos. Creo que ademais puido ser o seu argumentario agora nas eleccións ou para solicitar ao Goberno central, porque a verdade é que é unha serie de infraestruturas que eu creo que ademais tampouco teñen que ver exactamente con esta autovía. Vostede pode agora, que ademais van estar no Goberno, pedirlle todos estes puntos directamente ao presidente e ao vicepresidente, que cumbran co que vos tedes cren.

O máis importante deste tema e o que nós queremos solicitar hoxe é que se faga esa autovía e esa alternativa que dea acceso —como digo— á A-52 e á A-55, que é fundamental para Vigo.

Dicía vostede —vou dicilo por alusións— que estabamos alteradas. Eu non estou alterada, pero si que teño que dicir que estou algo preocupada, porque vostedes, tanto Podemos como o PSOE, levaron ás urnas corenta e sete millóns de españois, gañando cun pacto oculto que acaban de firmar agora en vinte e catro horas, algo que non puideron facer en seis meses. Dígoo dende esta tribuna porque hoxe esa aperta do oso non sei que lles parecería a todos os electores seus, ademais —insisto—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...perdendo votos tanto da bancada do Partido Socialista como na bancada de Podemos.

Esperemos que o Goberno faga esta autovía, que é o que nos trae hoxe aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión sanitaria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

(*O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei, doc. núm. 51691 (10/PNP-3873).*)

Emenda de substitución:



Débase substituír o punto 1 da parte resolutiva polo seguinte texto:

«1. Abrir unha mesa de diálogo entre os diferentes grupos parlamentarios na que participen as persoas que compoñen as Comisións Sectoriais do Consello Técnico sobre Atención Primaria para desenvolver o novo modelo asistencial e de xestión en Atención Primaria.»

Emenda de adición:

Débase engadir, ao final do punto 2, o seguinte texto:

“, precedido dunha publicación sobre o número de persoal do SERGAS por EOXI e centros, diferenciando fixo e eventual, así como as previsións de xubilación.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Falamos de sanidade nunha tarde na que estamos falando todos dalgunhas cousas pero todos estamos pensando nalgunha outra, e non pasa nada, e é lexítimo que todos teñamos opinión, incluso —como se acaba de dicir— que hai xente preocupada porque non comparte, evidentemente, algunhas posicións políticas. Dende o Partido Socialista tamén estamos preocupados, xa que falamos de sanidade, por que se lexitime, se valide, incluso se aplauda e se pacta con quen di algunhas atrocidades como que a sanidade está perdendo moitos cartos por atender inmigrantes ou porque esta sanidade pública se melloraría se dixeramos a algunha xente que está enferma que non se atende porque ten unha cor de pel distinta ou algunhas burradas así, que hai partidos que validan, que hai partidos que aplauden e que hai partidos que pactan. E ese é o problema da sanidade tamén; (*Aplausos.*) tamén ese, non só, pero tamén ese.

Si que é lexítimo estar preocupados por cousas distintas e, por tanto, tamén iso nos amosa quen somos e que defendemos, e nós defendemos un sistema público, universal, gratuíto e de calidade e, sobre todo, universal. Ningunha persoa é ilegal, ningunha.

E hai unha atención primaria, esa que ten que atender tamén a xente que o necesita, que está demandando unha mellora nas súas condicións.

Hai unha folga de atención primaria convocada, de facultativos e facultativas, para este final de mes, e para nós serve como inicio de pregunta. ¿Por que convocan unha folga profesionais da sanidade, especialmente en atención primaria? Aínda neste mes escoitamos habitualmente que isto está mellor que nunca, que a situación é fantástica, que a sanidade é inmejorable e que aquí pouco menos que aquel que se queixa vai contra o sistema e contra todo un entramado de beneficios e bondades. ¿Por que? Por deporte ou porque non teñen ganas de traballar, serán uns vagos; como din algúns dos alcaldes do Partido Popular, ¿non?, hai listas de espera porque os profesionais son moi vagos.



Pois dende o noso punto de vista é por unha análise que fan os profesionais e que nós compartimos probablemente case na totalidade, e que comparten moitos colectivos, que se basea basicamente —permítanme facer esta explicación— nesta situación crítica que temos, que non é actual; é actual —digamos— pero non é causada só na actualidade, senón que ten que ver cun pouco de historia nestes dez anos, dez anos e algo, de gobernos Feijóo.

Por ser non excesivamente redundante pero por citar tres datos: orzamentos presentados, que aínda están en debate, 1.400 profesionais menos en atención primaria, algo menos, 1.360 —se non me fallan as contas— menos en atención primaria que hai dez anos; no orzamento hai 1.360 —creo que é o dato exacto— menos no orzamento. Baseados nun criterio de que é moi importante que cando exista un profesional público que deba ser pagado con fondos públicos está ben que estea recollido nos orzamentos, preguntámonos por que en atención primaria hai 1.300 profesionais menos orzados que hai dez anos.

A pesar de escoitar que o señor Feijóo, que hoxe aprendemos que se pode dicir «difamador profesional» —creo que se pode dicir—, que hai 1.500 dixo unha vez, 1.800 dixo despois, 2.400 dixo despois..., cifras habituais, que temos máis na sanidade, pero, a pesar diso, os orzamentos din que non. Polo tanto, se non lles pagan do aire, dígnanos a ver de que lles están pagando.

Hai eses profesionais menos, hai cento cincuenta millóns menos —por redondear a cifra— en atención primaria este ano que hai dez anos; un acumulado de dous mil millóns de euros en dez anos, dous mil millóns de euros menos en sanidade que hai dez anos.

E deixamos de pedir esta comunidade, que ten problemas de contratación, profesionais de primaria, deixamos de pedir cento cincuenta prazas de formación MIR a médicos de familia comunitarios, cento cincuenta profesionais, dos cales un 70 % aproximadamente, polo que ten que ver coas datas, estarían xa formados. Teríamos algo máis de cen profesionais xa formados hoxe en Galicia. ¿Cobren todas as necesidades? Todas non, pero cobren unha boa parte. ¿Por que deixamos de pedir profesionais? Porque o custo, sendo algún, non é excesivo e é moi asumible e é unha aposta de futuro, pois basicamente porque é un plan levado a cabo con precisión cirúrxica —se me permiten—.

Nós non cremos que ninguén se levante unha mañá e decida «imos destrozarnos o sistema sanitario». Non, non ten sentido, ninguén se levanta. Pero si dicimos unha cousa: non se pode soprar e sorber á vez, e cando un recorta en sanidade pública acaba pasando isto, e, por tanto, non se pode defender a sanidade pública pero recortarlle. Por tanto, isto de facer máis con menos é unha milonga. O de que menos é máis creo Pablo Casado, que celebra perder as eleccións, pero máis con menos é unha milonga; con máis faise máis, con menos faise menos. E, por tanto, é importante que saibamos que non se pode recortar e dicir que se defende.

E a xestión de escenarios desta consellería tamén contribúe a que os profesionais da sanidade pública, especialmente agora os da primaria, estean molestos.

Miren, ocorreu unha situación trágica e lamentable en Dozón hai pouco. Resposta do Goberno da Xunta: anunciar aquí polo señor presidente, anunciar, incluso cun ton pouco apro-



piado, algo que non é certo. Porque non está o que anunciou. Esa ambulancia que o Partido Popular prometía medicalizada non existe. Pasou un lamentable suceso na Estrada hai un pouco máis de tempo. ¿Resposta do Goberno? Nada, non cambiou nada, non faláron con ninguén. Houbo máis de nove meses de folga dos PAC, tiveron que chegar a un acordo final que agora non cumpren.

Dimisión dos xefes de servizo da área de Vigo de atención primaria, practicamente todos, máis do 80 %. Resposta do Goberno naquel momento: discrepar con eles, atacalos, disparar contra eles, pouco menos que dicirlles que eran manipulables e borreguitos.

Sobre as manifestacións que fan os cidadáns, grandes, notorias, nas rúas, ¿que di o Partido Popular? Que a xente vai porque lles pagan bocadillos e autobuses.

¿Que hai baixas nos centros de saúde? Di o señor Feijóo que non se pode organizar un sistema cando hai un 17 % de baixas nun centro de saúde; un profesional nun centro de saúde de seis, un. Permítanme. Voulles contar: hoxe non hai nin o 16 % do Goberno aquí e non imos dicir que iso é un horror para o sistema. Faltaba un profesional nun centro de saúde, nun centro de saúde de seis facultativos faltaba un, e dixo o señor Feijóo aquí neste pleno: non se pode organizar un sistema cando faltan ao seu traballo o 17 % de profesionais; un. E ese tipo de xestión é o que din os profesionais que está sendo un ataque frontal —e éo—.

Houbo unha medida boa en todo isto —é certo—, unha medida boa, pero tróuxoa o Goberno de España: a convocatoria do maior MIR da historia o ano que vén, habilitado polo Goberno de España. Por certo, convoquen todas as prazas que aínda non foron capaces de dicir que as van convocar, non deixen prazas sen convocar, non deixen de formar profesionais que nos fan falta, convoquen todas as prazas.

A través desta situación, o Partido Popular percibe un problema e di que vai cambiar o modelo. Cambiar o modelo supuxo facer moitos papeis, chamar algúns profesionais, non todos; chamar algunhas especialidades, non todas; facer moitos papeis, elaborar un montón de conclusións. ¿Que din os profesionais? Que non se ve nada, que non se percibe nada, que non hai ningunha modificación. Falouse de 102 millóns de euros para a sanidade pero logo empezou a poñerse algún pero: se son en tres anos, en realidade é o incremento que xa existía; basicamente, nada, nada.

Polo tanto, vostedes difundiron facer un modelo —si, está ben—, pero non resulta posible facer crer a ninguén que van apostar por algo no que non cren. Pero deberían dicilo, que é moito máis produtivo e podemos chegar a cuestións moito máis produtivas.

Nós defendemos outras cuestións. Nesta proposta que traemos hoxe aquí defendemos abrir novos espazos de diálogo, porque cremos nun modelo máis aberto, nun modelo que pense que o foco non debe estar como está agora, saturando o profesional facultativo, que é o que pasa agora, que está centrado no médico, senón que debe estar centrado no paciente, e iso debe permitir que o paciente teña moitos servizos en atención primaria, que poidan difundir o traballo entre todos os especialistas.



E, por tanto, debemos de ter e incorporar moitos máis fixos, incorporar os funcionarios de psicoloxía, os logopedas, os traballadores sociais, incorporar máis administrativos. Si. Dende o Partido Popular alguén pretendía que iso puidera parecer unha cousa absurda que propoñamos dende o Partido Socialista. Si, máis administrativos, porque case o 30 % do traballo que fai un médico de primaria hoxe é administrativo e, por tanto, se liberamos eses profesionais de facer ese traballo e poñemos administrativos formados especificamente en ámbito sanitario, podemos liberar traballo para que se dediquen ao ámbito máis clínico.

Por tanto, todo iso é posible, un traballo de máis multidisciplinaria. Fan falta os recursos para poñer máis persoal, que ese é o problema esencial: máis persoal, persoal que existía e que formamos pero que se vai fóra. ¿Por que? Porque temos as peores condicións laborais de España. E que se vai fóra e por iso hai moitos profesionais formados en Galicia que están en Portugal e moitos en Gran Bretaña. E por iso, cando queren estabilizar a súa vida, acábanos facendo fóra de Galicia, e poden irse fóra de Galicia a outras comunidades autónomas, pero non veñen aquí, porque queren facer unha vida estable. E un ano, dous, catro, cinco... poden aguantar, pero non se pode aguantar toda a vida pensando en que un ten que facer —como observamos estes días— contratos cada quince días, contratos cada semana. Para máis aínda, que, cando se denuncia, o Sergas faga o lamentable exercicio de acusación contra os profesionais que fixo. Lamentable e patético o que fixo o Sergas intentando desmentir unha profesional do sistema que tiña os seus contratos enriba da mesa, lamentable e patético.

En todo caso, por aí é onde nós queremos traballar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: —vou rematando— ...por ese modelo multidisciplinar que pode ser unha posible continuación e por unha dotación de máis recursos que agardamos que sexa posible.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: O Goberno do Partido Popular promoveu un modelo que fracasou, e xa que están no tempo de desconto, intenten...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado. Ten vostede outra quenda despois.

Señor Torrado, eu non estaba no debate pero entendo, polo que me dixeron os membros da mesa, que o de «difamador» foi retirado. Seguro que, despois de escoitalo a vostede, o seu ton tamén o retira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios)*

Non, foi retirado. Teño entendido que si. En todo caso, eu pídolle que o retire e seguro que vostede acepta. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, ímolo retirar. Se vostede non o retira, retirámolo nós. Xa está feito, xa está retirado. Seguimos o debate. Grazas.



Polo Grupo Mixto ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: O primeiro é dicir que imos apoiar esta iniciativa, de feito, xa temos apoiado outras no mesmo sentido. E concordamos na pertinencia de presentala hoxe porque, efectivamente, a conflitividade na atención primaria continúa e confírmase porque as profesionais están fartas de que ese diálogo non se plasme en compromisos.

Levamos anos tendo a atención primaria no centro dos conflitos sanitarios tanto por parte do persoal, saturado, como por parte da cidadanía, que se manifesta pola falta de pediatras. Temos estes días, na comarca de Ferrolterra, o persoal dos PAC que non consegue resolver as súas carencias, e continuamente estamos vendo que as profesionais se senten ninguneadas porque houbo ese diálogo, houbo ese paso de crear o Consello Técnico de Atención Primaria, houbo esas mesas de diálogo e integración de profesionais, pero séntense totalmente ninguneadas. Os traballos deberían estar rematados e, sobre todo, xa deberían ser plasmados en compromisos e avances, pero a realidade é que, ao final, é un lavado de cara e un botar a pelota cara adiante.

Presentamos a emenda porque entendiamos que o que solicita o Grupo Socialista é integrar todas esas persoas que estaban traballando nas mesas de traballo; se non é así, é igual, o caso é integrar todas as persoas expertas que estiveron participando e dialogando nas mesas de diálogo abertas para a atención primaria e, sobre todo, que haxa un compromiso temporal para poñer en marcha esas propostas e eses avances.

A realidade é que se di moitas veces iso de que «o que non son contas, son contos», entón, vendo os orzamentos de 2020, vese que a atención primaria cae un 9,88 por cento respecto do investimento no 2009, son eses cento corenta e catro e pico millóns de euros menos, e o aumento de prazas é insuficiente. De feito, en gasto de persoal vemos como hai esa disparidade tremenda na Consellería entre a especializada e a primaria: 71,6 por cento é o gasto de persoal na especializada e 28,4 por cento na primaria. O aumento de prazas é insuficiente. Houbo un recorte de profesionais que non se dá revertido e o esencial é atender estas demandas, porque a calidade do sistema reside, na atención primaria, en que o persoal teña unhas condicións de traballo dignas que lle permita ter tempo suficiente de atención á cidadanía, e en que se acepten esas demandas tanto de limitación da cota de pacientes por día como de non ter que dedicarse a actividades administrativas.

Tamén entendemos que é un parche a modificación do cadro de persoal en lugar de recuperar as estruturas propias de atención primaria, e, sobre todo, a cuestión de que había unha oportunidade nestes orzamentos para comezar a visualizar que se tiña en conta o diálogo con persoas expertas sobre a atención primaria, e non se plasma. É por iso que imos apoiar a moción.

As emendas son unhas cuestións técnicas, igual que o feito —que sempre dicimos— de que para aumentar o persoal é preciso ter transparencia absoluta para poder planificar; transparencia en canto ao número de persoal en cada centro, diferenciando fixo e eventual. Hai moita falta de transparencia no Sergas. Neste sentido, esta é unha das demandas sindicais, coñecer exactamente as previsións de xubilación. Por suposto, tamén, incorporar outros



profesionais na atención primaria, dende a atención psicolóxica, fisioterapia, traballo social, e facer realmente unha atención primaria de saúde forte, que incida na prevención e na saúde pública, o que tamén á postre permitirá reducir investimento noutras áreas da sanidade.

Sen máis, apoiamos a moción, independentemente do curso das emendas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Pasamos agora ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Xa que estamos todas tan alegres e festivas e nos estamos vindo tan arriba, eu vou empezar tamén por facer propósitos de boas prácticas, señor Torrado, e xa que empezou dicindo «en defensa da sanidade pública universal e gratuíta» pois a ver se entón se derroga ese Real decreto lei 16/2012, que foi o que eliminou a sanidade universal e gratuíta, en vez de terlle feito ese mal parche... *(Aplausos.)* ...co Real decreto lei 7/2018, e deixa realmente de haber barreiras para moitos colectivos, que as seguen habendo, e que pasen as boas intencións do papel á realidade.

E vindo á atención primaria, as alarmas sobre a situación da atención primaria seguen totalmente acesas, ¿non?. Non deixamos de ver declaracións por parte dos profesionais de que, meses despois de aprobar ese teórico plan de primaria, non ven melloras, non ven que pase das declaracións á realidade. Viron algunha renovación de equipos informáticos pero pouco máis que iso.

Estamos, efectivamente, en pleno debate de orzamentos e os orzamentos son o instrumento, a ferramenta, con que un goberno actúa para cambiar as cousas, e parece que había unanimidade en que a atención primaria non estaba ben e que había que actuar: un plan de mellora de atención primaria, creación de equipos de traballo, equipos de expertos, non sei cantas medidas, ¡ah!, pero ¡chegan os orzamentos, que é cando hai que poñer branco sobre negro, e resulta que a cousa aí floxea!

¿Que din os orzamentos que presentou o Goberno da Xunta do Partido Popular para o ano 2020?, pois que o orzamento da atención primaria segue 148 millóns de euros menos que hai dez anos, ¡148 millóns de euros menos que hai dez anos! E non soamente en gasto farmacéutico, señor Núñez Centeno, e non só, non, non. Dez anos despois, 148 millóns de euros menos deixaron de investirse, acumulados. Se se fora investindo a mesma cantidade que no 2009, non aumentando, teríanse que ter investido 2.300 millóns de euros nestes anos, e con eses cartos, a situación de atención primaria non ía ser a que está sendo neste momento. ¿Que din os orzamentos? Que en primaria aumenta un 3,74, e de persoal, en xeral, un 3,4. Se resulta que ten que aumentar un 2,2 por aumento de todo o persoal, que é o aumento salarial, e aí hai que aumentarlle o segundo prazo da carreira profesional, ¿que hai de aumento para os aumentos dos profesionais que se están demandando? Non hai. A realidade é que



non hai. Segue habendo aumento para equipos informáticos, mais non para persoal. Non hai aumento de prazas, non hai partidas para ese compromiso do Partido Popular de que se ían ter en conta as conclusións dos grupos de traballo.

E claro, máis alá da exposición filosófica de que «a todos nos preocupa mucho la sanidad» non sei como sen aumentos orzamentarios se van facer efectivos eses aumentos do cadro de persoal; como se van aumentar ou crear equipos multidisciplinares, que é unha das cuestións nas que se está facendo fincapé: como se van introducir psicólogos, psicólogas; como se van aumentar os cadros de fisioterapeutas; a inclusión de logopedistas, de terapeutas ocupacionais, de traballadores sociais; como se van aumentar eses cadros de persoal, como se van introducir, como se van montar eses equipos multidisciplinares que desatasquen as axendas do persoal facultativo e tamén de enfermería. ¡Eu, sen cartos, non sei como van facer! O que demostra é que non o van facer.

Nunca estiveron tan saturados en atención primaria, nunca estiveron tan preocupados. A sobrecarga segue sendo de corenta, cincuenta, sesenta doentes. Saben como empezan a quenda de traballo e non saben como van rematar...

Nós dixemos en múltiples ocasións que os problemas estruturais só se solucionan con decisións estruturais e non con solucións cosméticas, empezando pola capacidade de decisión, de execución, de toma de decisións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e orzamentaria da atención primaria. E o que fixo de momento o Partido Popular —remato, señor presidente— é un cambio no DOG, cambiaron a nomenclatura dos directores de ingresos ou sen ingresos por xefes de primaria e de hospitalaria. Cos cambios de nome non se solucionan os problemas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario Común da Esquerda, ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Efectivamente, é necesario tomar en serio a planificación en materia de sanidade e en materia de persoal. Estamos inmersas aínda nun debate orzamentario neste momento, e xa na comparecencia que tivemos hai un par de semanas na Comisión de Economía trasladamos que os números, tal e como se acaba de trasladar tamén aquí —valla a redundancia— por parte doutras voceiras da oposición, non avalan, dende logo, un posible incremento de persoal, dentro da atención primaria, pero no global do Servizo Galego de Saúde.

Non só porque a perda de investimento social é notable dentro do Goberno da Xunta de Galicia nos últimos dez anos, senón porque a sanidade perde puntos en relación co PIB —xa o



trasladamos na comisión—; agora mesmo representa un 6,05 cando hai máis de dez anos era un 6,63. Ademais, por un elemento que está relacionado con esta iniciativa, e é que o peso da atención primaria con relación á atención hospitalaria segue sendo significativamente inferior do que debera nun orzamento para un modelo que se baseara, fundamentalmente, na prevención e na promoción da saúde.

A maiores disto —xa se trasladou aquí—, anunciáronse unha serie de mesas de diálogo para falar da atención primaria que nós defendemos que foron convocadas para desmobilizar as protestas tanto dos puntos de atención continuada como de atención primaria; desmobilizar esas protestas porque, evidentemente, era negativo para o Goberno do Partido Popular. Era sentar a unha mesa na que, en realidade, esas medidas, ou eses posibles puntos de acordo, non ían estar, en ningún caso, antes da elaboración do exercicio orzamentario, e, polo tanto, cando temos sobre a mesa o orzamento para este ano, a sorpresa é que existe unha continuidade.

No caso das partidas adicadas ao persoal de atención primaria, o persoal estatutario, os funcionarios, nós xa dixemos que o incremento que había era moi pequeno, arredor dun cinco por cento en atención primaria —se non recordo mal— e que non era suficiente se se querían abordar todas esas cousas que anunciaba o Partido Popular. O Partido Popular anunciaba que ían haber unhas subas, anunciaba que se ía pagar o resto da carreira profesional, e todo iso era incompatible con incrementar o persoal porque é evidente que o incremento que hai da partida é tan pequeno que non chega para atender todas esas cuestións. Polo tanto, podemos entender con estes números que se nos ofrecen, salvo que de aquí ás autonómicas, e como anuncio preelectoral, se decida por parte da Xunta de Galicia anunciar unha modificación de crédito ou unha ampliación deses orzamentos, que a realidade é que sobre o papel o que temos non dá para resolver a problemática que podíamos caracterizar —eu creo— de crise no persoal de atención primaria.

E teño que lembrar, en relación coa atención de pediatría, que hai un par de comarcas, como son a comarca de Ferrolterra e varias zonas da provincia de Ourense, que se seguen mobilizando no día de hoxe —hai moitas máis, pero estas mobilízanse de maneira masiva— porque hai un problema gravísimo que creo que é de dereitos básicos da cidadanía e, neste caso, dos nenos e nenas deste país. Desgraciadamente, a pesar de que levamos moito tempo discutindo esta cuestión nesta cámara, tanto no pleno como na Comisión de Sanidade, e que ademais a Xunta ten anunciado que quere tomar medidas, a realidade é que non houbo ningún tipo de medida efectiva dende entón e, polo tanto, estamos nunha situación de absoluto estancamento.

Nós xa advertiram os hai moito tempo da necesidade de formar máis MIR, tamén advertimos da necesidade de trasladar ou de intentar traer os profesionais que se van pola precariedade laboral que temos aquí, moito antes de que se iniciaran esas folgas, porque o debate desta lexislatura xa leva moito tempo, e non se quixo tomar ningún tipo de medida. É evidente que, mesmo que se tomara ao principio desta lexislatura, aínda non teríamos agora ningún tipo de resultado inmediato porque a formación dos profesionais leva tempo e atraer profesionais leva tempo. Pero é evidente que coas xubilacións que temos, canto máis tempo se tarde en tomar medidas para ir suplindo eses profesionais máis avanza a deterioración da asistencia.



Vou rematando.

En canto aos puntos de atención continuada, que se citan outra vez máis na iniciativa, saíu unha noticia esta pasada semana de que os puntos de atención continuada de Pontevedra e do Salnés denunciaban noventa incidencias por descubertos, por falta de persoal, soamente desde xuño, e este é un exemplo. E temos debatido na comisión de sanidade en múltiples ocasións que esta é unha das comarcas que ten máis problemas. Iso impacta directamente co dereito á atención sanitaria e, como xa se nomeou aquí desgraciadamente, temos algúns resultados funestos enriba da mesa que non queremos —creo que ninguén aquí— que se volten repetir.

Nós imos apoiar esta iniciativa. Poderíamos discutir a porcentaxe dos orzamentos xa que estamos todos elaborando as emendas para a tramitación dos orzamentos, pero cremos que é máis importante que exista un acordo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...sobre a necesidade de sentar a falar dunha cuestión que reborda os límites do posicionamento das organizacións políticas e que é realidade na atención primaria deste país: temos unha crise en canto ás carencias de persoal.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

O señor Torrado quería falar de sanidade, eu quería empezar falando de saúde. Eu estou preocupado, como profesional da medicina, pola saúde do señor Pedro Sánchez. Non sabemos se vai resistir catro anos sen durmir ou se vai ter que tomar altas doses de hipnóticos de acción curta (*Aplausos.*). En calquera das dúas hipóteses, creo que a cidadanía non vai saír beneficiada e creo tamén que ao Partido Socialista lle fai falta bastante *Barrio Sésamo*: hai que saber o que é «subir», «baixar» (*Risos.*) «mellorar», «empeorar», «gañar», «perder» e ata «empatar». A empatar tamén hai que aprender. (*Aplausos.*)

Hoxe o señor Torrado trae aquí unha iniciativa que é resesa, está absolutamente sobrepasada, e non se referiu a ela para nada en toda a súa exposición. Fala, por exemplo, da folga dos PAC, que está resolta, ¿e como se resolveu esa folga? Resolveuse con negociación, non con imposicións. Negociouse, resolveuse e desconvocouse. Fala tamén de manifestacións multitudinarias. Eu creo que calquera que revise a hemeroteca darase conta de que esas manifestacións ultimamente non son tan multitudinarias, ¿non?



Nesa mesma iniciativa manifesta que as medidas tomadas na reformulación da atención primaria eran limitadas e non se percibía impacto delas. Esta iniciativa foi rexistrada en xuño deste ano, seis días despois da constitución das quince comisións sectoriais que foran acordadas polos membros do Consello Técnico da Atención Primaria. En seis días, dende logo, parece difícil obter resultados ou demandalos, pero semella que eles, o señor Torrado neste caso, xa querían anticipar o fracaso deste comité técnico ou do grupo de expertos.

Efectivamente, tamén di na iniciativa que participaron nas comisións ou no comité de expertos referentes de políticas sanitarias desenvolvidas por gobernos socialistas e de progreso. A Consellería de Sanidade non é sectaria, invitou o doutor Bengoa —creo que se refiren a el—. O doutor Bengoa, efectivamente, foi consejero de Sanidad del Gobierno vasco nun goberno socialista que —sempre se olvidan— foi apoiado polo Partido Popular e por UPyD. ¡Vaia diferenza! ¡A diferenza é considerable! Pero tamén ese mesmo doutor Bengoa participou como director xeral dun goberno nacionalista do País Vasco, foi asesor do presidente Obama, pero tamén participou na elaboración do informe Abril, un informe que tivo unha repercusión e tivo unhas críticas importantísimas. Eu non sei se este señor é socialista, se este señor é nacionalista, se é demócrata americano, el maniféstase absolutamente independente a nivel de política. Nunha entrevista esta persoa, que é un experto moi coñecido en España e no mundo, o doutor Bengoa afirma que «*La solución que busquemos en Galicia servirá para toda España*» e asegura que «*Galicia ha sido una de las primeras en reclamar un nuevo modelo asistencial*». Ou sexa, que o problema é nacional e Galicia adiántase para buscar solucións. (Aplausos.)

Pero parece mentira, tamén, que se reivindique o señor Bengoa e que se rexeite a presenza na comisión de investigación da señora Beatriz González, ¡acórdense todos vostedes o que se dixo dela! Unha señora que é outra experta de recoñecido prestixio e que participou, ou foi proposta para participar, nunha lista electoral do Partido Socialista e que, ademais, foi nomeada membro do Consejo Asesor de Sanidad en España pola ministra Carcedo. Son os paradoxos socialistas.

Eu non quero falar xa do Plan de primaria do Goberno central, sen medidas, sen execución, rexeitado por todos os colectivos, rexeitado por sindicatos, do que dimitiron os coordinadores, nomeados para ese mesmo plan. Non quero recordar tampouco que nos consellos interterritoriais, dende que goberna o señor Sánchez, non se falou de atención primaria para nada, non se tomou nin unha soa medida para solventar o problema. Falamos xa do Plan valenciano de atención primaria, cen millóns para catro anos e cinco millóns de habitantes, fronte a cento dous millóns para tres anos e dous millóns setecentos mil habitantes galegos.

¿E saben vostedes, señorías, cal foi o incremento orzamentario para sanidade en Valencia este ano? O 1 %. En Galicia, o 3 %. (Murmurios.) Socialistas, Podemos e nacionalistas. ¿Saben vostedes que porcentaxe de orzamento dedica á sanidade pública a Comunidade de Aragón, socialistas, Podemos, Chunta Aragonesista e o PAR? O 30 %, o 40,48 % en Galicia. Eu sei que as comparacións son odiosas e non gustan, seino, pero creo que unha cousa é gobernar e outra é estar na oposición (Aplausos.), unha cousa é predicar e outra é dar trigo.

Pero tamén está resesa a iniciativa despois da presentación dos orzamentos: mil trescentos millóns para a atención primaria, o 32 % do total; incremento de corenta e seis millóns, que



vén representando o 9 % por cento para atención primaria, o 9 % de incremento anual, excluindo a prestación farmacéutica; un incremento de cento dúas prazas comprometido no plan; un aumento histórico das prazas MIR de familia, pediatría e enfermería especialista —dixo o conselleiro que ía convocar todas as prazas—...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...—remato, presidente— ou a extensión do contrato de continuidade. Agora os contratos xa non son dunha semana ou de quince días, son contratos de continuidade de 1 a 3 anos.

Mire, señor Torrado, referíndonos á iniciativa, deixen traballar os expertos e profesionais sen interferencias políticas; os expertos e profesionais son os que saben. O Partido Popular, dende logo, vai esperar polas conclusións dos traballos do grupo de expertos e polo desenvolvemento das medidas do Plan de atención primaria.

E con respecto ao orzamento, vostedes piden un 5 % e este ano en primaria increméntase un 9 %.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Quero agradecer inicialmente os apoios amosados polos grupos Mixto, En Común e o Bloque Nacionalista Galego. Señora Vázquez Verao [...], creo que a emenda 1, tal e como a plantexou, é exactamente o que nós plantexamos. Se terminoloxicamente non era precisa, non a consideramos necesaria porque vai, efectivamente, a ese punto. Incorporamos —iso si— a dúas, que nos parece que contribúe e está ben, sempre enriquece.

Fíxese se estamos nun día moi curioso que aquí falou todo o mundo doutros lugares. Debe de ser un día ledo, ata os nacionalistas empezaron falando de Madrid, ou sexa, que ata é un día interesante... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), hai que celebralo, e está ben. Haberá, seguro, boas novas.

Alégrome da súa preocupación pola falta de sono do señor Pedro Sánchez. Eu agardo tamén, que poidan trasladar a nosa preocupación pola saúde do señor Suárez Illana, que desapareceu na campaña ultimamente, ou algunhas cuestións así que non sei se teñen que ver, ¿non? Pero, en todo caso, nós seguimos preocupados. Non dixo nada. Perdeu vostede, señor Núñez, unha boa oportunidade de dicir algo sobre a aberración lamentable que dixo Abascal dos inmigrantes, ja ver se alguén pode dicilo!, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), porque é importante que o Partido Popular desacredite un pouco a VOX algunha vez. Pero está ben, quero dicir, vostedes poden... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



E logo, se é posible xa que... !Home! eu vía *Barrio Sésamo* —a min colleume un pouco máis tarde—, pero mire, non sei se puxeron este exemplo, eu vou poñer un moi simple para min. A ver se son capaces comigo: cento vinte é máis que oitenta e oito, ¿si? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Cento vinte é máis que oitenta e oito. Somos capaces, ¿non? Si, vale, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. ¡Silencio!

Señor Trenor e señor Blanco. Silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: ¡Claro! Se hai dificultade para ver que cento vinte é máis que oitenta e oito, ¡así lles saen os orzamentos, tamén lles digo!

Non sei se conseguiron roubar moitos votos de VOX dos buzóns, pero —mire— cento vinte é máis que oitenta e oito. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ademais, imos chegar a un acordo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: Se vostedes están de acordo co resultado electoral, fantástico. Nós tamén. Estamos todos de acordo. Vai gobernar un goberno de progreso, todos de acordo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. ¿Pero que lles pasa? ¡Silencio!

Señor Trenor, van dúas veces, xa sei que lle gusta que o chame á orde pero van dúas veces. ¡Silencio! (*Risos.*)

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Se me permiten, hai algunhas apelacións aquí, e eu trouxen unha cuestión sobre Galicia. Vostede falou, señor Núñez Centeno, de Valencia e do País Vasco. Unha apreciación sobre as súas... Fíxense, ultimamente vostedes traen sempre os exemplos do PP valenciano e do PP vasco. Pasan dúas cousas: a vostedes gústalles o PP valenciano e a nós non, e a nós igual nos gusta algo o PP vasco e a vostedes non. Así que igual tamén hai que ver algunha cousa. Faltoulle falar de...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Torrado, remate xa.

O señor TORRADO QUINTELA: ¡Si home, agora vou calar eu cando eles falaren todo o tempo! (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. ¡Silencio!

Van trinta e dous segundos e falou vostede xa de toda a xeografía española. (*Risos.*) Dálles clase aos alumnos, despois contéstanlle e, inda encima, quéixase. Se vai vostede á iniciativa, seguro que non hai problema.



O señor TORRADO QUINTELA: Non, se vai falar vostede máis ca min. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vostede xa rematou o tempo.

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Si? ¿Xa rematei o tempo? Non podo nin dicir o que... Nada.

Se vostede cre, podemos seguir comparando a sanidade galega —como xa fixo aquí— coa aragonesa en función duns criterios, coa valenciana noutros, co Instituto Karolinska que me citou unha vez... Eu falo da galega, e na galega hai cento corenta millóns menos ao ano que hai dez anos, e hai mil catrocentos profesionais menos que hai dez anos. Vostede non foi capaz de falar diso e seguimos falando doutras cousas. Así é imposible que considere que é necesario mellorar a nosa sanidade.

Grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado. Xa rematou, desta volta, o seu tempo.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Consello da Xunta de Galicia do ano 2004 polo que se aproba definitivamente o Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo, así como o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

(O G. P. Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, e a través do seu voceiro Luis Villares Navieira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

<<1. Desenvolver un novo Plan sectorial da rede viaria metropolitana de A Coruña baseado en propostas sustentables como o tren de cercanías, transporte colectivo onde non poda chegar o tren, aparcamentos disuasorios anteriores ás zonas de maior tráfico e nas paradas do tren, etc.

2. En función das conclusións e actuacións do mencionado Plan do punto 1, adaptar o Plan Sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo de 2004, así como o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006, para facelos compatibles cun modelo de mobilidade mais sustentable e menos baseado na accesibilidade dos vehículos privados ao centro de a Coruña.>>)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

A política debe anticiparse aos acontecementos, é dicir, arbitrar solucións aos problemas que se anuncian. A área metropolitana da Coruña hai tempo que anunciaba a necesidade de articular viariamente o seu espazo. O crecemento urbanístico sen deseño nin proxecto coherente e a rede viaria insuficiente e caótica anuncian un serio problema de comunicación se non se lle pon remedio.

Falamos, pois, da vía Ártabra da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo. O lóxico sería un artellamento viario en malla, cunha vía vertebradora da área metropolitana, poñendo en contacto os polígonos industriais sen custo, que desconxestionase o tráfico da cidade, evitando as aglomeracións, e que ademais intercomunicase a AP-9 coa A-6 e coa N-VI. Todo isto debera ser a vía Ártabra e os viais complementarios.

Así, o vinte de setembro publícase no DOG a aprobación definitiva do Plan sectorial da rede viaria que afecta os concellos xa anteriormente ditos. Era conselleiro de Política Territorial o señor Núñez Feixóo.

O plan sectorial nace coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas, e para iso define determinacións de política de intervención territorial que comprometen aos documentos que o desenvolvan. Ese algo máis está en revitalizar económica e socialmente a área metropolitana, porque nas reunións previas nas que se cociña este plan sectorial establécense estas condicións básicas: potenciar a actividade comercial, ao mellorar a accesibilidade intrazonal que actúa como elemento potenciador desa actividade; e aumentar o equilibrio territorial e a cohesión social. E, claro, unha condición elemental para conseguir estes fins sería a liberalización da peaxe. Para potenciar a penetración polas vías de alta capacidade como a AP-9 ou a A-55 considérase necesaria a liberalización da peaxe nos tramos da área de estudo.

Á súa vez, a permeabilización da autopista do Atlántico, a través dos novos enlaces, dotaría dunha maior accesibilidade zonas como o aeroporto de Alvedro ou a ría do Burgo. En concreto plantéxase realizar un enlace na Corveira, na área de servizo do Burgo, mellorar o enlace da Barcala e completar o enlace en Catro Camiños —repito, sen peaxe—.

No acordo de aprobación definitiva do plan sectorial, como en Cambre non estaba definido o trazado, tómase a decisión de que sexa o propio Concello quen redacte a proposta de trazado deste tramo. E en febreiro de 2006 o Concello de Cambre redacta un proxecto do acordo, axustado ás exixencias do plan sectorial consensuado con anterioridade. A Xunta de Galicia aproba provisionalmente este proxecto de trazado con variacións substanciais que non se axustan nin ao aprobado en pleno polo Concello de Cambre nin ao plan sectorial, o que é máis grave. E así a conexión coa AP-9 non contempla o nó de Catro Camiños con peaxe libre



en todas as direccións, e incorpora unha pata de conexión coa AP-9 na posición do lugar de Armental coa área de peaxe. O tramo entre a AP-9 e a A-6 defínese con características de vía de alta capacidade e non de estrada normal, tal como estaba previsto. Non se realiza o nó previsto en Bribes.

E en abril de 2009 a Xunta de Galicia acorda a aprobación definitiva do proxecto de trazado sen atender ás alegacións e a pesar de que o documento non se axusta ás determinacións antes descritas do plan sectorial. A escusa naquel momento é que Fomento non permite a conexión libre de peaxe. E en maio dese mesmo ano, o Concello de Cambre, ao non recibir xustificacións polo rexeitamento das alegacións presentadas e pola absoluta desconsideración respecto destas, presenta un recurso de reposición, que a día de hoxe, dez anos despois, non ten resposta.

Transcorridas un cento máis de vicisitudes —reunións e mocións no Concello, acordos dos alcaldes e iniciativas— a finais de febreiro do presente ano presentáronse oficialmente as obras do novo tramo da vía Ártabra, sacaron á licitación o plano entre a nacional VI e a AP-9 por arredor de 40 millóns, e cun prazo de execución de trinta e seis meses. A presentación de ofertas finalizou o primeiro de abril pasado, e todo viña indicar que as obras comezarían neste verán. E así foi.

O Goberno galego decidira facelo en dúas fases: o tramo entre a nacional VI e a AC-221, de 3 quilómetros, máis o enlace co polígono do Espírito Santo, de 1 quilómetro; e mais un modificado da AC-221 e a AP-9, á espera da autorización do Ministerio de Fomento. Estas dúas fases fanse por, aproximadamente, como dixemos, 40 millóns. A primeira fase, xa licitada, está executándose; e a segunda fase, o tramo da Gándara, está sen licitar pero con máquinas traballando —facendo talas, desbroces e traballos múltiples—. Está sen licitar e sen o debido permiso de Fomento nin acordo preceptivo con Audasa.

E aquí estamos, coa normal legalidade en entredito. Vexamos, un Goberno que actúa de xeito, digamos, irregular, ou digamos forzando a legalidade, ou digamos facendo o que lle peta a el e aos intereses que protexe, que non son os dos cidadáns. ¡Vaia!, que pincha e corta por onde lle peta e lle dá a gana. Exemplaridade.

Porque logo de máis de dez anos de espera do recurso de reposición presentado polo Concello de Cambre, non se sabe nada. É necesario dicir que o trazado que se propoñía desde o Concello de Cambre, e que hoxe defenden os veciños afectados, era de 1,8 quilómetros máis curto, e só afectaba a tres casas e sen invadir e destruír espazos naturais. Mentres que o proxecto que a Xunta impón —repito, impón— derruba 44 casas, é máis longo e dana o humidal da Gándara, que ocupa 50.000 metros cadrados —esa ocupación e estrago—, entre outras desfeitas. Porque se vai licitar —eu diría que están xa traballando, polo que se ve e polo que desde o Concello de Cambre nos din— esta segunda fase, para a que non hai permiso de Fomento e non hai acordo con Audasa —repito— visible. Claro que, acordo haino, seguro, con peaxe.

Porque polo medio houbo reunións de alcaldes da área metropolitana, e continúan apostando polo máis sensato e racional, que vén a ser articular a rede viaria en malla e preservar as



zonas que deberán actuar como pulmóns dunha área metropolitana que vai incrementar considerablemente a súa densidade e que precisará desta preservación. E rexeitan, ademais, as peaxes.

Segundo os estudos de densidades de tráfico de todo o tránsito captado pola vía Ártabra, entre a nacional VI e a AP-9, a captación maioritaria, é dicir, os dous terzos, procedería da nacional VI. Polo tanto, tráfico canalizados pola nacional VI cara á cidade da Coruña serán transferidos á AP-9 a través da vía Ártabra e tamén do vial 18, ¡con peaxe!, ¡negocio! Óptase así por facer da nacional VI case unha vía urbana, facendo máis beneficioso optimizar o aproveitamento do corredor que supoñería a AP-9 como vía de alta capacidade en tránsito, e algo moi interesante —repito—: ¡con peaxe!

E aquí estamos denunciando unha amasada, unha estraña operación de confraternización con esa Audasa da AP-9, que unha vez máis modifica e dirixe as actuacións da Xunta do PP no mutuo beneficio, e que deixa fóra a oportunidade de articular con xeito a mobilidade da área metropolitana da Coruña con visión de futuro.

Sen permiso de Fomento, sen acordo público con Audasa, de xeito indecente, vostedes van levar adiante a modificación ilóxica e lesiva dun proxecto. E se Fomento non dá permiso, ¿que facemos coas obras feitas?, ¿que facemos con elas? ¿Un tobogán para saír disparados? E se Audasa non chega a un acordo —que seguro que si chega, que é ela quen manda—, os diñeiros investidos nun tramo morto ¿quen os vai repoñer? ¡Señor, señor! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde de novo.

Bueno, falabamos hai un rato de cambio climático, e o Bloque Nacionalista Galego tráenos unha iniciativa de recuperar un plan de mobilidade para a área metropolitana da Coruña de hai quince anos no que todas as actuacións, analizando unha por unha, son cemento e asfalto. Todo é cemento e asfalto para que máis vehículos privados poidan chegar ao centro da Coruña, aos centros comerciais e aos polígonos industriais. A nós parécenos que iso é totalmente insostible. Non se poden xa desenvolver políticas de mobilidade con estes plantexamentos. E por aí vai a nosa emenda.

Pensamos que o que habería que reivindicar —e En Marea así o reivindica— ao novo Goberno, que esperamos que en breve poida poñerse en marcha, é que nos orzamentos do 2020 financie o estudo dun novo plan de mobilidade da rede viaria metropolitana da Coruña baseado noutros criterios radicalmente diferentes. Falaba eu antes de que enfrontar o cambio climático implica tomar medidas radicais, e parécenos que esta é unha delas.

Por iso, nós plantexaríamos retirar todo ese proxecto e exixir a redacción dun novo baseado en propostas sustentables, como o tren de cercanías, tendo en conta, sobre todo, que a rede xa está, simplemente hai que acondionala, electrificala. Son investimentos que probable-



mente sexan moi inferiores ao que implicaría todo este plan de cemento e asfalto. Chegaríamos a unha rede de cercanías nun entorno con case medio millón de habitantes. Incluso podería chegar ata Ferrolterra, que podería cambiar totalmente —iso si que cambiaría— a vida de toda a área metropolitana da Coruña. E, xa digo, podería chegar ata Ferrol, Betanzos, e incluso máis alá aproveitando tamén a liña de tren que vai cara a Lugo.

Por iso nós plantexamos o desenvolvemento dun novo plan que plantexe a implementación, o máis rápido posible, de toda a rede de cercanías na área metropolitana da Coruña, con transporte colectivo onde non poida chegar o tren e que, en vez de ter que entrar na Coruña, chegue ás estacións que se poderían poñer en marcha en toda esa rede metropolitana de cercanías, con aparcamentos disuasorios anteriores ás zonas de maior tráfico e tamén nas paradas do tren. Isto non é un invento, isto é o que se está a facer en todas as cidades, en todas as metrópolis máis desenvoltas de Europa.

Non ten sentido mellorar a canalización do tráfico privado para chegar a embudos, como pode ser a avenida de Alfonso Molina, ou a ponte da Pasaxe. Si, despois podemos tamén meter máis asfalto e máis cemento, e duplicar o tamaño da ponte da Pasaxe, ampliála. Aos traballadores que van traballar á Agrela, que van traballar a Pocomaco, á xente que vai comprar aos centros comerciais, o que lles gustaría é non ter que coller o coche. E por aí debería de ir o futuro.

Por iso, en función das conclusións deste novo plan de mobilidade, é como se debería de adaptar o plan sectorial da rede viaria de toda a área metropolitana da Coruña. E iso é o que nós reclamamos, e por aí van os dous puntos da nosa emenda.

Xa digo, non hai que seguir plantexando máis cemento e máis asfalto, non hai que seguir plantexando que a solución é que os vehículos privados cheguen aos lugares de destino, senón apostar por rutas alternativas que —xa digo— non son ningún invento, e que é como de verdade a vida dos cidadáns e das cidadás de toda a área metropolitana da Coruña cambiaría verdadeiramente de maneira radical.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Por parte do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ten a palabra o señor Jove González.

O señor JOVE GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todo o mundo.

Anticipo que desde o noso grupo imos apoiar esta proposición, non sen antes observar que unha vez máis nos encontramos aquí cunha boa mostra do marasmo político da década perdida do goberno do PP, unha obra anunciada hai quince anos —e que agora se está iniciando en dúas fases— xa sendo daquela conselleiro de Política Territorial Alberto Núñez Feijóo. Menos mal que estes tempos están a punto de superarse.



Sobre a primeira fase desta obra, a que leva desde a nacional VI á estrada AC-221, como ben xa indicou un deputado antes, estase a facer. Temos o proxecto, e as obras están en marcha. O que máis nos sorprende é que tamén estea en marcha a obra do segundo tramo, e que non estea licitada nin estea proxectada nin estea anunciada en ningún lugar. Sen embargo, están as máquinas na Gándara, nos concellos de Oleiros e de Cambre, obrando alí. A ver se alguén nos pode explicar como pode acontecer isto.

Son obras que a Xunta fai sen o consenso necesario, ademais, co resto das administracións —especialmente co Ministerio de Fomento e co Concello de Cambre—, e levando por diante os acordos que foran creados ao redor dela no xa lonxano 2004.

¿Como pode a Xunta iniciar unha obra sen que aínda non teña resposta do Ministerio de Fomento sobre a súa idoneidade e que está a xerar un alto rexeitamento social por parte da veciñanza, do tecido empresarial, dos concellos e de colectivos en defensa do medio ambiente? ¿Como pode ser que dez anos despois o Concello de Cambre aínda non teña resposta ao recurso de reposición que presentou no 2009?

Son boas preguntas. Entendemos que a Xunta, cada vez máis illada, cada vez máis facendo unha política máis unilateral, sen contar con ninguén, pois avanza sen ningún tipo de consensos. E hai outra maneira de facer as cousas, como, por exemplo, as cousas que se fan como se fixeron dende o Concello da Coruña, sendo alcalde Xulio Ferreiro, para fomentar, propoñer e impulsar a área metropolitana da Coruña, coa Declaración de María Pita, asinada e ratificada polos alcaldes e alcaldesas da Coruña, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada. Aprendan un pouco a xerar consensos, aprendan un pouco como se fai a política desde abaixo e horizontalmente.

«Esta declaración» —leo textualmente— «busca unha estratexia compartida e un obxectivo común: poñer o foco na xestión democrática das interdependencias na construción da área metropolitana, xestión cimentada no liderado representativo e participado desde o eido local na escala máis próxima, e no acompañamento dunha cidadanía activa e comprometida na cooperación e na colaboración entre actores e axentes sociais, e na cohesión arredor dun proxecto común de futuro; cooperación e colaboración como elementos fundamentais cara á creación dun tecido en rede de interconexións viarias libres de peaxe nos concellos das Mariñas». Porque isto tamén é fundamental, que estas conexións sexan libres de peaxe. É de xustiza a devolución e a gratuidade da AP-9, máis que amortizada, cun prezo elevado e cun mantemento máis que deficiente —como xa se explicou nun tema anterior neste mesmo pleno—.

Sobre a infraestrutura da que estamos a falar hoxe asúmese nos estudos preliminares que as dúas terceiras partes dos vehículos que a empregarán provirían da nacional VI cara á AP-9, con dirección ou orixe na cidade da Coruña. Segundo datos da propia Xunta de Galicia e de Fomento, diariamente entran na cidade da Coruña 273.544 vehículos, sendo A Coruña, ademais, un auténtico funil. Non nos parece que isto vaia solucionar nada, parécenos unha medida, desde logo, que é necesaria pero que ten que ser acompañada con outras medidas máis. E, insisto, coa gratuidade por diante, sen peaxes, sen peaxes na sombra.



Curiosamente ningunha cidade galega está conectada gratuitamente coa AP-9. Isto estáboo pensando cando facía estas notas, ata que caín na conta de que si, de que hai unha cidade que está conectada gratuitamente e que se fixo cunha obra dunha maneira áxil e decidida para conectala, a Cidade da Cultura, o monte Gaiás.

Ademais, a Xunta anuncia unha ubicación da conexión coa AP-9 decidida unilateralmente —a apenas un par de quilómetros de distancia coa acordada no 2004 en Catro Camiños— no lugar da Gándara, un lugar dentro da reserva da biosfera das terras do Mandeo, un lugar declarado zona tapón para o lugar de interese comunitario do encoro de Cecebre, que realmente é un verxel, é un paraíso, un lugar que habería que protexer. Non entendemos o porqué desta ubicación, desta conexión, que aí non beneficia a ninguén, posto que no lugar de Catro Camiños xa existe ese nudo comunicativo que axuda a saír a estes concellos. Entendemos que non é a ubicación idónea, entendemos que xera un gran rexeitamento; e entendemos que, desde logo, o que hai que facer é o que pon nesta camisola: «defender o tren». *(O señor Jove González sinala unha inscrición que leva na súa camiseta.)* Esta é a camisola da Plataforma do tren das Mariñas, que defende un tren de proximidade que si que axudaría a isto. E non pode ser que, por exemplo, no concello de Cambre —o que nos ocupa hoxe— só haxa un tren capaz de chegar á Coruña de ida e volta no día —que sae ás 10 da mañá e volve ás 7 da tarde—, nun concello con 25.000 veciños e veciñas. Non pode ser que o apeadoiro do Burgo non teña unha conexión fluída coa cidade da Coruña.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor JOVE GONZÁLEZ: Si, remato, señor presidente.

¡Non pode ser! Entendemos que, igual que á Xunta lle parece imposta unha petición de que a AP-9 se transfira á Coruña, tamén debería impulsar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor JOVE GONZÁLEZ: ...e tamén debería respaldar unha petición dun tren de cercanías de calidade na comunidade autónoma galega; que, por certo, xunto con Estremadura, é a única que non dispón no día de hoxe deste servizo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Jove.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado. *(Murmurios.)*
(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Perdón. Por iso estaba despistado... ¡O despistado son eu!

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Xa se están preparando co cambio, ¿non? *(Risos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, xa a tiña marcada. (Risos.)

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non, non, é pensando xa no futuro cambio. Está ben, señor presidente.

Moitas grazas.

Boa tarde, señores e señoras deputadas.

A vía Ártabra é unha obra planificada xa no ano 2001 cos obxectivos de aliviar, por unha banda, o volume de vehículos nas estradas da área metropolitana da Coruña e, por outra, de actuar como unha vía de cohesión territorial. En 2004, cando se aproba o plan sectorial, e sendo conselleiro o señor Feijóo, pois nace este plan sectorial coa premisa de ser algo máis ca un plan de infraestruturas de rede viaria. E por iso define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan, como son a potenciación da actividade comercial, un maior equilibrio territorial, cohesión social e a liberalización das peaxes.

A prolongación a día de hoxe da vía Ártabra é indispensable, posto que na actualidade só se inicia en Lorbé e desemboca en Iñás, na nacional VI, sen cumprir con ningún dos obxectivos previstos e tendo unha intensidade de tráfico moi inferior á esperada porque non conta coa conexión necesaria coas vías de alta capacidade para chegar ás áreas urbanas.

No Consello da Xunta do 21 de febreiro deste ano —é dicir, dezaioito anos despois da súa planificación— autorizouse a licitación das obras de inicio da primeira fase de prolongación da vía Ártabra ata a autoestrada AP-9; é dicir, dende a nacional VI ata a estrada autonómica AC-221, de San Pedro de Nós a Mabegondo. A referencia do Consello dese día di que a Xunta de Galicia investirá máis de 35 millóns de euros nesta infraestrutura libre de peaxe co obxectivo de articular unha vía transversal para os tráfico de entrada á cidade a través da nacional VI, a AP-9 e a A-6. Tamén di na nota do Consello que a vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia, definida no plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, co obxectivo de mellorar as comunicacións na área da Coruña. E tamén sinala que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra do entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión.

Ben, a obra autorizada incumpe co obxectivo fundamental para o desenvolvemento da área metropolitana da Coruña, como é a cohesión territorial, circunscibíndose só á conexión coa AP-9. Polo tanto, o que fai é incrementar a densidade de tráfico pola avenida de Alfonso Molina, que xa de por si é unha vía urbana demasiado saturada.

A vía Ártabra ten que ser unha verdadeira conexión entre os concellos afectados, unha verdadeira conexión do conxunto dos polígonos industriais do cinto metropolitano e unha verdadeira conexión entre as instalacións portuarias. Xa que logo, é necesario priorizar a conexión da vía Ártabra coa A-6 e que se converta nunha verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa A-6 e a Terceira Ronda, sen custos de peaxe. A conexión coa AP-9, tal



como está pensada agora mesmo, é unha opción parcial e cativa para todo o contorno metropolitano, que favorece os intereses dunha concesionaria —Autopistas do Atlántico— e posiblemente outros intereses privados.

Nós descoñecemos, dende o Grupo Parlamentario Socialista, se a Xunta de Galicia a día de hoxe ten feitos os deberes, e preguntámoslle ao Grupo do Partido Popular se a Xunta de Galicia acordou con Audasa a modificación do actual contrato concesional. ¿A Xunta de Galicia ten preparado o convenio que, con carácter previo á execución das obras, ten que ser asinado polas tres administracións implicadas?

Mire, señor deputado, voulle ler literalmente —textualmente— o informe que foi reiterado en varias ocasións á Xunta de Galicia e tamén —na mesma literalidade— cando gobernaba o señor Mariano Rajoy no Goberno do Estado. Di —e leo textualmente—: «*La actuación solo podrá autorizarse si de la misma no se deriva repercusión económica negativa alguna para el Estado, teniendo en cuenta que en cualquier caso es necesario modificar el actual contrato concesional con el titular de la concesión para cualquier actuación en la autopista AP-9. Es necesario subscribir, con carácter previo a la ejecución de las obras, un convenio entre las tres administraciones implicadas que dé respuesta a todas las cuestiones planteadas. A fin de asegurar lo anterior, previamente a dicho convenio entre las tres administraciones, debe existir un acuerdo previo y necesario entre la Xunta de Galicia y la sociedad concesionaria Audasa en lo relativo a la ejecución y financiación de las obras, de tal forma que se asegure...*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: *...que en ningún caso el Ministerio de Fomento asumirá compromisos económicos».*

Polo tanto, queremos saber se a Xunta de Galicia ten os deberes feitos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Vou simplemente manifestar o noso voto a favor desta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Agora si ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Como xa recordou algún dos voceiros anteriores, a Xunta ten en marcha —en execución xa desde agosto— un investimento de 40 millóns de euros para prolongar a vía Ártabra ata a



AP-9, a maior licitación de estradas da Xunta, pagada con fondos propios e vía orzamentaria, nesta década, e para executar unha obra necesaria, demandada na área da Coruña e libre de peaxe, ¡libre de peaxe! (*Murmurios.*) A obra da Xunta é libre de peaxe, tanto a que está funcionando da vía Ártabra —70 millóns investidos— como a que está facendo. É libre de peaxe, como todas as que fixo o goberno de Feijóo nestes dez anos, todas libres de peaxe. (*Aplausos.*)

Tamén —como dicían— vai en dúas fases: a primeira é ata a AC-221, para poder conectar a mellora do enlace co polígono do Espírito Santo —está plantexada así, polos que falan de sostibilidade—; e a segunda está pendente dun informe do Ministerio de Fomento. E por iso para aí. Non se vai executar neste momento ningunha obra na que, se se cambia o enlace, se perdan cartos —sen a autorización—. Non é verdade. E se está facendo algunha obra esa empresa, ou quen queira, fóra do ámbito autorizado, as competencias son do Concello de Cambre e pode levantar perfectamente unha inspección. Porque as competencias en obras sen licenza ou autorización son municipais. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —Por iso, pero non é verdade.— Por iso non levanta eses informes. Ou non me diga que está eximíndose do seu labor o Concello de Cambre.

En calquera caso, desde hoxe temos que estar tranquilos. Porque o punto 1, 2 e 4 son competencias do Goberno central. E hoxe xa sabemos dun acordo. Ademais estamos seguros de que subirá ese número de 155 a 156, porque o BNG tamén se incorporará. E seguramente con Máis País serán tres máis. Estou seguro de que toda a oposición estará apoiando ese goberno. E teñen eles a capacidade de decisión de se ese enlace vai por un sitio ou por outro, porque son eles os que informan e autorizan —hoxe está xa autorizado o proxecto—. E tamén é competencia dese Goberno socialista, con Podemos e BNG, decidir se hai ou non peaxe na AP-9 —non na vía Ártabra—, porque a peaxe págase na AP-9, non na vía Ártabra, que vai libre de peaxe. (*Fortes murmurios.*)

En calquera caso, espero que a señora Rumbo non estea plantexando que o que queren que fagamos sexa o mesmo que aquel acordo de Touriño, que nos custaba 7 millóns de euros/ano aos galegos, que pagabamos unhas peaxes na Barcala e en Rande —do Goberno central e a custa dos orzamentos dos galegos—, de case 400 millóns de euros no que durara a concesión. Espero que ese non sexa o plantexamento. As decisións da peaxe da AP-9 non as negocia... Quen negocia coa AP-9, señora Rumbo, é o Goberno central, que é unha vía estatal. (*Murmurios.*)

En calquera caso, para facer esa malla da que falamos primeiro hai que chegar á AP-9 e logo tirar ata a AP-6. Pero hai que darlles sentido aos 70 millóns de euros que xa están investidos e que dan continuidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Pero, claro, a min do BNG non me estraña que vaian contra os seus propios actos. Porque temos que recordar que, bueno, a verdade é que o fan sempre. Cada vez que hai unha infraestrutura, van en contra. Xa o intentaron na Costa da Morte, levándoo á Fiscalía. En cinco días arquivárono —cousa que agradecen os veciños da Costa da Morte—. Agora queren facelo coa vía Ártabra. ¡Pero con decisións que son do BNG, do Go-



berno bipartito! Porque esqueceu dicir que a aprobación do estudo de trazado e a aprobación da declaración de impacto ambiental se fixo con Emilio Pérez Touriño de presidente do Goberno e co Bloque Nacionalista Galego. ¡Iso é o que esquecen dicir! E a decisión deste trazado, miren o que lles vou dicir, a pesar de que está feita polo Goberno bipartito, co BNG, estou seguro de que está ben feita, porque confío na decisión técnica dos enxeñeiros e dos técnicos da Xunta e da xente que traballou neste tema. A pesar de que foron vostedes os que aprobaron esta vía.

En calquera caso, o enlace da Gándara non é unha decisión política, é unha decisión técnica. En calquera caso, teñen na man deste novo Goberno a autorización no outro punto, pero saben que non é verdade. Porque, señora Rumbo, vou lerlle eu tamén o que mandou o señor Ábalos en xaneiro de 2019 sobre isto. Di: «De acordo cos informes do Ministerio de Fomento, incluírase unha explanada na cal sexa posible instalar unha área de peaxe previa ao novo enlace da Gándara». Isto é o que ten que decidir o novo Goberno, se se vai opoñer ou non, ¡iso! Non o Goberno da Xunta, que fai a obra da vía Ártabra sen peaxe.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Por certo — só por aclarar un tema —, infórmese ben, porque a contestación ao Concello de Cambre chegou hai un ano.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Xa ten a contestación ás alegacións desde outubro de 2018.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Confírmeo porque a teñen desde hai un ano. Infórmese ben. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Señor Martín, libre de peaxe. E, daquela, ¿por que este trazado? Non, non, pero, daquela, ¿por que este trazado? Porque, mire, se o PP tivese claro desde o principio que ía ser libre de peaxe, nunca optaría por este trazado, que é o máis longo, o máis lesivo... Non, non, é o máis irracional, aínda que estea amparado por un técnico, éme igual. O asinamento dun técnico non dá carta branca nin dá carta de fiabilidade. *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)* De verdade que non, ¡caramba! ¿Que Bipartito? Vostedes están, de verdade, traumatizados co Bipartito. ¿Fíxolles tanto dano? ¿Fíxolles tanto dano? *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* ¿Demostrámoslles que se podía gobernar e que se podían facer as cousas ben? ¡Que caramba! Saquen iso, vaian a un psicólogo, de verdade; vaian a un psicólogo, que lles fai falta. *(Murmurios.)*



Miren, vostedes teñen o valor de... A min recórdanme —perdoen, non quero ser ofensivo— a aquel can con aparencia de bonachón, os mastíns, ¿non?, que, cando fan así (*O señor Rivas Cruz move a cabeza para os lados.*), salpican a todo quisque, menos a eles; salpican de baba a todo quisque. E vostedes agora: isto é do concello, isto non sei que... Pero vostedes no fondo están optando por un trazado que é ilóxico, é longo, é lesivo para o medio ambiente e, ademais, fastidia 44 vivendas —e é máis longo—. (*O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Con quen negocian? De verdade, ¿con quen negocian vostedes? Porque no fondo das súas propostas sempre hai un negocio que se sabe despois.

De verdade, mire, nós non entendemos como vostedes, bandeira do coruñesismo, discriminan, como permiten que A Coruña, a cidade da Coruña, estea discriminada. En Vigo a autovía está libre de peaxes para facilitar as comunicacións coa área metropolitana; en Santiago, tamén; en Pontevedra, tamén e na Coruña, ¿que? Agora resulta que imos ser os do BNG que imos enarborar a bandeira do coruñesismo e da... ¡Home, non me fastidie! ¡Por favor! Non cambien as cousas.

Mire, vostedes ultimaron o proxecto de expropiación de todo o tramo da Gándara sen ter os permisos de Fomento e sen ter o previo de Audasa. ¿É chulería, é prepotencia ou que é? É abuso.

Mire, ¿sabe que o Concello identificou hai dous ou tres días as empresas en subcontratas que están traballando xa? Claro, ¿que queren, xudicializar o problema? Tiñan unha présa tremenda, porque agora van dicir: ¿é que están en contra do progreso? Vostedes utilizan sempre a mesma artimaña. Parece mentira que este país non descubra como fan vostedes. Vostedes son así, así, ademais van de bonachóns e vana... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) De verdade, non, non estou de broma, estou en serio, ¡caramba!

Señor Casal, mire, de verdade, ese discurso é noso, claro que si; o discurso que vostede fixo é noso, claro. Pero no inmediato, con realismo, con esta xente no Goberno, ¿que facemos? ¿Paramos, deixamos todo en suspenso? ¿E que lle ofrecemos á cidadanía?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: A curto prazo a poboación desta área, ¿que queda, sen comunicación de ningún tipo, con engarrafamentos, con problemas de tránsito continuados, cunhas infraestruturas do século pasado?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor RIVAS CRUZ: A longo prazo é a nosa proposta, pero antes teremos que convencer e que conquistar o poder político e o poder cidadán e despois falaremos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.



Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e dous deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego de auditorías ambientais en toda a Administración pública autonómica, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos, así como a verificación do grao de cumprimento do Regulamento europeo 1221/2009 e da Decisión 2019/61

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-004135, doc. núm. 55910).

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a verificar, antes do remate da presenta lexislatura, o grao de cumprimento na totalidade da Administración pública galega do Regulamento (EU) 1221/2009 e da Decisión 2019/61 (relativos á mellora das prácticas de xestión e auditoría ambiental na administración) e a poñer en marcha de maneira gradual o sistema “EMAS”, cando menos nos seguintes ámbitos:

- 1. Aumento da eficiencia enerxética nos edificios públicos.*
- 2. Mellora no tratamento dos residuos.*
- 3. Mellora na mobilidade sustentable a través da potenciación do uso do transporte eléctrico.*
- 4. Melloras prácticas de xestión ambiental no subministro de auga.»)*

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir na súa política de xestión ambiental a Decisión (UE) 2019/61 da Comisión do 19 de decembro de 2018 relativa ao documento de referencia sectorial sobre as mellores prácticas de xestión ambiental, os indicadores sectoriais de comportamento ambiental e os parámetros comparativos de excelencia para o sector da administración pública no marco do Regulamento (CE) n.º 1221/2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS).»)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra, para formular a proposición non de lei, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas de novo.

O medio ambiente é o soporte vital para a humanidade. Isto nalgún momento esqueceunos, e hoxe esta situación está a piques de volverse irreversible. O cambio climático está a ter a día de hoxe importantes consecuencias sobre a saúde, xa non só ambiental, como a das persoas, senón que tamén é unha ameaza emerxente contra o planeta. O cambio climático é un problema global pero, para combatelo, tense que actuar a escala local. Así é como o recoñecen dende a propia Federación Española de Municipios e Provincias.

Os ecosistemas entendidos como a combinación dos compoñentes físicos e biolóxicos dunha contorna forman conxuntos complexos que actúan como unha unidade. O seu mantemento é indispensable para a saúde das persoas. Na súa base atópase a biodiversidade e inclúe, entre outros, a dispoñibilidade da auga, a produción de alimentos, o control de pragas, etc. Son todos estes elementos necesarios para preservar a nosa saúde, para preservar o noso benestar.

Só nos últimos cincuenta anos a acción humana orixinou unha perda de biodiversidade con carácter irreversible superior á producida en toda a historia da propia humanidade. Os cambios realizados xeraron grandes ganancias e desenvolvemento económico, pero foi todo isto a expensas da degradación dos ecosistemas e da acentuación da pobreza de moitas persoas, poñendo en risco os beneficios de xeracións vindeiras.

É urxente reverter a degradación dos ecosistemas e é urxente ao mesmo tempo satisfacer a crecente demanda dos seus servizos. A actividade humana está exercendo tanta presión sobre a función natural da terra que xa non se pode afirmar que esta terá capacidade para sustentar xeracións vindeiras.

A intervención humana está alterando gravemente os ecosistemas, destruindo a biodiversidade e contaminando o medio natural, a través, por exemplo, da contaminación dos alimentos, das augas, dos residuos farmacéuticos, dos vertedoiros, do aire, e Galiza, por desgraza, non queda á marxe.

Algunha das causas da crise climática que temos hoxe no noso país son os incendios forestais. Máis do 70 % dos grandes incendios forestais que se producen en todo o Estado español pasan aquí, na Galiza, o 70 % dos grandes incendios forestais. Esa é unha causa suficiente para alarmarnos.

Outras causas son: emisións de gas á atmosfera, dende o uso máis insignificante dun spray ata as emisións das grandes fábricas, como a da central térmica das Pontes; a contaminación das augas e a non depuración das mesmas; o uso de plásticos sen control; temos as nosas rías e as nosas praias xa cun grao elevado de microplásticos. En definitiva, a man das persoas



vai rematar por acelerar unha crise climática á que non imos ser alleos e, se non lle poñemos freo, vainos levar irremediabilmente a un caos climático no que só estamos a ver as primeiras consecuencias, como cos lumes —que, ademais, aquí, no noso país, sabemos bastante disto—, cos incendios forestais, que moitos anos nos asolan, ou coas riadas que vimos pola Península ao longo deste ano.

E estas causas da crise climática tamén teñen as súas consecuencias para Galiza: veráns máis quentes e secos, temperaturas que non se acadaran nunca no noso país estámolas a acadar agora, incremento das temperaturas medias anuais, invernos con moi pouca choiva, sarabias durante case todo o ano. Por contraste, cando se producen fenómenos meteorolóxicos típicos, como pode ser unha tormenta ou unha nevada, veñen a deshora, e isto acaba provocando danos importantes como os que houbo o ano pasado, que miles de árbores perderon pólas polo propio peso que tiveron que soportar cando estaban na floración, ou que grandes cantidades de auga en pouco tempo produciron inundacións, afectando o sector agrogandeiro.

Outras consecuencias para o noso país poden ser a invasión das especies que non son autóctonas, das especies invasoras, como pode ser a avésa do castiñeiro, como pode ser a *vespa velutina*, como pode ser a invasión de especies que asolagan as nosas augas limpas, matando a vida que hai nela, como pode ser a cianobacteria nos embalses. Ou outras especies animais, como pode ser o caranguexo americano ou o sapoconcho de Florida, o que fai que teríamos que empregarnos a fondo para combater esta expansión descontrolada.

Neste contexto xorde a primeira norma recoñecida, a EMAS, un regulamento da Unión Europea relacionado co sistema de xestión ambiental que facilita a participación de xeito voluntario das organizacións dos diferentes sectores industriais no Programa europeo de ecoxestión e ecoauditoría, co fin de protexer a economía e o medio ambiente.

O regulamento desta norma solicita aos diferentes estados membros da Unión Europea o establecemento de estruturas administrativas que apoiem o programa e que permitan que as organizacións participen voluntariamente desenvolvendo políticas e accións relacionadas co medio ambiente e co desenvolvemento sostible, tal e como se establece no tratado da Unión Europea asinado en Maastricht alá xa polo ano 1992. O regulamento di que son as organizacións as que teñen que ter a súa responsabilidade á hora de xestionar o impacto ambiental que xeran coas súas actividades. Este regulamento foi modificado ao longo dos anos, no ano 1993, no 2001, no 2009, no 2017 e a última hai tan só un ano, no ano 2018.

No documento de referencia sectorial que se manexa desde a modificación do ano pasado inclúese un específico dirixido ás administracións, á propia Administración. Neles contéñense as mellores prácticas da xestión medioambiental, contéñense os indicadores de comportamento medioambiental e os parámetros comparativos de excelencia e sistemas de cualificación dos diferentes niveis de comportamento medioambiental.

As auditorías ambientais realízanse para controlar o desgaste e o uso que o propio tecido empresarial exerce sobre o noso medio natural e intentan reducir o dano que se está a xerar coas actividades produtivas, logrando a maior eficiencia enerxética posible.



¿Que facer? As empresas, industrias, organizacións, administracións que cumpren a normativa de protección do medio e a prevención de actividades contaminantes fano a través dunha norma, da norma ISO 14001, que recolle os estándares mínimos que deben cumprir as empresas e teñen uns obxectivos fixados en función da avaliación do impacto das súas actividades no medio ambiente.

As auditorías son: a avaliación da efectividade das medidas que a empresa adopta para a preservación do noso medio, incidindo nos ámbitos nos que é posible mellorar e propondo as medidas correctoras. Estas auditorías recollen a información sobre o funcionamento da empresa que permite o control, que permite a planificación e a corrección das actividades que comprometen o medio ambiente e que permite ir innovando, o que aforra custos ás empresas e organizacións que contan con este sistema de xestión e con este sistema de auditoría ambiental.

É necesario, pois, realizar unha auditoría climática para saber o grao de cumprimento da normativa medioambiental, no seu caso, propor as medidas correctoras necesarias no ámbito de toda a Administración pública galega e saber se se cumpre, efectivamente, a normativa relativa ao sistema de xestión ambiental, e auditorías medioambientais, así como os documentos de referencia sectoriais aprobados que entraron en vigor en maio deste ano.

Un dos principais retos do Goberno galego ten que ser desenvolver unha política económica que promova un desenvolvemento harmonioso, equilibrado, sostíbel, no que a protección do medio sexa un pilar imprescindible. A política ambiental en Galiza ten que ser desenvolvida —ou tería que ser desenvolvida— pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e ten que promover un alto nivel de protección e mellora da calidade do medio ambiente galego: xestión integral da auga, prevención e xestión dos residuos, conservación da natureza e a biodiversidade, prevención e control integrado da contaminación, loita contra o cambio climático, mellora da calidade do aire, rehabilitación de solos contaminados e degradados, prevención de riscos ambientais, impulso da innovación tecnolóxica ambiental, mellora das súas políticas de educación e sensibilización ambiental. E, ademais, a política do Goberno galego tiña que tratar de integrar os aspectos ambientais nas diferentes políticas sectoriais para a progresiva consecución dun desenvolvemento sostíbel.

O Goberno galego aínda non o fixo, aínda non está a aplicar esta norma que se aprobou en maio do 2019 coa súa última corrección. E por todo isto o que pedimos a esta Cámara é instar a Xunta de Galiza a realizar auditorías ambientais en toda a Administración pública galega, en todos os organismos autónomos e entes públicos, así como organismos adscritos, e a verificar o grao de cumprimento dese regulamento do 2009, coas súas posteriores modificacións, sobre o documento de referencia sectorial...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...sobre as mellores prácticas de xestión ambiental e os parámetros comparativos de excelencia para o sector da Administración.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor David.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

É certo, explicou ben o voceiro do Grupo Mixto que é unha auditoría ambiental e cal é o seu obxectivo principal.

Realmente, o que di o Regulamento 1221/2009, que logo foi modificado, e a Decisión 2019/61, completa, é que a auditoría se dirixe ás compañías, ás empresas, sobre todo ás grandes empresas, para avaliar ou determinar o grao de cumprimento da normativa ambiental, sexa nacional ou supranacional. E ten un fin, ten un obxectivo, e é, precisamente, reducir os danos que estas grandes empresas ou que estas empresas poden xerar sobre o medio ambiente, analizar a realidade e decidir sobre esa análise que facer, como subsanar esas prácticas danosas para o medio ambiente. Estas auditorías ambientais actúan basicamente sobre construcións, actividades industriais, minimización de residuos, consumo de bens básicos de primeira necesidade e outro tipo de actividades, e todas teñen relación co medio ambiente. É certo que son iniciativas que serven para afrontar —sobre todo dende o punto de vista da análise e logo de chegar a un obxectivo para evitar danos ou minimizar danos— a crise climática e, polo tanto, teñen que ser benvidas.

Dito isto, por un lado, está o regulamento, que é unha norma que obriga a todos os estados da Unión Europea, pero que especificamente o que fai é solicitar ás administracións que potencien este sistema de xestión e de auditoría medioambiental que se chama EMAS —é unha abreviatura—, e, ademais, por outro, está a decisión, que é unha norma comunitaria que non obriga os países a quen vai dirixida. En todo caso, este regulamento pide potenciar as prácticas de participación voluntaria para todas as organizacións e empresas co fin de mellorar a súa actividade medioambiental e o seu impacto medioambiental. Incluso hai un rexistro, e as organizacións que se queiran beneficiar do selo EMAS deben inscribirse nese rexistro, e con ese selo esas empresas dan a entender de maneira transparente e dan a coñecer aos usuarios basicamente desas empresas que teñen a intención, o obxectivo, de protexer o medio ambiente.

Nós cremos que é certo, que a Administración galega —todas as administracións, non só a Administración da Xunta, tamén as administracións municipais, as administracións locais— debería poñer en marcha este sistema EMAS. Pero, polos custos que podería implicar facer unha auditoría en cada un dos organismos autónomos, en cada un dos entes públicos, en cada unha das consellerías, cremos que ao mellor sería máis axeitado facelo de maneira gradual, non todo de golpe, que é o que aparentemente pide a iniciativa, e facelo, ademais, nuns mínimos ámbitos, que son precisamente eses dos que falamos na nosa emenda, por iso rexistramos esta emenda.

A Xunta debe verificar, e cremos que debe ser antes de que remate esta lexislatura, porque, como falabamos antes, na última intervención sobre crise climática, o cambio climático



avanza, aínda que nós non fagamos nada, e non podemos seguir deixando que pase o tempo sen facer nada. A Xunta debería verificar o grao de cumprimento desta normativa comunitaria, poñendo en marcha —pero nós cremos que de maneira gradual— este sistema de xestión e auditoría medioambiental en catro ámbitos mínimos, que cremos que son básicos: a eficiencia enerxética nos seus propios edificios, nos edificios públicos —ocórrense as cubertas verdes que se están a promover, por exemplo, no concello de París, que é unha cousa moi sinxela—; tamén, aínda que non lles guste, ou non lles guste moito, aos deputados e deputadas do Partido Popular, medidas para reducir a contaminación luminosa; a contaminación acústica tamén; a mellora do tratamento de calquera clase de residuos, que imos excesivamente mal; a mellora e a mobilidade sustentable, promovendo, por exemplo, o transporte eléctrico para aqueles membros do Goberno ou persoas de alto standing no Goberno que utilizan coche oficial, por exemplo; e mellores prácticas de xestión ambiental na subministración da auga..., non na subministración, pero si no uso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—remato xa—, como, por exemplo, se fixo ou se está a facer no propio Parlamento de Galicia.

Agardamos poder chegar a un acordo na nosa emenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, boas tardes, señorías.

Señora Vilán, escoiteille a intervención e ía bastante ben, compartiamos moito do que vostede estaba a dicir, pero engadiu aí unha cousa ao final que non entendín moi ben. Decía que a nós non nos gustaba loitar contra a contaminación lumínica. ¿Dixo iso? (*Murmurios.*) Ou sexa, que vostede, que ten aí sentado o sobriño do señor Caballero, que é o maior contaminador lumínico de Galicia, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) veña dicir que a nós non nos gusta loitar contra a contaminación lumínica, cando menos déixame pasmado; cando menos déixanme pasmado as súas afirmacións. Pero ben, se incluso nunha cousa na que podemos estar de acordo, vostede ten que introducir ese tipo de coletillas para que non sexa posible o acordo, alá vostede e a súa forma de facer parlamentarismo.

O EMAS, señorías, é o sistema comunitario de xestión medioambiental. Está regulado polo Regulamento 1221/2009, que se atopa á disposición das organizacións públicas e privadas que de forma voluntaria desexen avaliar e mellorar o seu rendemento medioambiental. O órgano competente para a adhesión de centros produtivos de calquera sector ao sistema comunitario de xestión e auditoría medioambiental é a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia.



Como indica o propio regulamento do EMAS, este debe ser un medio para que as organizacións poidan xestionar os impactos e melloren o seu comportamento ambiental xeral. O obxectivo do EMAS é promover a mellora continua no comportamento ambiental das organizacións mediante o establecemento da aplicación de sistemas de xestión ambiental, avaliación sistémica, obxectiva e periódica do funcionamento de tales sistemas, a difusión de información sobre o comportamento ambiental, o diálogo aberto co público e outras partes interesadas e a participación activa do persoal nas organizacións, así como unha formación adecuada.

Algúns termos relevantes incluídos no Regulamento EMAS son os que se refiren, por exemplo, ao sistema de xestión ambiental, que é a parte do sistema de xestión que inclúe a estrutura organizativa, a planificación de actividades, as responsabilidades, as prácticas, os procedementos e os procesos e recursos para desenvolver, aplicar e manter a política ambiental e tamén xestionala, e todo aquilo que se refire aos aspectos medioambientais.

O termo de [...] (*Inintelixible.*) tamén é moi importante dentro do Regulamento do EMAS, igual que o de organización, así como o comportamento ambiental, que son os resultados medibles mediante unha xestión por parte dunha organización con respecto aos aspectos medioambientais que a preocupan.

Sobre a Decisión 2009/61 da Comisión, do 19 de decembro do 2018, relativa ao documento de referencia sectorial sobre as mellores prácticas de xestión ambiental, os indicadores sectoriais de comportamento ambiental e os parámetros comparativos de excelencia para o sector da Administración pública, no marco do Regulamento 1221/2009, esta inclúe a recomendación de que as organizacións adheridas ou en proceso de adhesión ao sistema teñan en conta as recomendacións e mellores prácticas recollidas nos documentos de referencia sectorial. Hai que ter en conta que a Xunta de Galicia é coñecedora deste sistema comunitario de xestión e auditoría medioambiental regulado polo Regulamento 1221/2009 e da súa relevancia para garantir e mellorar o comportamento ambiental de todas as administracións públicas de Galicia, e ademais como exercicio de transparencia, que non é pouco. Proba disto é que a Xunta de Galicia inclúe información sobre o número de empresas rexistradas neste sistema para avaliar a implantación da Axenda 2030 na comunidade autónoma, máis especificamente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, que está a desenvolver unha diagnose ambiental dos 18 obxectivos de desenvolvemento sustentable en Galicia.

Un dos indicadores que se debe utilizar sería o 12.6.1, número que fai referencia ao número de empresas rexistradas no sistema de xestión ambiental, o EMAS. O dato para o ano 2007 é de 329, o que se traduce nun aumento do 16 % nos últimos cinco anos. É importante resaltar sobre isto que a implantación dun sistema de xestión ambiental é un proceso longo e continuo que inclúe unha serie de pasos e aspectos ben definidos no regulamento, incluíndo unha avaliación sistemática, documentada, periódica e obxectiva do rendemento ambiental da organización, do sistema de xestión, dos procedementos dirixidos á protección do ambiente e unha verificación definida como proceso de avaliación da conformidade realizado por un verificador ambiental para demostrar se a análise ambiental, a política ambiental, o sistema de xestión ambiental e a auditoría ambiental interna dunha organización e a súa aplicación se axustan aos requisitos deste regulamento.



Por todo iso, señorías, o noso grupo propón o texto alternativo á iniciativa —co que pensamos que se pode acadar un acordo e que reflicte un pouco o que se dixo aquí por parte de todos—, que di da seguinte forma:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir na súa política de xestión ambiental, a Decisión 2019/61 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, relativa ao documento de referencia...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...sectorial sobre as mellores prácticas de xestión ambiental, os indicadores sectoriais de comportamento ambiental e os parámetros e comparativas de excelencia para o sector da Administración pública no marco do Regulamento número 1221/2009, relativo á participación voluntaria das organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditorías ambientais, EMAS.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señor Trenor.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Chegados a este punto, vemos tal nivel de consenso que sentimos discrepar, porque, efectivamente, nesta cuestión soa ben a letra, soa ben a música, pero hai aquí cuestións que rechían un pouco e que nos fan desconfiar, cando menos. Porque este regulamento propón unha participación voluntaria das organizacións nun sistema comunitario de xestión-auditoría ambiental que se fai a través de auditorías ambientais que realizan empresas autorizadas. E, claro, isto lévanos a unha filosofía dun certo buenismo e voluntarismo que nós non compartimos, porque, se realmente hai que ter este compromiso ambiental, debería facerse mediante normas de obrigado cumprimento, porque se trata de coidar o medio e de buscar un compromiso das organizacións, das institucións e das empresas no respecto deses criterios ambientais. ¿Por que ese voluntarismo?

Pois aquí detrás o que hai é unha mercantilización ambiental, o negocio florecente deste capitalismo verde, deste capitalismo sustentábel e da exitosa tamén responsabilidade social corporativa das empresas que crean este concepto tamén do capitalismo inclusivo, da cosmética verde. Como dixeron varios responsábeis destas organizacións, está claro cal é o obxectivo do investimento no verde e na auditoría ambiental. Dixo claramente o director de Comunicación de Mapfre, a respecto da responsabilidade social corporativa, que ten tamén este lado do compromiso ambiental, que ten a súa raíz nese propósito cosmético que sempre nos acompaña nas empresas. E díxoo aínda máis claro o responsable tamén de Reputación Corporativa de Telefónica: «Se non somos capaces de vincular a responsabilidade social e ambiental á fidelización de clientes, á maximización dos ingresos e á redución dos custos, creo que non seremos unha figura central nin nuclear na xestión das compañías». Está claro a que responde; responde a unha intención de branquear estas empresas, que se caracterizan por prácticas agresivas, depredadoras e de destrución do medio, tanto aquí como tamén



noutros países nos que operan aínda con menos controis, porque alí nin sequera hai EMAS. E, claro, así temos que son beneficiarios destes recoñecementos empresas, por exemplo, como Endesa ou como Ence. Ence recibiu o Selo de Ouro no 2015 por levar quince anos co recoñecemento EMAS. Disto estamos a falar.

E se imos ao rexistro das empresas que ten a Dirección Xeral de Cambio Climático e Avaliación Ambiental —de medio cambio climático—, pois resulta que aquí vemos —hai moitas empresas aquí rexistradas— que están Alcampo, a central térmica de Meirama —a esta hai que dala de baixa xa—, a central térmica de Sabón, o Centro de Residuos Industriais das Somozas —do que habería moito que falar en canto á auditoría ambiental—, Ence, Elnosa —tamén hai que dala de baixa porque a pechou, seica, o Concello de Pontevedra, o BNG—, (*Murmurios.*) Endesa-As Pontes —tamén ten o certificado EMAS e está neste rexistro, ¡fíxense vostedes!—, Ferroatlántica... O Parlamento de Galicia —que agora nos puxo esas botellas para reducir o plástico— creo que ten un compromiso, pero ten moito que facer aínda, eu creo, para recibir o EMAS. Ao mellor, é que lle queda... Tamén Portos de Galicia, Unión Fenosa ou nada máis e nada menos que unha empresa como Xiloga, que pertence a un auténtico pirata ambiental, como é o grupo Toysal, que ten un selo que se chama Xiloga, que actúa nas Somozas e que acaba de ser denunciado e investigado polo Seprona por un vertido de lixiviados das súas balsas. Este grupo é o responsable de encher os montes de gran parte da provincia da Coruña de vertidos de tecnosos. E é a mesma empresa que está, con esa operación especulativa, enchendo a canteira de Casalonga con máis de 9 millóns de toneladas de residuos de construción e demolición que se deberían reciclar e recuperar. (*Aplausos.*) Diso estamos a falar cando falamos de empresas que teñen este selo de calidade verde e que presumen diso. Polo tanto, moito coidado co que significan estas operacións de camuflaxe, porque aquí cremos que hai unha auténtica fraude de lei ao darlle unha auténtica patente de curso a empresas piratas e depredadoras do medio ambiente.

Polo tanto, aínda que soe ben a letra e a música, non nos soa ben a partitura, e menos a orquestra que ten que executala. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Común da Esquerda ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidenta.

No noso grupo concordamos bastante coa visión que acaba de expoñer o señor Bará, e ímonos abster porque temos bastantes dúbidas deste tipo de medidas. Pero si que concordamos coa necesidade de facer avaliacións ambientais serias que poñan control e vixilancia sobre as agresións que se están facendo ao medio, porque para poder combater as distintas agresións medioambientais precisamos coñecer cales son esas afeccións. E, neste caso, a Xunta de Galicia ten unha asignatura na que non é que teña un suspenso, é que ten un auténtico moi deficiente en todo o que ten que ver coa vixilancia e o control das agresións das distintas empresas e dos distintos tipos de actividades ao noso medio. E non sabemos se é porque non sabe ou porque non quere, pero, sexa como sexa, a Xunta non cumpre, e así estase con-



taminando auga, terra e aire, día si e día tamén, no noso territorio, sen que exista ningún tipo de consecuencia para estes agresores medioambientais. Porque en Galicia quen contamina non paga co Goberno do Partido Popular. En Galicia, co Goberno do Partido Popular, quen contamina fórrase a custa de todos e de todas nós e a custa de depredar o noso medio. Son moitísimos os exemplos. Isto non é como os discursos verdes do Partido Popular, que quedan nos discursos pero non se concretan en feitos. Aquí temos un montón de feitos que así o demostran, temos moitísimos exemplos.

Podemos recordar cal é a situación das balsas do monte Neme —esas balsas contaminadas de cor azul turquesa que a Xunta de Galicia utilizou para promocionar Galicia nun exercicio extremo de honestidade—, porque, evidentemente, ese é o modelo de Galicia que nos aporta e que fomenta o Partido Popular. Son un exemplo das políticas do Partido Popular do espolio do país, onde dan cartos públicos dos seus amiguets para que depreden o noso territorio, collan a pasta e corran deixando atrás... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio.

(*Murmurios.*)

O señor CAL OGANDO: É un exemplo das políticas do Partido Popular de espolio ao país... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio. (*Murmurios.*)

Estamos rematando o pleno.

O señor CAL OGANDO: ...onde dan cartos públicos aos seus amigos para que depreden o noso territorio, collan a pasta e corran. (*Murmurios.*) Neste caso concreto...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Perdoe, señor Cal.

Perdoe un segundo. (*Murmurios.*)

Por favor, estamos rematando o pleno. (*Murmurios.*) Saben cal é o Regulamento do Parlamento. Se teñen algo que trasladar, poden solicitar posteriormente a palabra. (*Protestas.*)

Garden silencio, que estamos rematando o pleno. (*Protestas.*)

Silencio, por favor. Non quero chamar á orde a ningún deputado. (*Murmurios.*)

Continúe, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidenta.

Neste caso —e por iso fago esta afirmación—, a Xunta de Galicia outorgou 500.000 euros de subvención a Leitosa, S.A., propiedade de Juan Cotino, implicado na Gürtel e sobriño do



ex-presidente da Comunidade Valenciana, para que fixera negocio extraendo áridos para finalmente marchar e deixar as balsas contaminadas... (*Protestas.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): ¡Por favor! (*Protestas.*)

Se o prefiren, suspendemos o pleno. (*Protestas.*) (*Os señores Sánchez García e Puy Fraga pronuncian palabras que non se perciben.*)

¡Señor Sánchez, por favor! ¡Señor Puy!

(*Murmurios.*)

¡Por favor! (*Murmurios.*) ¡Silencio!

¡Señor Puy! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Garden silencio todos os deputados e deputadas. Se queren, paralizamos o pleno e quedamos aquí ata as oito da tarde. (*Murmurios.*)

Deixen continuar a quen está no uso da palabra.

Continúe, señor Cal.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio, señor Vega!

O señor CAL OGANDO: Eu entendo que non queiran que fale porque é verdadeiramente doloroso isto.

A Xunta de Galicia outorgou 500.000 euros de subvención a Leitosa, S.A., propiedade de Juan Cotino, implicado na Gürtel e sobriño do ex-presidente da Comunidade Valenciana, para que fixera negocio extraendo áridos e finalmente marchara e deixara as balsas contaminadas que están ameazando a ría de Noia. Esa é a realidade. (*Murmurios.*) Ese é un caso real. (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Isto que dixen é mentira? (*Murmurios.*) ¿O que dixen é mentira? (*Murmurios.*) ¿Non hai unha subvención a Leitosa... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Señor Cal, non dialogue.

Silencio, por favor.

O señor CAL OGANDO: ...para extraer áridos e non é certo que finalmente deixou as balsas contaminadas? (*Murmurios.*) ¿Non é real isto? (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Bueno! É a realidade, entendo que lles doa. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Señor Cal, continúe.



O señor CAL OGANDO: Vostedes din que quen contamina paga, e é unha broma de mal gusto, porque a realidade é que quen contamina en Galicia se fai millonario, porque, vendo estes casos, danse subvencións públicas para que se faga negocio e despois déixanse atrás as afectacións medioambientais. Esta é a realidade. E podemos falar do caso da mina de Touro coa balsa de Bama, podemos falar do caso de Casalonga, podemos falar do caso de Miramontes, de Sobrado dos Monxes, de Sogama... Podemos falar do Plan sectorial eólico, podemos falar do Plan forestal... Pasa constantemente. Galicia é un territorio de sacrificio para que algúns poidan facer negocio. *(Murmurios.)* É o negocio dos amiguetes. Son as políticas do *far west*, da falta de orde, de rigor e de control. Entendo que se poñan vostedes moi nerviosos porque hoxe se pon en marcha un goberno progresista *(Murmurios.)* no Estado que vai estar do lado da xente e da defensa do medio que vostedes saben que é a antelasa de que en Galicia haxa... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio.

O señor CAL OGANDO: ...un goberno progresista tamén.

E vaian collendo vostedes as maletas porque en Galicia van pasar tamén á oposición, *(Murmurios.)* porque en Galicia tamén se pode. ¡Claro que podemos! *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Cal.

Eu pregaría aos deputados e deputadas que mantiveran un pouco de respecto a quen está no uso da palabra. *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Por favor!, está falando a presidenta do Parlamento. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

(O señor Vega Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Vega, ten unha chamada á orde.

Imos continuar coa orde do día e imos rematar o pleno tranquilamente.

Ten a palabra, polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidenta.

(Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): ¿Podemos rematar o pleno, por favor? *(Murmurios.)*

Grazas. *(Murmurios.)*

Continúe, señor Rodríguez, ou comece.



O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidenta.

Moi brevemente.

Señor Bará, en ningún momento esta proposición non de lei foi feita con vontade nin mercantilista nin de capitalismo verde. Nós non creo que sexamos os máis sospeitosos de querer traficar co planeta.

É verdade que coñecemos entidades das que nomeou vostede que teñen ese premio, pero tamén coñecemos outras moi recoñecidas, de prestixio mundial, que tamén o teñen. Entón, se cadra, o que temos é que intentar mudar esa lexislación —como vostede ben dixo— para que ese premio se lle outorgue a quen se lle ten que dar.

E no referente á emenda do PSOE, imos aceptarlle, mellora a nosa emenda e fixa os obxectivos claros a desenrolar. A do PP, a ver..., o de instar a Xunta de Galicia a seguir cunha política de xestión ambiental que pensamos que é nefasta —e ademais díxoo o señor Cal— non o podemos aceptar; estamos falando de Cerceda, estamos falando das Pontes, estamos falando da comarca da Limia ou estamos falando da mina de Touro. (*Murmurios.*) Iso de instar a Xunta a seguir, a seguir, a seguir..., co corta e pega, pois non. Se vostedes aceptan a emenda do Partido Socialista —unha emenda que nos parece, ademais, axeitada—, pois ben. Do resto, se vostedes veñen falar de seguir a facer o mesmo dano, pois non o imos aceptar.


Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señor Rodríguez Estévez.

Non habendo máis asuntos que tratar, suspéndese a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e tres minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

